



**Fiscalía
Superior**

**Comunidade
Autónoma
de Galicia**



**Memoria
2015**

ÍNDICE XERAL SUMARIO

CAPÍTULO I: INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS..... 12

SECCIÓN 1: RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL).....	15
SECCIÓN 2: INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS	19
SECCIÓN 3: ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA	24
SECCIÓN 4: SEDE E INSTALACIÓN.....	30
SECCIÓN 5: MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	31
SECCIÓN 6: INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS	34
SECCIÓN 7: EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS.....	37
SECCIÓN 8: ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MF NA COMUNIDADE AUTÓNOMA	48

CAPÍTULO II: ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA..... 60

SECCIÓN 1. ÁREA DE PENAL	63
SECCIÓN 2. ÁREA DE CIVIL.....	189
SECCIÓN 3. ÁREA DE CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO.....	201
SECCIÓN 4. ÁREA DE SOCIAL	206
SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	210
5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO	210
5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL.....	229
5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	242
5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA.....	270
5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA	283
5.6. ÁREA DE MENORES.....	308
5.7. ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA.....	333
5.8. ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	353

CAPÍTULO III: TEMAS ESPECÍFICOS DE OBRIGADO TRATAMENTO 372

SECCIÓN ÚNICA. DELITOS LEVES: CONSECUCENCIAS PROCESUAIS E INCIDENCIAS NA ACTIVIDADE DO MF. ESPECIAL REFERENCIA AO PRINCIPIO DE OPORTUNIDADE.....	375
--	-----

CAPÍTULO IV: PROPOSTAS DE REFORMA LEXISLATIVA 386

ÍNDICE XERAL SISTEMÁTICO

PRESENTACIÓN	8
CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS.....	12
SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL).....	15
SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS	19
SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA	24
3.1. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO.....	24
3.2. XUNTAS DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....	29
SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓN.....	30
SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	31
SECCIÓN 6. INSTRUCIÓN XERAIS E CONSULTAS	34
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS	37
7.1. ORGANIGRAMA TERRITORIAL DO MF EN GALICIA.....	37
7.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MF EN GALICIA.....	38
7.3. ORGANIGRAMA DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA.....	44
SECCIÓN 8. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MF NA COMUNIDADE AUTÓNOMA	48
8.1. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA	48
8.1.1. INSTRUCIÓN XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	48
8.1.2. XUNTAS REALIZADAS CON FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA.....	48
8.1.3. REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	49
8.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓN ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS A CENTROS PENITENCIARIOS.....	50
8.1.5. RELACIÓN COA POLICÍA XUDICIAL	51
8.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA.....	52
8.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COAS INSTITUCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	52

8.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS	54
8.2.3. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES	57

CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS..... 60

SECCIÓN 1. ÁREA PENAL..... 63

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS	66
1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS.....	66
1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	76
1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS.....	79
1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL.....	95
1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES	102
1.1.6. XUÍZOS.....	103
1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS	104
1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)	113
1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)	118
1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS).....	119
1.2.1.1. Resumo dos delitos.....	119
1.2.1.2. Exame dos delitos incoados (asociados a incoación procedemental)	119
1.2.1.3. Exame dos delitos cualificados (asociados a cualificación fiscal).....	123
1.2.1.4. Exame dos delitos sentenciados (asociados a sentenza).	127
1.2.2. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	131
1.2.3. ESPECIAL REFERENCIA A ALGÚNS GRUPOS DELITUOSOS	133
1.2.3.1. Delitos contra a vida (homicidio).....	133
1.2.3.2. Delitos contra a integridade física (lesiões)	139
1.2.3.3. Delitos de torturas e outros delitos contra a integridade moral cometidos por autoridade e funcionario público.....	143
1.2.3.4. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais	147
1.2.3.5. Delitos de violencia familiar (doméstica e de xénero).....	152
1.2.3.6. Delitos contra as relacións familiares	153
1.2.3.7. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica	157
1.2.3.8. Delitos contra a Administración Pública	166
1.2.3.9. Delitos contra a Administración de Xustiza	172
1.2.3.10. Delitos relacionados coa corrupción	179

SECCIÓN 2. ÁREA CIVIL	189
2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	189
2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	198
SECCIÓN 3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....	201
3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	201
3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	202
SECCIÓN 4. ÁREA SOCIAL	206
4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	206
4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	207
SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	210
5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO	210
5.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA (VD).....	211
5.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO (VX).....	214
5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL (SL)	229
5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU).....	242
5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA (ESTR)	270
5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA (SV).....	283
5.6. ÁREA DE MENORES (MEN)	308
5.7. ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA (DINF).....	333
5.8. ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA (VP).....	353
CAPÍTULO III. TEMAS ESPECÍFICOS DE OBRIGADO TRATAMENTO	372
SECCIÓN 1 (ÚNICA). DELITOS LEVES, CONSECUCIAS PROCESUAIS E INCIDENCIA NA ACTIVIDADE DO MF. ESPECIAL REFERENCIA AO PRINCIPIO DE OPORTUNIDADE.....	375
CAPÍTULO IV. PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS	386
SECCIÓN (ÚNICA): PROPOSTA DE REFORMA LEXISLATIVA DOS ARTIGOS 588 QUATER B) E 588 QUINQUES B) DA LACRIM	389
ANEXO: ABREVIATURAS MÁIS FRECUENTEMENTE CITADAS.....	392
NOTAS	399



PRESENTACIÓN

A Memoria da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia relativa a 2015, conforme prevé o artigo 11 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, responde á necesidade formal de os fiscais superiores elaboraren unha descrición pormenorizada sobre a actividade das fiscalías do seu ámbito territorial, que elevarán ao fiscal xeral do Estado con remisión de copia ao Goberno, ao Consello de Xustiza e á Asemblea Lexislativa da Comunidade. Asemade, á necesidade material de explicitar a actuación do MF en Galicia, fundamentalmente a evolución da criminalidade, a prevención do delito, os datos estatísticos dispoñibles, as reformas, e as observacións que for mester para unha maior eficacia da Xustiza; ao que cabe engadir o irrenunciable compromiso de transparencia e diálogo cos cidadáns e con todas as institucións da Comunidade.

O pasado ano 2015 representou o punto de partida para os retos que se enxergan para os próximos anos: a modernización organizativa e tecnolóxica. A primeira culminou co proceso de implantación e optimización da Nova Oficina Fiscal, punto angular para a maior eficacia e operatividade no traballo das fiscalías e a súa relación cos cidadáns. A segunda, a outra peza mestra, persegue a dixitalización de toda a xestión procesual externa e interna a través do plan que sitúa o seu final en 2020. Un ambicioso desafío tecnolóxico compartido con toda a Administración de Xustiza, para lograr, entre outras cousas, o “papel cero” e que as imaxes de carpetas e expedientes amoreados pasen a formar parte dunha etapa felizmente superada.

A Memoria describe a operatividade das fiscalías galegas, que se concreta en: atender con imparcialidade e rigor todos os procesos en que os fiscais deben estar presentes; verificar a concentración de medios e esforzos na loita contra a corrupción; a cada vez máis habitual xestión de causas complexas con inxentes volumes de documentación; os mecanismos de mediación, xustiza restaurativa e os seus necesarios protocolos asinados durante o ano; a delincuencia relacionada cos incendios forestais e delitos medioambientais; a violencia contra a muller; os menores; vixilancia penitenciaria; seguridade viaria; estranxeiría; sinistralidade laboral; vítimas e persoas desvalidas e máis vulnerables (entre outros temas dignos de mención).

Traduce o labor realizado pola propia Fiscalía da Comunidade Autónoma, as fiscalías territoriais (provinciais e de área), os 172 fiscais de Galicia e os seus equipos nas oficinas fiscais, enmarcado en tempos de importantes mudanzas estruturais e de grande actividade lexislativa.

As deficiencias tantas veces detectadas sobre a lentitude e a falta de seguridade xurídica encontran na Memoria as súas causas habituais. Como en anos anteriores, compróbase un descenso da criminalidade e vólvese constatar tamén a necesidade de canalizar, fundamentalmente o procedemento penal, cara a novas maneiras e fórmulas de xestión con especial e relevante protagonismo do MF e xenerosas concesións ao principio de oportunidade. A globalización económica e social debe levar aparellada unha globalización xurídica, aínda afastada, onde o recurso á arbitrase, a mediación e as fórmulas de consenso coadruen cos mecanismos ordinarios de resolución de conflitos a un funcionamento do sistema nacional de xustiza eficiente e eficaz, con marxes racionais de seguridade xurídica, certeza e previsibilidade.

Este documento enmárcase dentro da obriga estatutaria do MF de lle ofrecer á sociedade unha información obxectiva, clara, transparente e veraz dos procesos xudiciais en que concorra interese informativo. Facilitar información, ben sexa porque esta é requirida polos medios de comunicación ou ben porque desde a Fiscalía se considera que debe ser coñecida polos cidadáns, é algo consubstancial á dimensión pública do traballo do fiscal. Este labor é un compromiso ineludible da Fiscalía da Comunidade Autónoma, do Fiscal Superior e, por extensión, das fiscalías territoriais

e de todos os fiscais de Galicia, coa mellora constante das canles de comunicación internas e externas.

Por último, o feito de que se albisquen novos mecanismos de prevención delituosa das persoas xurídicas, apuntados na reforma da Lei orgánica 1/2015, o compliance e as súas consecuencias xurídicas, xunto coas reformas procesuais abordadas durante o ano, nomeadamente a revisión de causas emprendida para respectar os novos prazos de instrución penal, e a implantación das novas ferramentas tecnolóxicas, como Fortuny, LExNet, a sinatura electrónica, o visor e xestor documental, os mecanismos de audio e gravación de imaxe..., todo iso trasládanos aos primeiros pasos do camiño inexorable cara a novas formas de actuación na Administración de Xustiza, retos abordables con intelixencia, esforzo e ilusión e para os cales a carreira fiscal se encontra altamente preparada.

O fiscal superior de Galicia

A Coruña, 8 abril de 2016





CAPÍTULO 1

INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS

SUMARIO DO CAPÍTULO

SECCIÓN 1 RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL)

SECCIÓN 2 INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS

SECCIÓN 3 ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

SECCIÓN 4 SEDES E INSTALACIÓN

SECCIÓN 5 MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

SECCIÓN 6 INSTRUCIÓN XERAIS E CONSULTAS

SECCIÓN 7 EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

SECCIÓN 8 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MF NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL)

Na cúspide da organización do MF (en diante, MF) en Galicia encóntrase a Fiscalía da Comunidade Autónoma (Fiscalía da CA de Galicia ou Fiscalía autonómica), constituída en data 21.01.2008 (RD 1754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, capital xudicial de Galicia, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a todo o territorio de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX, coas excepcións legais (art. 21.2. da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do MF —EOMF— e demais disposicións concordantes).

1.1. CADRO DE FISCAIS NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Conforme o Real decreto (RD) 1754/2007, o equipo orgánico desta Fiscalía autonómica estaba integrado, a día 31.12.2015, por un total de catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe, denominado fiscal superior da CA de Galicia (fiscal superior de Galicia), con categoría equiparada á de presidente do TSX; un tenente fiscal, denominado tenente fiscal da Fiscalía da CA de Galicia; e dous fiscais da categoría 2ª.

- Fiscal superior: Excmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez
- Tenente fiscal: Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez
- Fiscais:
 - Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo
 - Ilmo. Sr. Carlos Varela García

O cadro orgánico anterior permanece invariable tras o RD 62/2015, do 6 de febreiro (BOE núm. 46, data 23.02.2015), polo que se amplía o cadro orgánico do MF para o adecuar ás necesidades existentes (RD 62/2015).

1.2. PERSOAL DE SECRETARÍA. NOVA OFICINA FISCAL (NOF)

1.2.1. O PROXECTO DA NOF EN GALICIA

Xeneralidades e fase inicial (2009-2013)

A Nova Oficina Fiscal (NOF) de Galicia, entendida como organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade do MF, áchase inmersa actualmente no seu proceso de implantación. O Proxecto NOF en Galicia supón, sen dúbida, unha reforma integral da estrutura organizativo-funcional das fiscalías, con especial apoio na aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación, TIC (Fiscalía electrónica ou e-Fiscalía).

En canto á estrutura organizativa e principios organizativo-funcionais da NOF de Galicia, remitímonos ao xa exposto na memoria do ano anterior.

Fase inicial (anos 2009-2013)

En novembro de 2009 iniciouse o proceso de deseño, creación, organización e implantación da Nova Oficina Xudicial (NOX) e da NOF en Galicia, a través da Comisión Autónoma para a Implantación da NOX, con participación nesta da Fiscalía autonómica (Decreto 427/2009, do 19 de novembro, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia (CPAPX), actualmente integrada na Vicepresidencia do propio Goberno autonómico. Importantes foron tamén as achegas da Fiscalía de Galicia ao proxecto NOF no marco da Comisión Mixta de Coordinación entre o MF e a Xunta de Galicia (XdG).

En xullo do ano 2013 o Proxecto da NOF en Galicia foi elaborado pola Administración autónoma galega, concretamente pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (VCPAPX), coa colaboración da Fiscalía de Galicia. Para iso baseouse no modelo de referencia estatal aprobado o 26.10.2011 polo MXU, a FXE e as CCAA.

Fase de impulso en 2014

Tras a xuntanza da Comisión Mixta de Coordinación entre o MF e a XdG (CMC), que tivo lugar o día 29.04.2014, púxose en marcha o proceso de implantación da NOF nas fiscalías de Galicia. O primeiro paso constituíuno a aprobación do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da Oficina Fiscal en Galicia e a Unidade de Apoio á Fiscalía Superior (Decreto 124/2014), ditado polo departamento autonómico competente en materia de Xustiza, a VCPAPX (DOG núm. 186, do día 30.09.2014).

Fases do proceso de implantación e posta en funcionamento (2014 a 2016)

Xunto con este decreto, a XdG elaborou o documento sobre a NOF en Galicia no que se explicaban as seguintes fases do seu desenvolvemento:

- 1) *Publicación do decreto de determinación da estrutura e organización da NOF* (o citado Decreto 124/2014).
- 2) *Información ao persoal integrante das oficinas fiscais de Galicia* (realizada no último trimestre de 2014, con traslado do decreto e do documento sobre o “Novo Modelo”).
- 3) *Aprobación das relacións de postos de traballo* (RPT’s) das oficinas fiscais de Galicia. Foron aprobadas pola Resolución do día 26.03.2015 ditada pola Dirección Xeral de Xustiza da XG, en diante DXX (DOG e BOE do día 17.04.2015), posteriormente modificada pola Resolución ditada polo mesmo departamento autonómico con data do 12.11.2015 (DOG 25.11.2015).
- 4) *Adxudicación definitiva de postos singularizados das oficinas fiscais de Galicia*. RPT’s. Mediante resolución da DXX do día 19.11.2015 resolveuse o concurso específico de méritos para a provisión deses postos (DOG e BOE do día 25.11.2015), que fora convocado por resolución do 13.07.2015. Tales postos singularizados foron once: oito de coordinación (un na Fiscalía autonómica, catro en cada unha das fiscalías provinciais e tres nas fiscalías de área de Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo), así como tres de responsables de estatística, rexistro e calidade (na Fiscalía autonómica e nas fiscalías provinciais da Coruña e Pontevedra).
- 5) *Acoplamento do persoal funcionario dos equipos das oficinas fiscais de Galicia e implantación da NOF en Galicia*. Acordouse por resolución do 29.02.2016, ditada pola DXX, conforme á cal na Fiscalía autonómica e na Fiscalía Provincial da Coruña a entrada en funcionamento da NOF produciuse o día 07.03.2015, mentres que nas restantes estaba prevista para o día 01.04.2016 (fiscalías provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo).
- 6) *Referencia final a formación*. Con carácter previo á mencionada posta en funcionamento da NOF de Galicia, a Administración autonómica galega impartiu formación aos postos singularizados (febreiro de 2016), así como formación ao conxunto do funcionariado (marzo de 2016). Cabe dicir que, aínda recoñecendo o esforzo da Administración autonómica, a formación non pareceu suficiente e só se pode entender como un primeiro punto de contacto, que esixirá un desenvolvemento posterior constante, co esforzo de todos e a dotación de medios axeitados.

1.2.2. SITUACIÓN ACTUAL DO PERSOAL COLABORADOR E DA UNIDADE DE APOIO NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

A día 31.12.2015 o equipo do persoal colaborador desta Fiscalía autonómica estaba composto por cinco persoas do funcionariado ao servizo da Administración de Xustiza:

- Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXP), interina de reforzo. A partir do día 15.06.2014 estivo en situación de baixa por maternidade, con baixa previa por enfermidade. O día 07.10.2014 foi nomeado e tomou posesión outro funcionario interino do mesmo corpo, que cesou o 31.01.2015 tras a reincorporación da primeira o día 23.01.2015.
- Tres pesonas funcionarias titulares de corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA).
- Unha funcionaria titular do corpo de auxilio xudicial (CAX).

A día 08.03.2016, tras o proceso de acoplamento e a posta en funcionamento da NOF na Fiscalía autonómica, o equipo do persoal colaborador está integrado por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas coa condición de titulares:

- Unha funcionaria do CXP, Pilar Rubido Pérez, que asume o posto singularizado de coordinación da NOF.
- Tres persoas funcionarias do CTPA: M^a Mar Caruncho Vázquez, Eva Sánchez Fandiño e Emilio Castro Bolaño. Este último ocupa o posto singularizado de responsable de estatística, rexistro e calidade da Fiscalía (responsable de ERC).
- Unha funcionaria de CAX, Marta Pociña Piñeiro.

En canto á Unidade de Apoio ao Fiscal Superior de Galicia, está integrada, ademais de pola referida coordinadora e o responsable de ERC, por outros dous postos singularizados:

- *Unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia*, posto creado pola Xunta de Galicia no ano 2008 (resolución do 31.12.2008 da Consellería de Xustiza, DOG 13.01.2009). A devandita praza está incluída nas RPT's da actual VCPAPX. Ata principios de novembro de 2015, o posto estivera desempeñado, de forma provisional, pola funcionaria interina do CXP. Desde a súa toma de posesión o día 03.11.2015, este posto singularizado está ocupado, en comisión de servizo, pola funcionaria xudicial do CTPA María Jesús Fernández Villar.

- *Un responsable do Servizo ou Gabinete de Prensa.* Trátase doutro posto singularizado, creado en 2008, que está incluído nas RPT's da Administración autonómica. Actualmente, e desde a súa toma de posesión o día 01.09.2015, o posto está desempeñado por Francisco José Delgado Trigo, como xefe de Gabinete e de Prensa, despois de cesar nesa mesma data o anterior responsable do servizo, Enrique de Ron Mosquera.

SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS

2.1. MODIFICACIÓN DO EQUIPO DE FISCAIS DA FISCALÍA AUTONÓMICA

Durante o pasado ano 2015 produciuse unha modificación salientable no equipo orgánico de fiscais en canto ao posto de fiscal superior da Comunidade Autónoma Galicia.

Esgotado o segundo mandato de don Carlos Varela García, publicouse a correspondente convocatoria pola Orde JUS/2208/2014, do 19 de novembro (BOE do 27.11.2014), á cal concorreron catro aspirantes. Logo do preceptivo informe do Consello Fiscal (art. 14.4.c do EOMF), por proposta do Ministro de Xustiza e vista a formulada pola FXE, tras deliberación do Consello de Ministros, mediante RD 149/2015, do 6 de marzo (BOE do 07.03.2015), foi nomeado como novo fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia don Fernando Suanzes Pérez. A súa toma de posesión realizouse o día 27.03.2015 en acto solemne celebrado no Pazo de Xustiza da Coruña, sede do TSX de Galicia, e contou coa asistencia persoal da fiscalía xeral do Estado, Excm. Sra. Consuelo Madrigal Martínez-Pereda.

Pola súa banda, don Carlos Varela García, tras o seu cesamento como fiscal superior de Galicia, quedou adscrito provisionalmente como fiscal desta Fiscalía autonómica. Finalmente, por medio do RD 692/2015, do 17 de xullo (BOE 18.07.2015), adxudicóuselle praza de fiscal (segunda categoría) nesta Fiscalía, á que fora adscrito tras ser relevado do seu cargo anterior. Tomou posesión deste novo posto de fiscal o día 20.07.2015.

2.2. AMPLIACIÓN DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA

A Inspección Fiscal da FXE remitiu a esta Fiscalía autonómica un oficio con data do 16.11.2015 no que se solicitaba auxilio para a elaboración dunha motivada e actualizada proposta de ampliación do persoal do MF. Tras solicitar os oportunos informes ás fiscalías territoriais de Galicia, esta Fiscalía autonómica remitiu ao referido órgano inspector un informe-proposta global para a ampliación do cadro de persoal en Galicia, acompañado dos informes-proposta particulares das fiscalías territoriais (provinciais e de área). Nese informe-proposta fíxose un estudo pormenorizado das necesidades de persoal dividido por provincias, con especial referencia aos criterios utilizados para valorar as propostas de ampliación.

No propio documento recolleuse un cadro similar ao que segue, no que de forma sintetizada se mostran os datos particulares de cada fiscalía territorial e os criterios utilizados de forma homoxénea:

RESUMO DE INFORME-PROPOSTA PARA AMPLIACIÓN DE PERSOAL DO MF EN GALICIA (INFORME 26.11.2015)				
FISCALÍA TERRITORIAL	REFORZOS EXISTENTES	XUÍCES ADSCRICIÓN TERRITORIAL (XAT)	RATIO FISCAL/ CUALIFICACIÓN (ANO 2014)	PETICIÓN AMPLIACIÓN FISCAIS
FISCALÍA DA CA DE GALICIA				Non se solicitou ampliación
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	0	9	84	2
FISCALÍA ÁREA DE SANTIAGO	1	7	113	1
FISCALÍA ÁREA DE FERROL	0	0	Non consta	0
TOTAL FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA				3
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO (SECCIÓNS TERRITORIAIS DE MONDOŊEDO E MONFORTE DE LEMOS)	1	2	10.5 (Ratio calculada para mes outubro)	1
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE (SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN)	0	2	132.4	1
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS)	0	Non consta	245	1
FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO	1	5	58	3
TOTAL FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA				4
TOTAL FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA				9

En conclusión, a petición final para a CA de Galicia concretouse nunha proposta de ampliación do equipo de 9 fiscais (un con carácter de coordinador), sendo considerados como máis urxentes os solicitados pola Fiscalía de Área de Santiago de Compostela e pola Fiscalía Provincial de Lugo.

2.3. MENCIÓN ESPECIAL A CAMBIOS EN XEFATURAS DE FISCALÍAS PROVINCIAIS DE LUGO E DE OURENSE. FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO EN SINISTRALIDADE LABORAL

Particular menção merecen, finalmente, os cambios nos postos de xefatura experimentados nas fiscalías provinciais da Coruña, Lugo e Ourense.

Fiscalía provincial da Coruña

Desde o día 20.12.2015 encóntrase en situación de baixa por enfermidade o fiscal xefe don Javier Rey Ozores, polo que desde entón vén desempeñando a xefatura provincial en funcións a tenente fiscal dona M^a Consolación Paineira Vázquez.

Fiscalía provincial de Lugo

Tras o falecemento, acaecido o día 25.11.2014, do fiscal xefe don Juan José Begué Lezaun, veu desempeñando a xefatura en funcións o tenente fiscal don Jesús Álvarez González. Por medio do RD 831/2015, do 11 de setembro (BOE 12.09.2015) foi nomeado novo fiscal xefe provincial don Roberto Brezmes Caramanza (fiscal destinado na propia Fiscalía Provincial), quen tomou posesión o día 01.10.2015.

Fiscalía provincial de Ourense

Polo RD 155/2015, do 6 de marzo (BOE do 07.03.2015) foi nomeado fiscal xefe provincial, para un novo mandato, quen xa o viña sendo, don Florentino Delgado Ayuso.

Fiscal delegado autonómico en sinistralidade laboral

O día 30.12.2015, o fiscal superior de Galicia, ao abeiro do disposto no apartado 12.4 da Circular 1/2015 da FXE, do 13 de xullo, sobre algunhas cuestións en relación coas funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados, e demais disposicións normativas aplicables, remitiu á Inspección Fiscal de FXE un oficio no que propoñía o nomeamento de don Luis Anguita Juega como fiscal delegado autonómico na área especializada de Sinistralidade Laboral (era e é delegado provincial na Fiscalía Provincial da Coruña).

Mediante Decreto do día 29.01.2016, ditado pola referida Inspección Fiscal no seu expediente gubernativo 42/2016), acordouse o nomeamento proposto.

2.4. REFORZOS. PROPOSTAS DE REFORZO POR NECESIDADES DERIVADAS DO NOVO ARTIGO 324 DA LACRIM

Consideracións preliminares

A reforma da LACrim operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro (publicada no BOE do 6 de outubro e con entrada en vigor aos dous meses da súa publicación), contén unha serie de medidas para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.

Entre elas, “deseña un modelo de control da duración da instrución que reforza o protagonismo do MF nesta fase procesual, esixindo deste un papel proactivo tanto na supervisión da actividade instrutora como no seu impulso”, tema do que se ocupou a Circular 5/2015 da FXE do 13 de novembro, sobre os prazos máximos da fase de instrución, co propósito de indicar prescricións que permitan adoptar un criterio uniforme na interpretación do novo artigo 324 da LACrim.

Como indica a propia circular, “o modelo que introduce fixa un prazo xeral de 6 meses que se eleva a 18 cando a instrución sexa declarada complexa. O sistema de prórrogas é aplicable exclusivamente ás instrucións complexas, de forma que poden prorrogarse por un prazo de ata 18 meses. Ademais, en ambos os dous tipos de causas (ordinarias e complexas) é posible fixar un novo prazo máximo para a finalización da instrución, cuxa duración non se especifica”.

O novo artigo 324 da LACrim, en definitiva, deseña un novo modelo de prazos da instrución que esixe o establecemento pola Fiscalía duns mecanismos de control dos procedementos máis minuciosos que os existentes na actualidade (conclusión 1ª da circular).

Propostas de reforzo para as fiscalías territoriais de Galicia

Previamente á referida Circular 5/2015, o día 04.11.2015 tivo lugar unha reunión da Xunta de Fiscais Superiores de CCAA, baixo a presidencia da fiscal xeral do Estado. Ante ese evento, a petición da FXE por medio de oficio do 03.11.2015, esta Fiscalía autonómica remitiu á Unidade de Apoio da propia FXE un cadro-resumo de todas as propostas das fiscalías territoriais de Galicia, incluída a elaborada por esta Fiscalía autonómica. Posteriormente, o día 10.11.2015, remitiuse á mesma unidade da FXE un novo e actualizado cadro-resumo de todas as propostas de necesidades de fiscais e funcionariado de reforzo derivadas da aplicación do novo artigo 324 da LACrim, á vista dalgunhas actualizacións das propostas iniciais dalgunhas fiscalías territoriais. De acordo con este último documento, a proposta final de reforzos de fiscais e funcionariado concretouse nas cifras totais de 16 fiscais e 17 funcionarios, como se detalla no seguinte cadro-resumo.

RESUMO DE INFORME-PROPOSTA
FISCAIS E FUNCIONARIADO DE REFORZO SOLICITADOS
DERIVADAS DE APLICACIÓN DO NOVO ARTIGO 324 DA LACRIM, TRAS A SÚA REFORMA
POLA LEI 41/2015
(INFORME DATA 10.11.2015)

FISCALÍA TERRITORIAL	FISCAIS REFORZO	FUNCIONARIADO REFORZO	DETALLE / OBSERVACIÓNS
FISCALÍA DA CA DE GALICIA	0	0	Considérase que debe haber unha especial dedicación en tarefas de rexistro, control e dación de conta en todo o funcionariado da Fiscalía; particularmente por parte do encargado de estatística, rexistro e calidade, baixo a dirección e instrucións do fiscal xefe respectivo.
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA (CON FISCALÍAS DE ÁREA DE SANTIAGO E FERROL)	4	4	- 4 fiscais de reforzo, con duración indefinida, mínima de seis meses, a partir da entrada en vigor da Lei 41/2015, e coa seguinte distribución: 2 para a Fiscalía Provincial, 1 para a Fiscalía de Área de Santiago e 1 para a Fiscalía de Área de Ferrol. - 4 funcionarios de reforzo (corpo de tramitación), con igual distribución que os fiscais.
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO (CON SECCIÓNS TERRITORIAIS DE MONDOÑEDO E MONFORTE DE LEMOS)	3	3	- 3 fiscais de reforzo, durante o primeiro período semestral desde a entrada en vigor da Lei 41/2015. - 3 funcionarios de reforzo (corpo de tramitación), de forma paralela aos fiscais
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE (CON SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN)	1	2	- 1 fiscal de reforzo, durante un prazo aproximado de 10 meses, para realizar tarefas de revisión e control dos prazos legais de instrución e eventual solicitude de prórroga. Explicación: preténdese que haxa un fiscal titular con dedicación exclusiva á tarefa durante ese prazo; con nomeamento dun fiscal substituto para aquel titular mentres asuma esas funcións con dedicación exclusiva. - 2 funcionarios de reforzo (corpo de tramitación). Explicación: prestarían auxilio ao fiscal dedicado en exclusiva ás tarefas de revisión e control.
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CON FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO E SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS)	8	8	- 8 fiscais de reforzo, coa seguinte distribución: 3 para a sede da Fiscalía Provincial (onde agora hai 22); 4 para a Fiscalía de Área de Vigo (dotada actualmente con 27); e 1 para a Sección Territorial de Cambados (dotada agora con 6 fiscais). - 8 funcionarios (corpo de tramitación), coa mesma distribución que a correlativa de fiscais.
TOTAL FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA	16	17	

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

3.1. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO

A distribución de traballo durante o ano 2015 foi a que se indica a seguir, conforme a normativa vixente e o acordado concretamente nas reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica (realizadas os días 6 de abril, 29 de setembro e 15 de decembro de 2015). A continuación faise referencia á distribución de traballo vixente a finais de 2015, que, con lixeiras modificacións, foi a vixente desde a toma de posesión do Sr. Suanzes Pérez como novo fiscal superior (27.03.2015). Distinguimos entre unha descrición xeral desa distribución do traballo e unha descrición particular de cada un dos catro fiscais do cadro de persoal.

3.1.1. DESCRICIÓN XERAL

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (1): ASUNTOS EN XERAL				
Aprobado na reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia do día 06.04.2015, con aplicación desde o día 27.03.2015				
ASUNTOS	SR. SUANZES	SR. PIÑOL	SR. MARISCAL	SR. VARELA
ASUNTOS XUDICIAIS E OUTROS	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CIVIL E PENAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA SOCIAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
OBSERVACIÓNS	Os ASUNTOS REMATADOS EN 0 (CERO) correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social repartiranse, segundo o número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela, sen prexuízo dos asuntos que, se for o caso, quixer reservar para si o fiscal superior.			
	TRATÁNDOSE DE SUMARIOS véñse levando unha quenda especial independente e distinta da quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas).			
	SUPOSTOS DE ENTRADA DE VARIOS ASUNTOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS SUCEPTIBLES DE SEREN ACUMULADOS NUN SÓ PROCESO. En tales casos, segundo o acordado na reunión da Xunta de Fiscais realizada o 29.09.2015, "por tratarse de pretensións que se deducen en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán tramitadas polo fiscal a quen por quenda lle corresponda o primeiro, mesmo cando a Sala os rexistrase como procedementos distintos".			

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (2): ESPECIALIDADES	
Aprobada na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais da CA de Galicia realizada o día 06.04.2015, con aplicación desde o 27.03.2015. Na posterior reunión da Xunta realizada o 29.09.2015 esta distribución por áreas especializadas axustouse ao disposto na conclusión 12.2 da Instrución 1/2015 da FXE, do 13.07.2015, sobre cuestións relativas a funcións dos Fiscais de Sala Coordinadores e os Fiscais de Sala Delegados da FXE. Desta forma, a distribución de traballo por especialidades resulta ser a seguinte:	
ESPECIALIDADES	FISCAL ENCARGADO
SEGURIDADE VIARIA ESTRANXEIRÍA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO VIXILANCIA PENITENCIARIA DELINCUENCIA INFORMÁTICA CONSUMIDORES E USUARIOS VIDEOVIXILANCIA	SR. PIÑOL
MENORES SOCIAL PROTECCIÓN DE VÍTIMAS SINISTRALIDADE LABORAL	SR. MARISCAL
VIOLENCIA SOBRE A MULLER MEDIO AMBIENTE E INCENDIOS CIVIL DELITOS ECONÓMICOS ADEMAIS, O SR. VARELA É O FISCAL RESPONSABLE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MF (SIMF), segundo o acordado na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais do día 06.04.2015	SR. VARELA

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (3): ASISTENCIA A XUÍZOS E VISTAS DO TSX

Segundo o acordado na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais realizada o día 06.04.2015, a asistencia a xuízos, vistas, sinaturas e incidencias repartiríase seguindo unha quenda rotatoria mensual entre os fiscais destinados nesta Fiscalía, con exclusión do fiscal superior e conforme ao seguinte cadro:

MES	FISCAL	MES	FISCAL
ABRIL 2015	SR. PIÑOL RGUEZ.	SETEMBRO 2015	SR. MARISCAL DE GANTE
MAIO 2015	SR. VARELA GARCÍA	OUTUBRO 2015	SR. PIÑOL RGUEZ.
XUÑO 2015	SR. MARISCAL DE GANTE	NOVEMBRO 2015	SR. VARELA GARCÍA
XULLO 2015	SR. VARELA GARCÍA	DECEMBRO 2015	SR. MARISCAL DE GANTE
AGOSTO 2015	SR. PIÑOL RGUEZ.		

Posteriormente, na reunión ordinaria da Xunta realizada o 15.12.2015 estableceuse unha nova distribución do traballo para asistencia a xuízos e vistas orais do TSX, á vista das novas competencias atribuídas á súa Sala do Civil e do Penal. Así, quedou establecida unha nova quenda semestral, cun réxime de suplencias, no que participan os catro fiscais do equipo, incluído o propio fiscal superior. A quenda para o primeiro semestre de 2016 quedou fixada do seguinte xeito:

MES	FISCAL	SUPLENTE
XANEIRO 2016	SR. SUANZES PÉREZ	SR. PIÑOL RODRÍGUEZ
FEBREIRO 2016	SR. PIÑOL RGUEZ.	
MARZO 2016	SR. VARELA GARCÍA	
ABRIL 2016	SR. MARISCAL DE GANTE	
MAIO 2016	SR. SUANZES PÉREZ	SR. VARELA GARCÍA
XUÑO 2016	SR. PIÑOL RODRÍGUEZ	

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (4): NORMAS ESPECIAIS DE REPARTICIÓN

Segundo o acordado na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais realizada o día 25.04.2014 e nos posteriores acordos internos, rexen as seguinte normas especiais de repartición relativas a cuestións como: repartición de procedementos contra aforados (ámbito penal ou civil); repartición de asuntos en casos de abstención dun fiscal; repartición de asuntos en caso de ausencia dun fiscal por vacacións, enfermidade ou baixa prolongada; criterio xeral de repartición de asistencia a xuízos penais (o fiscal que cualificou o asunto); nova repartición en caso de suspensións de comparecencias ou vistas en asuntos contencioso-administrativos, laborais ou doutra natureza; repartición en caso de denuncias ou dilixencias de investigación referidas a unha mesma persoa; criterio residual de repartición de non ser posible a repartición segundo as regras anteriores (por sorteo).

Tamén segundo o acordado na reunión da Xunta que tivo lugar o día 25.04.2014, estableceuse como criterio a presentación de recurso de súplica polo fiscal contra as resolucións da Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia que acorden a transformación de dilixencias previas en sumario cando corresponda seguir o trámite do procedemento abreviado por aplicación do artigo 757 da LACrim.

Conforme o acordado na reunión da Xunta do día 29.09.2015, estableceuse un novo criterio especial de repartición cando teñan entrada na Fiscalía varios asuntos contencioso-adminis-

trativos susceptibles de seren acumulados nun só proceso (pretensións deducidas en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación). En tal suposto, eses varios asuntos serán tramitados polo fiscal a quen lle corresponda por repartición o asunto ingresado primeiro.

3.1.2. DESCRICIÓN PARTICULAR POR FISCAIS

Fiscal superior (don Fernando Suanzes Pérez)

- a) Dirección, coordinación e representación xeral da Fiscalía da CA de Galicia, baixo a dependencia do fiscal xeral do Estado (art. 22.5 do EOMF e concordantes). Para tal fin, asumirá a presidencia das reunións da Xunta de Fiscais da dita Fiscalía (art. 24.4 do EOMF) e ditará ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos fiscais que lle estean subordinados (art. 25 do EOMF). Así mesmo, exercerá a facultade disciplinaria nos termos previstos no EOMF e no seu regulamento (art. 22.5.c do EOMF).
- b) Xefatura do MF no territorio da CA de Galicia, sen prexuízo das atribucións do fiscal xeral do Estado (art. 22.4 do EOMF e concordantes).
- c) Representación institucional do MF e interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e da CA de Galicia en particular (art. 11 e 22.4 do EOMF e concordantes). Comparecencias e colaboración coa Asemblea Lexislativa autonómica galega.
- d) Elaboración da memoria anual sobre a actividade das fiscalías territoriais de Galicia (art. 11.2 EOMF).
- e) Dilixencias de investigación penal (DIP) rematadas en 0.
- f) Outras áreas. Sen prexuízo da distribución de traballo entre os fiscais do equipo orgánico desta Fiscalía, o fiscal superior de Galicia ten atribuídos aqueles asuntos que, de ser o caso, quixer reservar para si. Ademais, participa na quenda preestablecida de todos os fiscais para a asistencia a xuízos e vistas do TSX.

Tenente fiscal (don José Ramón Piñol Rodríguez)

- a) Substitución do fiscal superior en caso de ausencia, vacante ou imposibilidade (art. 22.6 do EOMF).
- b) Portavocía da Fiscalía, conforme ao previsto na Circular da FXE núm. 3/2005.
- c) Tramitación de dilixencias de Fiscalía. Dilixencias de investigación penal (DIP) e dilixencias informativas (DIF) acabadas nos números 1, 4 e 7 (en 0, segundo o número anterior).

d) Áreas especializadas adxudicadas: protección de consumidores e usuarios, contencioso-administrativo, delitos electorais, delitos informáticos, estranxeiría, delincuencia económica e videovixilancia.

e) Asuntos xudiciais e outros:

- Asuntos das distintas salas do TSX de Galicia (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) acabados nos números 1, 4 e 7 (en 0, segundo o número anterior). Todos os números, se se trata de asuntos electorais.
- Conforme o acordado na xunta ordinaria de fiscais desta Fiscalía do día 16.04.2013, é o fiscal encargado de coordinar o despacho dos incidentes de nulidade previstos no art. 241 da LOPX.
- Acompañar o fiscal superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (alternando a vez con outro fiscal, ademais do fiscal secretario).

Fiscal don Carlos Mariscal de Gante Castillo

a) Fiscal delegado desta Fiscalía autonómica en materia de xurisdición social (acordo da reunión do día 06.04.2015 da Xunta de Fiscais).

b) Tramitación de dilixencias de fiscalía. Tramitar DIP e DIF acabadas nas cifras 3, 6 e 9 (en 0, segundo o número anterior).

c) Áreas especializadas adxudicadas: xurisdición social ou laboral, menores, protección das vítimas e incapacidades.

d) Asuntos xudiciais e outros:

- Asuntos das distintas salas do TSXG (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) rematados nos números 3, 6 e 9 (en 0, segundo o número anterior).
- Acompañar o fiscal superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (alternando a vez con outro fiscal, ademais do fiscal secretario).

Fiscal don Carlos Varela García

a) Funcións de fiscal secretario e de fiscal responsable do Sistema de Información do MF, SIMF (acordo da reunión do día 06.04.2015 da Xunta de Fiscais).

b) Tramitación de dilixencias de fiscalía. Tramitar DIP e DIF terminadas nos números 2, 5 e 8 (0, segundo o número anterior).

c) Áreas especializadas adxudicadas, ademais de fiscal SIMF: vixilancia penitenciaria, cooperación xurídica internacional e violencia de xénero.

d) Asuntos xudiciais e outros:

- Asuntos das distintas salas do TSX de Galicia (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) rematados nos números 2, 5 e 8 (en 0, segundo o número anterior).
- Acompañar, como fiscal secretario, ao fiscal superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (xunto cun terceiro fiscal, por quenda).

3.2. XUNTAS DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

De acordo co art. 24 do EOMF e demais normativa complementaria, durante o pasado ano 2015 tiveron lugar tres reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, cuxas convocatorias e actas se remitiron oportunamente á FXE. Foron as seguintes:

- *Reunión ordinaria do 06.04.2015.* A orde do día resúmese nos seguintes asuntos: 1) aprobación da acta de reunión anterior; 2) nova distribución do traballo; 3) calendario de inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais de Galicia para o primeiro semestre do 2015; 4) plan de vacacións dos fiscais; 5) nomeamento do novo fiscal delegado desta Fiscalía en materia de xurisdición social e do novo fiscal responsable do SIMF; 6) novo sistema de recepción de notificacións de resolucións da Sala do Social do TSX; e 7) rolda de intervencións.

- *Reunión ordinaria de 29.09.2015.* Relación sumaria dos asuntos tratados: 1) aprobación da acta de reunión anterior; 2) designación de fiscais encargados das especialidades desta Fiscalía, conforme a Instrución 1/2015 da FXE; 3) distribución do traballo; 4) calendario de inspeccións ordinarias das Fiscalías territoriais de Galicia para o segundo semestre do 2015; e 5) rolda de intervencións.

- *Reunión ordinaria do 15.12.2015.* Relación sumaria dos asuntos tratados: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) calendario de inspeccións ordinarias de fiscalías territoriais de Galicia para o ano 2016; 3) nova distribución do traballo (novas competencias da Sala do Civil e do Penal do TSX); 4) aplicación da circular relativa ao art. 324 da LACrim (Circular 5/2015 da FXE); 5) posta en funcionamento de Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV) na CA e nas fiscalías provinciais de Galicia; 6) petición da valedora do pobo para nomear un ou varios fiscais de enlace en materia de familia; 7) información de creación da NOF e das aplicacións informáticas; e 8) rolda de intervencións.

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS

4.1. SEDE E DEPENDENCIAS

Como xa se dicía en memorias de anos anteriores, a Fiscalía autonómica de Galicia ten a súa sede no Pazo de Xustiza da cidade da Coruña —sede tamén do TSX de Galicia—, onde ocupa un espazo propio na primeira planta.

Desde o ano anterior á constitución desta fiscalía en 2008 veuse demandando da XG —mesmo co apoio da FXE— un novo edificio emblemático, situado nas inmediacións do referido Pazo de Xustiza e con espazo abondo para albergar todas as dependencias necesarias.

4.2. OUTROS MEDIOS MATERIAIS

As dependencias desta fiscalía están dotadas pola Administración competente (XdG) dos medios materiais xerais precisos: mobiliario axeitado para fiscais e persoal colaborador e equipamento idóneo (ordenadores, impresoras, fax, dispositivo multifunción —con funcións de impresora, fax e escáner—, encadernadora, destrutora de papel etc.). Todos os fiscais están provistos de ordenador e impresora, así como de servizo telemático de videoconferencia.

Ultimamente dotouse ao fiscal superior dun segundo monitor para o seu equipo informático, o mesmo que á súa secretaria persoal, para quen se solicitou á Administración autonómica un completo equipo informático con impresora, así como un teléfono dixital de sobremesa. Está previsto que ao longo do ano 2016 se provea aos demais fiscais e ao funcionariado (especialmente aos postos singularizados de coordinación e responsable de ERC) de equipos informáticos dotados con dobre monitor, co obxecto de que funcione adecuadamente o novo sistema de *visor documental*.

SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

5.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS. DESENVOLVEMENTO DO MODELO DE E-FISCALÍA

Aínda que actualmente tende a falarse de *Administración dixital*, a *Administración electrónica* (*e-Administración*, *e-A*) supón basicamente a aplicación das TIC na actividade administrativa de cara á mellora da calidade organizativo-funcional e a accesibilidade dos servizos públicos para a cidadanía e as empresas.

A transposición do concepto de e-Administración ao ámbito da Administración de Xustiza (AdX), e en particular do MF, derivou nos modelos *organizativos tecnolóxicos de Xustiza electrónica ou dixital (e-Xustiza)* e *Fiscalía electrónica ou dixital (e-Fiscalía)*, que supoñen a utilización estratéxica das TIC no proceso de modernización da estruturación organizativo-funcional, co fin de mellorar a produtividade, a calidade, a eficacia e a eficiencia do servizo prestado e a accesibilidade á cidadanía destinataria deste.

O marco normativo común estatal da e-Administración en España está constituído pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAECSP) e as disposicións que a desenvolven e complementan. Polo que se refire ao ámbito específico da e-Xustiza, o principal referente normativo constitúeo a LUTICAX, a Lei 18/2011, do 5 de xullo, norma básica especializada en materia de utilización das TIC na AdX e, de forma equivalente, ao MF (disposición adicional 9ª). En canto á e-Fiscalía, segue a ser aínda fundamental o RDSIMF, o RD 93/2006, do 3 de febreiro, que regula o Sistema de Información do MF (SIMF), que creou unha “organización tecnolóxica TIC” ao servizo do MF, integrada por tres piares básicos: SIMF, RICEMF, CENICEM, completada posteriormente (2010) pola Rede de Responsables SIMF¹.

No ámbito autonómico galego cómpre ter en conta o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, ditado pola CPAPX, polo que se regula o desenvolvemento da e-Administración na XdG e nas demais entidades dependentes (DOG núm. 241, do 17.12.2010), a partir do marco establecido pola referida lei estatal.

O desenvolvemento da e-Fiscalía deriva actualmente de dous proxectos destacados e interrelacionados:

- a) A finalización do proceso de implantación do modelo da NOF (do que xa se falou), tanto no ámbito do MXU como no das CCAA con competencias transferidas en materia de xustiza;
- b) A implantación do expediente electrónico, en desenvolvemento das previsións contidas na mencionada Lei estatal 18/2011, conectado co impulso dado, desde principios do ano 2016, co sistema de comunicacións electrónicas, entre os órganos xudiciais e

as fiscalías e outros operadores xurídicos, a través do sistema Lexnet (RD 1065/2015, de 27 de novembro, e disposicións complementarias).

Reitérase neste apartado todo o xa exposto en memorias de anos anteriores (como a Memoria 2013 —exercicio 2012— desta Fiscalía, especialmente o relacionado con propostas de mellora feitas en materia de informatización (Fortuny, Rede SIMF...), a maioría das cales poden considerarse, con algunhas matizacións, vixentes.

5.2. PLANS E PROXECTOS DA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE TIC NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Ideas xerais. II Plan TIC na AdJ de Galicia (Plan Senda 2020)

O Plan de Acción 2012-2014 do MXU elaborara unha estratexia de modernización tecnolóxica da AdX. No ano 2009 a XdG aprobara a Axenda Dixital de Galicia 2014, que ten sucesión agora na nova Axenda Dixital de Galicia 2020, documento clave da estratexia tecnolóxica do Goberno autonómico galego, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia a través da integración das TIC en todos os ámbitos da sociedade. Un dos instrumentos daquela Axenda Dixital foi o primeiro plan de sistemas TIC da AdX en Galicia (Plan Senda 2014), conforme as liñas marcadas na Lei estatal 18/2011 e na propia normativa TIC da Administración autonómica.

Recentemente, a finais de marzo de 2016, a Xunta de Galicia aprobou o Plan de Acción 2016 da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), que desenvolve os obxectivos contidos na Axenda Dixital 2020. Un dos elementos clave é o segundo plan de sistemas TIC da AdX en Galicia (Plan Senda 2020), cuxo obxectivo estratéxico é a implantación do Expediente Xudicial Electrónico (EXE). Para iso está previsto que neste mesmo ano 2016 se poñan en marcha tres pezas clave do EXE:

- *Sede xudicial electrónica (SXE)*. Será a canle única para todas as actuacións, como a presentación telemática de escritos, a validación de documentos, o taboleiro de edictos, as notificacións electrónicas, as poxas xudiciais ou o acceso seguro aos expedientes dos procesos xudiciais en que se é parte.
- *Visor do EXE*. Permitirá a consulta dos expedientes desde dispositivos electrónicos.
- *Sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción*. Posibilitará a localización de calquera expediente en papel en calquera sede xudicial, así como a identificación e xestión dos bens incautados nun procedemento xudicial.

Convenio para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das TIC na AdX (2013-2015)

Este convenio foi subscrito o día 26.04.2013 polo MXU, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Vicepresidencia e CPAPX da XdG, a AMTEGA e a Entidade Pública Red.es. O seu obxectivo principal é centrarse na “execución de proxectos para o desenvolvemento e implantación do expediente xudicial electrónico e o desenvolvemento de servizos dixitais na AdX de Galicia, e que contribúan á construción colaborativa dun novo sistema de xestión procesual”. Este convenio alíñase cos xa mencionados plans estatais e autonómico de modernización da AdX. Os seus obxectivos fundamentais xa foron expostos e comentados na memoria do pasado ano: a) o EXE; b) a e-Administración.

5.3. SITUACIÓN DA APLICACIÓN DE XESTIÓN PROCESUAL FORTUNY IMPLANTADA NA FISCALÍA DE GALICIA

Esta ferramenta é elemento esencial do SIMF; e, se ben a súa titularidade corresponde ao XMU, a XdG ten o seu uso cedido para os efectos de implantación e utilización polas fiscalías territoriais de Galicia (convenio subscrito o 29.11.2006 entre o MXU, a FXE e a CPAPX da XdG).

Fortuny vén funcionando nas fiscalías territoriais de Galicia desde xuño de 2006 (antiga Fiscalía do TSX e fiscalías provinciais). Polo que se refire á Fiscalía autonómica (creada en xaneiro de 2008), o módulo correspondente de Fortuny non se empezou a implantar ata xaneiro do 2011 (versión 4.40), se ben ata xuño de 2014 estivo sen o módulo de civil, implantado entón.

Durante todo este período de tempo, desde o ano 2006, fóronse implementando novas versións de Fortuny nas fiscalías territoriais de Galicia. A última versión foi a 6.5.1, que empezou a funcionar en todas as fiscalías territoriais de Galicia, incluída a autonómica, o día 23.02.2016.

Aínda que pouco a pouco se van notando algunhas melloras nas sucesivas versións desta aplicación, o traballo de rexistro, consulta e estatística segue a ter dificultades con Fortuny. Puntualmente, ou de forma periódica, séguense remitindo incidencias e informes para dar conta das vicisitudes e colaborar coa mellora do sistema.

Coa versión de Fortuny instalada ao longo do 2015 notáronse nas fiscalías deficiencias importantes como certa inadaptación ás reformas penais e procesuais aprobadas no dito ano. Así, non se puideron rexistrar xuízos por delitos leves e, porén, tales datos non puideron ser rexistrados na estatística.

No recente Plan de Acción Tecnolóxico 2016 da Secretaría Xeral da Administración de Xustiza para o MF (29.03.2016) faise referencia a cuestións que pretenden acometer unha verdadeira modernización tecnolóxica da Fiscalía. Polo que se refire a Fortuny anúnciase unha versión 6.6 (actualmente en curso), que supoñerá a adaptación a reformas legislativas xa vixentes. De

maior interese parece mesmo a futura versión de Fortuny, 7.0, que supoñerá a integración de Fortuny e Lexnet, aspecto cuxa ausencia está a causar moitas complicacións na xestión das comunicacións electrónicas. Semella lóxico afirmar que, mentres Lexnet non estea integrado en Fortuny, non se debería pretender a súa implantación completa e efectiva.

SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS

O pasado ano 2015 ditouse unha única instrución xeral, dirixida aos fiscais xefes das fiscalías territoriais de Galicia. Trátase da Instrución 1/2015, de data 21 de xullo, sobre as actuacións en materia de incendios forestais.

A referida instrución ten a súa razón de ser en que para esta Fiscalía da CA de Galicia é “unha prioridade inexorable abordar, resaltar e poñer ao día unha ordenada actuación ante o curso do verán e a realidade dos incendios forestais que asolan de xeito case endémico a xeografía galega”. Co fin de conseguir unha maior eficacia na actuación dos fiscais nesta materia, tanto no plano preventivo como no represivo, a instrución realiza unha serie de consideracións e remata coas seguintes **conclusiones**:

Primeira. En todas as fiscalías provinciais, o fiscal delegado de medio ambiente é o fiscal encargado especificamente de coordinar a actuación do Ministerio Público en relación cos incendios forestais, de canalizar a comunicación cos órganos administrativos e as unidades policiais competentes e de centralizar a información policial e xudicial sobre esta materia específica, no seu ámbito provincial.

Segunda. Os Sres. e Sras. fiscais procurarán que as investigacións policiais e xudiciais se executen con exhaustividade, vixiando especialmente a reunión e preparación axeitada do material probatorio para o acto do xuízo oral. Procurarán a asistencia ou promoverán eles mesmos as comparecencias para decidir a posibilidade de decretar a prisión cautelar.

Concretamente, en materia probatoria:

- Declaración de testemuñas

Cabe solicitar a declaración das testemuñas no xulgado de garda e de xeito anticipado á declaración do imputado. A intención será sempre situar de xeito claro a situación de cada un dos intervenientes, testemuñas e detido en relación co suceso, e corroborar toda a proba periférica.

A intermediación é necesaria cando se trata de describir por exemplo a actitude do detido ao ser descuberto, e o que fai antes e despois de ser sorprendido.

Sensibilizar os corpos policiais sobre a posibilidade de aplicar a Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais, que está plenamente vixente; abondará argumentar a natureza da acción delituosa investigada para fundamentar o risco que a lei prevé.

Solicitar, para os supostos en que de maneira cautelar se adopte a medida de prisión para os imputados, a continuación da investigación policial, pois logo de ocorrido o feito a sensibilidade cidadá é máis acentuada, e ademais se se coñece a situación persoal do suposto autor, isto nalgúns ocasións facilita conseguir testemuños sabendo que o imputado non está en liberdade.

- Declaración do imputado

Asegurarse da posibilidade dunha avaliación forense, ante o alto índice de internamentos derivados dos delitos de incendios, e a necesidade de establecer con todos os datos dispoñibles un sucinto diagnóstico de perigosidade para valorar a oportunidade de solicitar a prisión provisional.

Indagar sobre a súa forma de vida, as súas relacións familiares e as súas alteracións da conduta, na busca dos datos antes citados sobre a perigosidade do suxeito e, xa que logo, sobre a perigosidade ou posibilidade de reiteración delituosa.

Afondar no interrogatorio do imputado para conseguir aqueles datos periféricos dos que teñan informado as testemuñas, para encontrar contradicións neles, sobre todo no traxecto e na situación de testemuñas ou terceiros intervinientes.

- Sobre o feito ilícito

Cómpre reclamar que no atestado veñan relacionados todos os incendios que se lle imputan, aínda que só un de entre eles fose a causa concreta da detención.

A petición da medida de prisión preventiva debe ser efectuada en función da perigosidade demostrada, e por iso hai que relacionar, de haber indicios, varios feitos. Os Sres. e Sras. fiscais deberán solicitar no atestado a maior concreción posible no feito, pois en situacións críticas os lumes solápanse e enmáscáranse; por iso debe solicitarse a data do incendio, con referencia aos parámetros, a extensión, os medios de extinción e a duración, e, desde logo, a proximidade a persoas, áreas habitadas, vehículos, material combustible ou inflamable e risco xerado, así como a natureza do incendiado, foresta, monte raso, etc.


Todo iso coa maior reunión posible de material gráfico, incluídas as fotos aéreas ou por satélite para delimitar a área do incendio e cualificar a superficie afectada ou susceptible de selo. Se o atestado non for completo, en caso de ser necesaria a súa ampliación,

nada impide a solicitude ao xulgado destas dilixencias complementarias antes de decidir sobre a situación persoal.

Terceira. Na solicitude de adopción das medidas preventivas que resultaren procedentes, co máximo celo os señores e as señoras fiscais valorarán xunto cos elementos definitorios do carácter intencional da conduta ou, de ser o caso, da entidade da imprudencia cometida, a especial gravidade do resultado producido e do risco ocasionado.

SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

7.1. ORGANIGRAMA TERRITORIAL DO MF EN GALICIA




7.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MF EN GALICIA

Con precedente na Instrución 11/2005 FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF realizada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o principio de especialización. Isto supuxo a creación de seccións especializadas en determinadas áreas ou seccións especializadas nas Fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).

O organigrama que segue está integrado polas e polos fiscais delegados territoriais que, no ámbito autonómico ou provincial, existen nas distintas fiscalías de Galicia.

7.2.1. FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS



7.2.2. FISCAIS DELEGADOS PROVINCIAIS E FISCAIS DE ENLACE

ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER (ENGLOBAL VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA DOMÉSTICA)	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. FERNANDO QUIROGA MARTÍNEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado en Fiscalía Provincial —FP— da Coruña). Ten categoría de FISCAL DECANO.
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D.ª ÁUREA MARTÍNEZ DE LA FUENTE (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. JULIÁN PARDINAS SANZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.ª ROSALINA CARRERA COTADO (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na Fiscalía de Área —FA— de Vigo)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. ALBERTO VALLE PAVÓN (FISCAL DE ENLACE, destinado na Sección Territorial —ST— de Cambados)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D.ª PILAR FERNÁNDEZ PÉREZ (FISCALA ENCARGADA, destinada na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. LUIS ANGUITA JUEGA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTONÓMICO, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D.ª ELENA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.ª MARTA DURÁNTEZ GIL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. ERNESTO DAVID CANOA GONZÁLEZ (FISCAL DE ENLACE, destinado na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. RAMÓN LOJO CORBAL (FISCAL ENCARGADO, destinado na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. ÁLVARO GARCÍA ORTIZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTONÓMICO, destinado na FA de Santiago)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D.ª LUCÍA GIRÓN CONDE (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D.ª M.ª CARMEN EIRÓ BOUZA (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.ª NATIVIDAD GURRIARÁN FERNÁNDEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. DAVID DE LA FUENTE VALDÉS (FISCAL DE ENLACE, destinado na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. ÁLVARO GARCÍA ORTIZ (MEDIO AMBIENTE) , xunto con D. ANTONIO ROMA VALDÉS (FISCAL ENCARGADO DE URBANISMO nesa Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. MIGUEL ARMENTEROS LEÓN (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D^a LUCÍA AGUADO VALCÁRCEL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na ST de Monforte de Lemos)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D^a. M.^a PILAR MANSO LÓPEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D^a. SUSANA GARCÍA-BAQUERO BORREL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo, da que é fiscala xefa)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D^a. MÓNICA GARCÍA GARCÍA (FISCALA DE ENLACE, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. MIGUEL GARCÍA FERNÁNDEZ (FISCAL ENCARGADO, destinado na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA	
FISCALÍA	FISCAL DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. M.^a EUGENIA LÓPEZ ARIAS (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D.^a NURIA FERNÁNDEZ PÉREZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D.^a ANA DELGADO PÉREZ-ÍÑIGO (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.^a CARLOS GIL GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTONÓMICO, destinado na FA de Vigo, da que é fiscal xefe)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D^a. ENMA DOVAL PÉREZ (FISCALA DE ENLACE, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. JORGE FERNÁNDEZ DE ARÁNGUIZ (FISCAL ENCARGADO, destinado na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES (ENGLOBA VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA DOMÉSTICA)	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D.^a BEATRIZ PACIOS YÁÑEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP da Coruña). Ten categoría de FISCALA DECANA.
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JESÚS ÁLVAREZ GONZÁLEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. JOSÉ MANUEL UCHA LÓPEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.^a ENCARNACIÓN BULLÓN MARTÍN (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JOSÉ RAMÓN GARCÍA PALACIOS (FISCAL DE ENLACE, destinado na FA de Vigo)

ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. ANTONIO ROMA VALDÉS (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FA de Santiago)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D^a. BELÉN QUINTELA LÓPEZ (FISCAL DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. JOSÉ MANUEL UCHA LÓPEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. LUIS MARÍA URIARTE VALIENTE (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTONÓMICO, destinado na FP de Pontevedra)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JAVIER ARIAS FRANCÉS (FISCAL DE ENLACE, destinado en FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. ANTONIO ROMA VALDÉS

ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ SECO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP da Coruña, onde tamén é FISCAL RESPONSABLE DO SIMF)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense, da que é FISCAL-XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.^a REBECA CORDEIRO VILLAR (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.^a REBECA RODRÍGUEZ SUÁREZ (FISCALA DE ENLACE, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. ANTONIO ROMA VALDÉS (FISCAL ENCARGADO, destinado na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS (PROTECCIÓN TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL)	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D.^a M.^a EUGENIA LÓPEZ ARIAS (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D.^a MARÍA VÁZQUEZ GÓMEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense, da que é FISCAL XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN-CARLOS ALADRO FERNÁNDEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Pontevedra, da que é FISCAL XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.^a RITA RUÍZ BARCIA (FISCALA DE ENLACE, destinada na FA de Vigo)

ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	
FISCALÍA	FISCAL/A COORDINADOR/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. ANTONIO MIGUEL LOVERA TEJEDOR (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. ANTONIO MARTÍNEZ FERNÁNDEZ (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	Non hai fiscal especializado nesta materia. Ao non existir Xulgado de Vixilancia Penitenciaria en Ourense, os asuntos na materia (CP do Pereiro de Aguiar) son derivados á Sección especializada da FP de Pontevedra).
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN IGNACIO SÁIZ MARTÍN (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Pontevedra)

ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA ECONÓMICA	
FISCALÍA	FISCAL/A COORDINADOR/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JESÚS ÁLVAREZ GONZÁLEZ (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. MIGUEL ÁNGEL RUÍZ SANZ (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Ourense).
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. AUGUSTO SANTALÓ RÍOS (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Pontevedra)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN CARLOS HORRO GONZÁLEZ (FISCAL DE ENLACE, destinado na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO	D. JOSÉ LUIS LOJO ALLER (FISCAL COORDINADOR, encargado da materia na referida Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
FISCALÍA	FISCAL/A COORDINADOR/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D.ª M.ª CONSOLACIÓN PAINCEIRA VÁZQUEZ (FISCALA COORDINADORA, destinada na FP da Coruña, da que é tenente fiscal e fiscal xefa en funcións)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D.ª M.ª LUCÍA GIL REGUERO (FISCAL ENCARGADA, destinada en ST de Mondoñedo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D.ª M.ª ELENA OVIEDO BRAÑA e D.ª EVA REGUEIRO RGUEZ. (FISCALAS ENCARGADAS, destinadas na Fiscalía Provincial de Ourense).
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. SANTIAGO MIGUEL CRUCES (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Pontevedra).

ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN DE PERSOAS MAIORES (PROTECCIÓN E DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS MAIORES)

Non constan datos concretos, nas respectivas memorias provinciais, sobre os fiscais encargados desta parcela. Suponse que, en xeral, serán os fiscais adscritos á Sección Civil (particularmente os da Área Especializada de Discapacidade), sen descartar os da Área de Violencia Doméstica para, polo menos, parte de asuntos penais que afecten a persoas maiores.

ÁREA ESPECIALIZADA DE CONSUMO (PROTECCIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS)

FISCALÍA	FISCAL/A COORDINADOR/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. JUAN AGUIRRE SEOANE (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	Non consta expresamente na Memoria provincial. Fiscais adscritos á Sección Civil
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	Idem ut supra
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D.ª ELISA ÁLVAREZ COVELO (FISCALA COORDINADORA, destinada na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO	D. ANTONIO ROMA VALDÉS (FISCAL ENCARGADO, destinado nesa Fiscalía)

ÁREA ESPECIALIZADA TECNOLÓXICA: REDE DE FISCAIS RESPONSABLES DO SIMF (SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MF)

FISCALÍA	FISCAL COORDINADOR/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA DA CA DE GALICIA	D. CARLOS VARELA GARCÍA (FISCAL RESPONSABLE, destinado na Fiscalía)
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ SECO (FISCAL RESPONSABLE, destinado nesa Fiscalía)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (FISCAL RESPONSABLE, destinado nesa Fiscalía)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. MARIO BRUALLA GONZÁLEZ (FISCAL RESPONSABLE, destinado nesa Fiscalía)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN CARLOS ALADRO GARCÍA (FISCAL RESPONSABLE, fiscal xefe da propia Fiscalía)

7.2.4. REPARTICIÓN DE ESPECIALIDADES DOS FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Xa quedou exposta anteriormente, na sección 3 deste capítulo I (epígrafe 3.3.1).

7.3. ORGANIGRAMA DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA

7.3.1. RESUMO DO CADRO DE PERSOAL DE FISCAIS EN 2015

EXPOSICIÓN DE DATOS

CADRO DE PERSOAL DO MF EN GALICIA - ANO 2015 CIFRA TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS (Conforme RD 62/2015)				
CATEGORÍA	2014	2015	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	99	100	1 (1,01%)	
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0	-5,90% Do total estatal -5,34 Fiscais/100.000 Habitantes
TOTAL CADRO PERSOAL (TODAS AS CATEGORÍAS)	145	146	1 (0,69%)	-1 Fiscal/18.730,52 Habitantes

ANÁLISE DE DATOS

- *Cifra total e categorías de fiscais en Galicia*

Desde o ano 2010 (RD 1735/2010) o cadro orgánico do MF non experimentara aumento; ata que foi ampliado en 66 prazas polo xa citado RD 62/2015, do 6 de febreiro (BOE 23.02.2015), ata alcanzar a cifra estatal de 2.473 fiscais. Isto supuxo a creación dunha nova praza de fiscal para Galicia, de 2ª categoría, para a Fiscalía de Área de Vigo, dependente da Fiscalía Provincial de Pontevedra (art. 3.1.I).

Polo tanto, o cadro orgánico do Ministerio Público en Galicia durante o ano 2015 quedou fixado (e así continúa no comezo de 2016) nun total de 146 prazas, co incremento dunha praza (0,69%) con respecto ao ano anterior e unha porcentaxe de só o 5,90% en relación co total estatal. Non obstante, esta elévase a 6,32% se tomamos como referencia o total do cadro de fiscais que, con exclusión dos órganos centrais da institución, teñen o seu destino nas fiscalías territoriais (2.309).

A CA de Galicia conta cunha poboación de 2.734.656 habitantes a data do 01.01.2015 (segundo o INE), distribuídos en 4 provincias e 314 municipios. Ten unha ratio de 1 fiscal/18.730,52 habitantes, equivalente a 5,34 fiscais por cada 100.000 habitantes, superior á ratio do conxunto de España, que, cunha poboación de 46.449.565 e un número de fiscais de 2.473— é de 5,32 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.782,68 habitantes). A cifra do cadro orgánico de fiscais en Galicia é inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 350 (a día 01.01.2014, segundo o informe “La Justicia dato a dato. Año 2014”, do CXPX), cunha ratio de 12,7/100.000 habitantes (11,5 é a ratio estatal).

Á parte da cifra de 146 fiscais integrantes do cadro orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2015 tamén prestaron servizo, segundo as respectivas memorias provinciais, 13 avogados fiscais substitutos (substitucións externas previstas no RD 634/2014, do 25 de xullo), coa seguinte distribución:

- Fiscalía Provincial da Coruña: 4
- Lugo: 2 (reforzos)
- Ourense: 1
- Pontevedra: 5
- Fiscalía de Área de Santiago: 1

- **Distribución da cifra total por categorías.** A distribución do cadro orgánico é a seguinte: 100 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado fiscal).

- **Distribución do cadro fiscal por postos de dirección ou coordinación-decanato** (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 62/2015 (texto articulado e anexo):

- 1 fiscal superior da CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
- 1 tenente fiscal de Fiscalía da CA;
- 4 fiscais xefes de fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra);
- 4 tenentes fiscais de fiscalías provinciais;
- 3 fiscais xefes de área (nas fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo);
- 34 fiscais coordinadores; e
- 8 fiscais decanos.

7.3.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO EQUIPO DE FISCAIS EN 2015

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)				
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
TOTAL	4			

FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de: Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2	2		
FISCAIS	26	2		13	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	33		2	13	

FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de: Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	8	2		4	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			4	

FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de: Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS FISCAIS	3	3			
TOTAL	7			1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de: A Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2			
AVOGADOS FISCAIS	4	3			
TOTAL	10				

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de: Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	4		1	1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de: Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	3		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de: A Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia. (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	7	2		2	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			2	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de: Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	1	3			
TOTAL	2		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de A Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	13	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	7	3			
TOTAL	22		1	5	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de O Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	16	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
TOTAL	27		1	5	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de Cambados e Vilagarcía de Arousa (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	6		1	1	

SECCIÓN 8. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MF NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

8.1. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

8.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Igual que sucedera no ano anterior, en 2014 non foi ditada polo fiscal superior ningunha instrución xeral dirixida aos fiscais xefes do ámbito territorial de Galicia (fiscais xefes provinciais ou de área) sobre cuestións relativas ao servizo ou o exercicio das funcións fiscais (art. 24 do EOMF), á diferenza de anos anteriores, en que si se ditanan varias instrucións deste tipo (Instrución 1/2006, do 5 de decembro, sobre protección penal das funcións públicas esenciais, e Instrución 2/2008, do 15 de xullo, sobre actuacións en materia de incendios forestais).

8.1.2. XUNTAS REALIZADAS CON FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA

Baixo a presidencia do fiscal superior de Galicia, como superior xerárquico, no pasado ano 2015 tivo lugar unha reunión da Xunta de Fiscais Xefes da CA de Galicia, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto de temas relativos á súa función (art. 22, números 4 e 7, e art. 24, número. 3, ordinal 2º do EOMF).

Reunión ordinaria do 22.04.2015. Celebrada na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia de todos os fiscais xefes provinciais. Relación de asuntos tratados (orde do día):

- 1) Aprobación da acta de reunión anterior.
- 2) Creación dunha orde xeral no ámbito da Garda Civil e Policía Nacional na CA para a recepción xeneralizada de atestados policiais por parte da Fiscalía. Instalación do correo electrónico cos novos teléfonos móbiles de garda para recibir atestados.
- 3) Desenvolvemento da NOF: cronogramas e programas de formación.
- 4) Creación dun sistema de expurgo nos órganos da nosa Comunidade. Tratamento do depósito da documentación nas instalacións da Fiscalía.
- 5) Definitiva implantación dun xestor documental.
- 6) Temas que se desenvolverán na próxima Comisión Mixta.
- 7) Problemas detectados na aplicación do novo Código penal (CP).
- 8) Relacións das fiscalías galegas cos medios de comunicación.
- 9) Rolda de intervencións. O fiscal xefe de Pontevedra expuxo tres cuestións: Protocolo en tema de agresións sexuais, Protocolo de mediación e Convenio coa Asociación Nacional de Secretarios da Administración Local para posibles informes ou peritaxes.

8.1.3. REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

Así mesmo, baixo a habitual presidencia do fiscal superior, realizáronse varias reunións sobre materias propias de áreas especializadas (violencia de xénero, estranxeiría, medio ambiente, seguridade viaria, vixilancia penitenciaria e menores). Salvo dúas reunións concretas, todas as demais tiveron lugar na propia sede da Fiscalía autonómica, no Pazo de Xustiza da Coruña.

Área de Violencia de Xénero (VX)

Día 11.05.2015. Reunión de Fiscais Delegados provinciais de VX. Infórmase do seu contido no punto desta memoria dedicado á área especializada de VX (capítulo II, número 5.1).

Área de Medio Ambiente e Urbanismo (MAU)

Día 30.06.2015. Reunión de fiscais delegados provinciais de MAU. Realizada tamén na sede da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do fiscal superior. Infórmase dela no punto desta memoria dedicado a esta área especializada (capítulo II, número 5.3).

23.09.2015. Reunión especializada de MAU co fiscal de sala coordinador da FXE. Realizada tamén na sede da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do fiscal de sala coordinador da Unidade Especializada de MAU da FXE (Sr. Antonio Vercher Noguera) e do fiscal superior de Galicia. Detállase no referido punto da área especializada.

Área de Estranxeiría (EX)

Día 14.01.2015. Reunión proxecto CARE da OIM en materia de estranxeiría. Infórmase dela no punto da área especializada de Estranxeiría (capítulo II, número 5.4).

Día 16.06.2015. Reunión de fiscais delegados provinciais de Estranxeiría. Tamén se detalla no mesmo punto de Estranxeiría.

Área de Seguridade Viaria (SV)

Día 01.07.2015. Reunión de fiscais delegados en SV, realizada na sede da Fiscalía autonómica baixo a presidencia do fiscal superior.

Día 16.10.2015. Dúas reunións sucesivas sobre SV celebradas o mesmo día, na sede da Fiscalía autonómica. Este día tiveron lugar dúas reunións sucesivas en materia de SV coa asistencia do fiscal de sala coordinador na materia. Infórmase detalladamente de ambas as dúas no punto desta memoria dedicado á especialidade de SV (capítulo II, número 5.5).

Área de Menores

Día 19.10.2015. Reunión de fiscais delegados provinciais de Menores. Infórmase desta reunión no punto desta memoria dedicada á área especializada de menores (capítulo II, número 5.6)

Área de Vixilancia Penitenciaria (VP)

Día 28.09.2015. Reunión con fiscais coordinadores provinciais de VP. Detállase o seu contido no punto da área especializada de VP (capítulo II, punto. 5.8).

8.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓN ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS A CENTROS PENITENCIARIOS

Visitas de inspección ordinaria a fiscalías territoriais de Galicia

Segundo os plans semestrais aprobados nas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía Superior (días 18.11.2014 e 29.09.2015), no ano 2015 tiveron lugar dúas visitas de inspección ordinaria:

Inspección á Fiscalía Provincial da Coruña. Realizouse no primeiro semestre do ano, concretamente o día 20.05.2015. O seu obxecto era comprobar o funcionamento da Sección de Violencia e o cumprimento das Instrucións da FXE na materia (Instrucións 2 e 7/2005).

Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Ferrol. Levouse a cabo no segundo semestre do ano (día 19.12.2015). A inspección cursada centrouse, sinteticamente, nos seguintes obxectivos: cumprimento das observacións realizadas na última inspección; dilixencias preprocesuais (especialmente dilixencias de investigación e incapacidades); control de motivación dos ditames fiscais; control de executorias (sentenzas firmes pendentes de execución); designación dos fiscais de enlace (Instrución 1/2015); operatividade e utilización da aplicación Fortuny; control sobre procedementos relativos a delitos contra o medio ambiente e a seguridade viaria; e intervención fiscal nos procedementos contencioso-administrativos e sociais (obrigada asistencia a vistas en procedementos para a protección de dereitos fundamentais da persoa).

Segundo se comunicou á Inspección Fiscal da FXE (oficio do 14.01.2016), o calendario de inspeccións ordinarias para o ano 2016 (aprobado na xuntanza do 15.12.2015 de Xunta de Fiscais) é o seguinte:

Fiscalía de Área de Vigo: 16.03.2016

Fiscalía de Área de Santiago: 06.07.2016

Fiscalía Provincial de Ourense: 16.11.2016

Visitas de inspección a centros penitenciarios de Galicia

Sobre a base do artigo 4.2 do EOMF, o MF, para o exercicio das súas funcións, poderá, en calquera momento, visitar os centros ou establecementos de detención, penitenciarios ou de internamento de calquera clase do seu respectivo territorio, examinar os expedientes dos internos e solicitar toda canta información considere conveniente.

Logo de comunicación ao seu director, efectuou o día 08.07.2015 unha visita ao centro penitenciario de Teixeira-Curtis (A Coruña), acompañado polo maxistrado xuíz do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria Núm. 1 de Galicia, con sede na Coruña.

8.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL

Desde o ano 2007 ata o 2011 esta Fiscalía da CA de Galicia veu ditando diversas instrucións xerais, en distintas materias, dirixidas ás Forzas e Corpos de Seguridade públicos (FFCCS). Non obstante, no ano 2015 (o mesmo que nos tres anteriores), non se ditou instrución ningunha dirixida especificamente a estes órganos policiais (se ben a Instrución 1/2015, sobre incendios forestais —comentada anteriormente— se refire á coordinación do MF con eles).

En todo caso, como vén sendo habitual, ao longo do ano 2015 foi constante e fluída a relación do fiscal superior de Galicia cos representantes da Policía Xudicial (PX) na nosa Comunidade Autónoma. A título de exemplo, menciónanse algunhas xuntanzas de traballo, así como algúns informes recibidos por parte daquela.

Reunións máis destacadas coa PX:

14.01.2015. Reunión sobre o proxecto CARE da OIM en materia de estranxeiría, xa referida anteriormente.

01.07.2015 e 16.10.2015. Reunións sobre seguridade viaria, xa citadas anteriormente.

Informes máis destacados da Policía Xudicial remitidos á Fiscalía

Informe do día 09.02.2015 sobre grupos organizados de orixe xeorxiana, especializados na comisión de delitos contra o patrimonio (Documento de análise de riscos e difusión operativo, DARDO 2/2015). Elaborado pola Unidade Técnica de Policía Xudicial da Dirección Xeral da Garda Civil.

Memoria anual 2014 da Xefatura Superior de Galicia.

8.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

8.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COAS INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

8.2.1.1. Relacións con órganos da Administración autónoma galega

Algunhas das xuntanzas máis relevantes foron as seguintes:

15.04.2015. Reunión coa Presidencia da Xunta e coa do Parlamento autonómico. Reunión de presentación, en Santiago, do novo fiscal superior de Galicia co presidente da XG e coa presidenta do Parlamento de Galicia.

21.04.2015. Reunión en materia de consumo. Reunión do fiscal superior, na sede da Fiscalía autonómica, con representantes do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, órgano que ostenta a representación institucional das organizacións e asociacións de consumidores e usuarios ante a Administración autonómica e outros organismos e entidades autonómicas. O obxectivo da reunión era a creación dun grupo de traballo na materia.

13.05.2015. Patrimonio cultural. Reunión do fiscal superior, realizada en Santiago, co conselleiro e outros representantes de organismos, con motivo de intercambiar impresións acerca da futura Lei de patrimonio cultural de Galicia.

17.06.2015. Reunión en materia de TIC. Reunión en Santiago da Fiscalía de Galicia coa AMTEGA, coa asistencia do fiscal superior, os fiscais xefes territoriais e os fiscais responsables do SIMF das fiscalías territoriais. O obxecto era a presentación de propostas en relación co *Plan tecnolóxico xudicial, horizonte 2020* (Plan Senda 2020).

8.2.1.2. Relacións co Parlamento autonómico de Galicia

Neste punto cabe destacar as seguintes actuacións:

Entrega formal da Memoria Anual de 2015 (exercicio 2014) á Presidencia do Parlamento autonómico (21.10.2014), e posterior presentación aos medios de comunicación (22.10.2013 na sede do Sporting Club Casino da Coruña).

Comparecencia do fiscal superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2014 (21.12.2014).

Tras unha introdución, os temas tratados na referida comisión foron os seguintes:

- 1) Balance xeral da actividade do MF: cadro orgánico; principais indicadores da súa actuación (escritos de cualificación, xuízos con asistencia da Fiscalía e dilixencias fiscais); carga de traballo e novos retos.
- 2) Indicadores da evolución da criminalidade por procedementos: datos totais de procedementos tramitados e incoados, e constatación dun descenso paulatino no período 2010-2015.
- 3) Indicadores da evolución da criminalidade por delitos: datos totais de delitos incoados, cualificados e sentenciados, e referencia a algúns grupos delituosos concretos (delitos contra a vida, delitos sexuais, delitos patrimoniais e delitos de tráfico de drogas).
- 4) Especial referencia a algunhas áreas e temáticas especializadas: violencia de xénero, medio ambiente e urbanismo, e menores.
- 5) Análise e propostas: análise da reforma xudicial, delincuencia complexa e corrupción, e necesidade dun pacto de Estado en materia de Xustiza.
- 6) Conclusións.

8.2.1.3. Relacións co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

A relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétase, nomeadamente, na *actividade que o Ministerio Público desprega nos procedementos competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia* (Sala do Civil e do Penal, Sala do Contencioso-Administrativo e Sala do Social). De tal actividade trata esta memoria nos puntos correspondentes das seccións 1 a 4 do capítulo III 3, aos cales nos remitimos.

- *Intervención do fiscal superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2015-2016 en Galicia* (25.09.2015).

8.2.1.4. Relacións coa valedora do pobo de Galicia

25.11.2015. Reunión institucional, no Pazo de Xustiza da Coruña, da nova valedora do pobo, dona Milagros Otero Parga, co presidente do TSX e co fiscal superior, para falar de temas comúns ás tres institucións.

23.06.2015. Elaboración por esta Fiscalía autonómica e remisión á valedora do pobo do solicitado “informe sobre procedementos relativos a explotación con fins de mendicidade”.

8.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS

8.2.2.1. Colaboración en materia de medios persoais, materiais e tecnolóxicos. Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia

A denominada Comisión Mixta de Coordinación entre o MF en Galicia e a Consellería de Xustiza da XdG (CMC) foi creada, mediante protocolo subscrito o 20.06.2003 pola FXE e a referida Consellería (actualmente, CPAPX, integrada na Vicepresidencia da Administración autonómica).

Desde a súa constitución formal o día 18.11.2004, e ao longo do período 2005-2014, veu realizando as reunións oportunas (unha ou varias no ano). Os fins esenciais da Comisión son:

- Servir de fórmula estable de cooperación entre o MF e a Consellería de Xustiza da XdG, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do MF.
- Estudar as necesidades de provisión de medios materiais, persoais e tecnolóxicos dos órganos do MF na CA de Galicia (véxase a norma primeira do Protocolo).

No ano 2015 esta comisión mantivo unha única xuntanza, o día 28 de maio, na que se trataron os seguintes temas:

- 1) lectura e aprobación de acta da reunión anterior;
- 2) prazas de secretaría persoal dos fiscais xefes provinciais;
- 3) configuración do correo corporativo nos móbiles das gardas e a conexión polo dispositivo modem USB;
- 4) depósito da documentación existente nas dependencias da Fiscalía Provincial da Coruña;
- 5) espazo na Fiscalía de Área de Vigo e na Sección Territorial de Cambados (Pontevedra);
- 6) espazo na Fiscalía de Área de Santiago;
- 7) distorsionadores de voz, gravadora de videoconferencia, servizo de tradución, móbiles de reserva e códigos comentados;
- 8) dotación de equipos do IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia);
- 9) axudas de custo por desprazamento a cursos de cooperación entre a Consellería de Cultura de XG e a Fiscalía, no marco do Convenio en materia de Medio Ambiente, Urbanismo, Incendios e Patrimonio;
- 10) sistema de designación e remuneración de periciais penais;
- 11) rolda de intervencións.

8.2.2.2. Participación noutros órganos de colaboración constituídos na CA de Galicia

- Participación na *Comisión Autónoma para a implantación da Nova Oficina Xudicial (NOX)* – y de la NOF- creada polo Decreto 427/2009, do 19 de novembro, da CPAPJ da XdG. Para tal fin, a Fiscalía de Galicia forma parte da referida comisión, constituída formalmente o día 01.02.2010.
- Participación no desenvolvemento de plans de acción da *Administración autónoma en relación coas persoas maiores e persoas con discapacidade*, como o Plan Galego de persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 (2010) e o Plan integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013 (2010).
- Participación na *Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia*, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, da CPAPX da XdG, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, norma completada logo pola Orde do 04.09.2012 da referida Consellería (DOG núm. 173) pola que se aprobaron as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial e se determinou o inicio das actividades dos arquivos xudiciais e da referida Xunta de Expurgo.
- Participación na *Comisión de Garantías de Videovixilancia de Galicia*, creada ao abeiro da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolvida posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). Durante o ano 2015 esa *Comisión, coa asistencia de representación da Fiscalía* (o tenente fiscal, Sr. Piñol Rodríguez), *realizou cinco reunións, concretamente os días 11 de febreiro, 25 de marzo, 28 de maio, 21 de setembro e 30 de novembro*.
- Participación no *Observatorio Galego de Violencia de Xénero (OGVX)*, creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. O devandito decreto autonómico configura ese Observatorio como órgano encargado do estudo, a avaliación e o seguimento das políticas contra a VX desenvolvidas en Galicia, adscrito ao órgano da Administración autónoma competente en materia de igualdade (art. 13).

Pola súa banda, o Consello Galego das Mulleres (CGM) régulase como órgano colexiado institucional e de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade (art. 2).

A constitución formal do Observatorio tivo lugar en Santiago o día 05.05.2014. Ten participación neste como vogal o fiscal superior de Galicia ou a persoa en quen este delegue (art. 15.1.f). Como vogal, por delegación, está designada dona Pilar Fernández Pérez, fiscal encargada de VX na Fiscalía de Área de Santiago. Actualmente, a referida fiscal participa nos tres grupos de traballo

creados no seo do Observatorio, no que debe destacarse o referido á elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia, cuxa primeira reunión tivo lugar o día 13.05.2015. Na reunión sobre VX mantida o día 11.05.2015, a fiscalía referida deulle conta ao fiscal superior e os fiscais delegados provinciais do estado dos traballos e suxeríulles a estes a posibilidade de participaren como expertos na elaboración do mencionado Protocolo.

8.2.2.3. Convenios e protocolos subscritos coa Comunidade Autónoma galega

Convenios

- *Convenio de mediación familiar intraxudicial (MFI)* en Lugo para 2015 (prórroga). Asinada o día 01.01.2015 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CGPX, o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e a XdG (Vicepresidencia e CPAPX e Consellería de Traballo e Benestar).
- *Convenio de MFI en Ourense para 2015 (prórroga)*. Asinada o día 13.07.2015 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a XG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Traballo e Benestar), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Ourense).
- *Convenio de MFI en Vigo para 2015 (prórroga)*. Asinada o día 13.07.2015 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CGPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e a Universidade de Vigo.
- *Convenio de MFI en Santiago de Compostela para 2015 (prórroga)*. Asinada o día 13.07.2015 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a XdG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Traballo e Benestar), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Santiago).
- *Convenio de MFI en Pontevedra para 2015 (prórroga)*. Asinada o día 14.07.2015 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre o CGPX, a XdG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Pontevedra e a Universidade de Vigo.
- *Convenio de mediación penal intraxudicial (MPI)* en Santiago de Compostela para 2015 (novo). Asinado o día 27.11.2015 o referido Convenio de colaboración entre o CGPX, a XdG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia), e a Universidade de Santiago (USC), a través do seu Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos (CIARCUS).

- *Convenio de MFI na Coruña para 2015 (novo)*. Asinado o día 18.11.2015 o mencionado Convenio de colaboración entre o CGPX, a Xdg (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia), e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados da Coruña).

Protocolos

Ao final do ano 2015, só estaba pendente de tramitación un Protocolo relacionado coa práctica de controis de alcoholemia. Finalmente, ao inicio do ano 2016 (22.01.2016) foi asinado ese novo Protocolo para a toma de mostras de sangue para a detección de alcohol e/ou drogas nos centros de Servizo Galego de Saúde (SERGAS), con intervención da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e da Fiscalía da CA de Galicia (representada polo fiscal superior).

Actualmente, xa en 2016, a Fiscalía autonómica traballa noutros dous proxectos de protocolo (Protocolo de Menores non Acompañados, MENAS, en Galicia; e Protocolo de Comunicación do MF en Galicia), dos que se dará conta na memoria do próximo ano. Igualmente, é destacable que, no marco do Observatorio Galego de VX, como se deixou dito, a Fiscalía de Galicia está a colaborar coa XdG na elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en na nosa CA.

8.2.3. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autonómico, Parlamento de Galicia e TSX); como vén sendo habitual, o fiscal superior mantivo, tamén durante 2015, relacións con outros organismos e entidades. Destacamos as seguintes, algunhas como acto de presentación institucional do novo fiscal superior ante distintas autoridades.

- 03.03.2015. Xuntanza coa *Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C*.
- 16.04.2015. Xuntanza co delegado do Goberno en Galicia.
- 06.05.2015. Xuntanza con representantes da Fundación Galega contra o Narcotráfico. Informouse nela do asinamento o 07.04.2015 do Convenio de Colaboración subscrito pola dita entidade coa CPAPX da XG para a creación do Servizo de Xestión de Bens Mobles Comisados en procesos xudiciais contra o tráfico de drogas. Solicitaron que un membro da Fiscalía autonómica formase parte dun futuro órgano consultivo ou Comité de Coordinación, integrado por representantes das FCSE, profesionais da AX, XG, e Plan Nacional sobre Drogas, xunto a entidades prestadoras do servizo, o Colexio de Procuradores da Coruña e a Fundación Galega contra o Narcotráfico.
- 02.07.2015. Xuntanza co *alcalde da Coruña*.

- 14.09.2015. Xuntanza co *presidente da Deputación da Coruña*.
- 14.05.2015. Xuntanza coa Asociación de Pais e Nais Separados. Tratáronse temas de familia, como: mediación intraxudicial familiar, creación de novos Xulgados en Galicia, papel da Fiscalía e dos avogados nas separacións e divorcios en relación cos fillos e fillas, e Lei pola custodia compartida ou coparentalidade en Galicia.
- 24.05.2015. Xuntanza coa *Asociación de Anticuarios de Galicia*, co fin de se presentar e de lle comentar ao fiscal superior o estado e os problemas relacionados coas antigüidades, co patrimonio cultural de Galicia e co seu comercio.
- 10.06.2015. Xuntanza con colectivo de estudantes da Universidade de Vigo, denominado *Coordinadora de Afectados de Ciencias Policiais e Detective Privado*. Expuxéronlle ao fiscal superior a súa inqueda por supostas irregularidades na devandita universidade, polas que presentaron unha querela que deu lugar a un procedemento xudicial que logo constou á Fiscalía como archivado (DP 3.214/2014 do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Vigo).
- 15.06.2015. *Xuntanza con Asociación de Afectados de Intrusión Médica Sanitaria (AIMS)*. A súa finalidade foi a de mostrar a súa preocupación ao fiscal superior pola falta de celeridade coa que se tramitan dilixencias incoadas por mor da materia de intrusión médica.
- 28.07.2015. 03.03.2015. Xuntanza coa *Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C*. A partir desta entrevista, con data do día seguinte, incoáronse nesta Fiscalía autonómica dilixencias informativas (as núm. 2/2015), das que se trata no punto desta memoria dedicado á área especializada de vixilancia penitenciaria.
- 27.07.2015. Violencia de xénero. Reunión coa *Asociación Ve-la Luz* (superviventes da violencia de xénero) para tratar desa problemática na CA de Galicia.
- 29.07.2015. Reunión con representantes da *Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados*. Tivo por obxecto a problemática derivada das reclamacións da Axencia Tributaria a persoas pensionistas, emigrantes retornados. Por esta cuestión seguíronse nesta Fiscalía autonómica as dilixencias informativas 3/2015 (civís 2/2015), que foron arquivadas con data do 02.09.2015.
- 14.12.2015. Montes veciñais en man común. Reunión con representantes da *Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común*. Mostraron a súa preocupación por determinados problemas que se producen neses montes veciñais, particularmente no municipio de Sobrado dos Monxes (A Coruña). Ao excederen algúns temas das competencias da propia Fiscalía, deuse traslado deles a outros organismos (Delegación do Goberno en Galicia e Consellería de Medio Ambiente da XG).

- 15.12.2015. Nova reunión coa *Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C*, co fin de actualizar datos sobre a problemática dos presos afectados pola hepatite C, en relación coas dilixencias informativas 2/2015 seguidas nesta Fiscalía.





CAPÍTULO 2

ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS

SUMARIO DO CAPÍTULO

SECCIÓN 1. ÁREA DE PENAL

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 2. ÁREA DE CIVIL

2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 3. ÁREA DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 4. ÁREA DE SOCIAL

4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS

5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO

5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA

5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA

5.6. ÁREA DE MENORES

5.7. ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA

5.8. ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

INDICACIÓN PREVIA

A actividade do fiscal superior de Galicia como xefe e representante do MF na nosa Comunidade Autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 8 do capítulo I, ao que nos remitimos.

SECCIÓN 1. ÁREA PENAL

INTRODUCCIÓN: TENDENCIAS DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E OS DELITOS

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

INTRODUCCIÓN: TENDENCIAS DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E OS DELITOS


Como en anos anteriores, a estatística relativa á **evolución dos procedementos penais** constata a existencia de serias deficiencias na fase de entrada do noso sistema penal, que comportan unha ineficiente xestión deste, se ben a finais de 2015 se adoptaron medidas legislativas que poden achegar solucións eficientes.

Son ingresados ou incoados moitos asuntos penais por delito (sobre todo, nos xulgados de instrución pola vía procedemental das dilixencias previas) que son **finalizados anticipadamente na mesma fase inicial de instrución** (por acumulación, inhibición, arquivamento ou sobresemento). No ano 2015 o total desta finalización anticipada ascendeu a 154.880, o que representa unha alta porcentaxe do 71,80% dos procedementos tramitados por delito nas provincias galegas (215.701). Por conseguinte, estes asuntos supuxeron un gasto ineficiente de recursos, non chegaron á fase de xuízo oral nin puideron ser obxecto de cualificación fiscal e de sentenza.

Ademais, hai outros procedementos que, se ben pasan esa fase inicial, fano mediante a **transformación noutro procedemento** (por delito ou falta). O número destes en 2015 ascendeu a 16.302, o cal representa unha porcentaxe do 7,56% dos tramitados.

Finalmente, só unha exigua cifra de 17.225 procedementos (o 7,99%) terminaron mediante sentenza, así como só 12.696 (o 5,89%) foron obxecto de cualificación fiscal.

DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA EN 2015



En canto á estatística referente á **evolución dos delitos**, como en anos anteriores hai que resaltar que a maior parte dos sobreseementos provisionais en 2015 parecen corresponderse cunha cifra “volatilizada” de delitos incoados contra o patrimonio e a orde socioeconómica que logo desaparecen na fase de cualificación fiscal. Así, resulta que 95.771 sobreseementos provisionais en dilixencias previas parecen relacionarse cos 72.123 delitos patrimoniais incoados e “desaparecidos” na cualificación fiscal, cifra de ilícitos que representan unha alta porcentaxe de 96,76% dos delitos incoados nese grupo e un importante 42,23% da cifra total de delitos incoados nas provincias de Galicia (170.767).

Esta “evaporación” de delitos entre a incoación e a cualificación fiscal era un feito demostrado todos os anos e, moi probablemente, encontraba explicación en que, en moitos casos, os delitos patrimoniais (sobre todo subtraccións violentas ou non violentas, é dicir furtos e roubos) eran case inmediatamente sobresidos provisionalmente, previo visto e prace do fiscal, co conseguinte arquivamento, por falta de autor coñecido (artigos 641.2 e 779.1 da LACrim e concordantes). Un elevado número de atestados/denuncias ingresaban nos órganos xudiciais sen que constase autor coñecido dos feitos. Na memoria do pasado ano calculabamos que poderían encontrarse nesa situación aproximadamente unha terceira parte dos procedementos tramitados. Eran necesarias medidas que fixesen máis áxil e eficiente a xestión do sistema penal en tales supostos, para liberar recursos que se poderían dedicar a outros asuntos de maior transcendencia.

Finalmente, a situación foi abordada polo *novo artigo 284 da LACrim*, na redacción dada pola Lei 41/2015, de 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais (publicada no BOE data e con entrada en vigor aos dous meses da súa publicación).

O novo precepto simplificou a xestión dos atestados policiais sen autor coñecido. Prevese agora (apartado 2) que eses atestados sexan conservados pola Policía Xudicial ao dispor dos xuíces e fiscais, agás que se sigan efectuando dilixencias policiais despois de transcorridas setenta e dúas horas, que se trate de delitos contra a vida, a integridade física e a liberdade e indemnidade sexual, ou que o MFI ou a autoridade xudicial soliciten esa remisión. En todo caso, a Policía Xudicial deberá comunicar ao denunciante que, en caso de non ser identificado o autor no prazo de 72 horas, as actuacións non se remitirán á autoridade xudicial, sen prexuízo do seu dereito a reiterar a denuncia ante a Fiscalía ou o xulgado de instrución. Espérase que esta medida de axilización, que entrou en vigor ao comezo de decembro do pasado ano 2015, produza os efectos desexados e, xa que logo, se reduza o ingreso nos órganos xudiciais e as fiscalías de atestados sen autor coñecido.

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES

1.1.6. XUÍZOS

1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS

1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

1.1.9. OUTRAS CUESTIÓNNS DE INTERESE: EXECUTORIAS


1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia

1.1.1.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2010-2015 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	REMATADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2010	307.287	254.078	53.209
2011	310.011	251.779	58.232
2012	264.407	213.028	51.379
2013	247.655	201.887	45.768
2014	224.585	193.215	31.370
2015	215.701	188.407	27.294
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-8.884 (-3,96%)	-4.808 (-2,49%)	-4.076 (-12,99%)
PORCENTAXE (%) NA CIFRA DE TRAMITADOS	100%	87,35%	12,66%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	261.608	217.066	44.542
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	100%	82,97%	17,03%

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO)
RESUMO XERAL - GALICIA 2015




ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) ANÁLISE PERÍODO ANOS 2010-2015 - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
ANO	TRAMITADOS (SUMA DE PENDENTES A INICIO DO ANO, INCOADOS E REABERTOS)			CUALIFICADOS POR FISCAL
	INCOADOS	RESTO TRAMITADOS	TOTAL TRAMITADOS	
2010	255.863	51.424	307.287	13.762
2011	250.052	59.959	310.011	15.211
2012	205.547	58.860	264.407	14.383
2013	193.356	54.299	247.655	14.581
2014	179.597	44.988	224.585	13.842
2015	183.186	32.515	215.701	12.696
V.I.	3.589 (1,99%)	-12.473 (-27,73%)	-8.884 (-3,96%)	-1.146 (-8,28%)
% EN CIFRA DE TRAMITADOS	84,93%	15,07%	100%	5,89%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	211.267	50.341	261.608	14.079
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	80,76%	19,24%	100%	5,38%

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

ANO	REMATADOS (POR SENTENZA OU OUTRA RESOLUCIÓN DEFINITIVA)			PENDENTES (PENDENTES DE TRÁMITE E RESOLUCIÓN A FIN DE ANO)
	FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN	SENTENZA	TOTAL REMATADOS	
2010	240.505	13.573	254.078	53.209
2011	236.568	15.065	251.779	58.232
2012	198.723	14.305	213.028	51.379
2013	188.188	13.699	201.887	45.768
2014	179.418	13.797	193.215	31.370
2015	171.182	17.225	188.407	27.294
V.I.	-8.236 (-4,59%)	3.428 (24,85%)	-4.808 (-2,49%)	-4.076 (-12,99%)
% EN CIFRA DE TRAMITADOS	79,37%	7,99%	87,35%	12,66%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	202.431	14.611	217.066	44.542
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	77,38%	5,59%	82,97%	17,03%

EVOLUCIÓN PROCEDEMENTOS PENAIS (POR DELITO) TRAMITADOS E INCOADOS - GALICIA PERÍODO 2010- 2015



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (TOTAL TRAMITADOS E INCOADOS) RESUMO ANOS 2010-2015 - DATOS PARTICULARES POR TIPO DE PROCEDEMENTO								
ANO	DP		DU		DL		PA	
	TRAM.	INC.	TRAM.	INC.	TRAM.	INC.	TRAM.	INC.
2010	282.952	237.491	9.118	9.118	--	--	14.994	9.136
2011	280.914	228.983	11.137	11.137	--	--	17.734	9.809
2012	236.791	186.294	9.861	9.861	--	--	17.514	9.279
2013	219.974	174.562	9.101	9.101	--	--	18.351	9.560
2014	199.974	162.028	8.401	8.401	--	--	15.999	9.074
2015	184.051	157.452	7.817	7.817	9.730	9.694	13.901	8.129
V.I.	-15.935 (-7,97%)	-4.576 (-2,82%)	-584 (-6,95%)	-584 (-6,95%)	--	--	-2.098 (-13,11%)	-945 (-10,41%)
% NA CIFRA TOTAL TRAMITADOS/ E INCOADOS	85,33%	85,95%	3,62%	4,27%	4,51%	5,29%	6,44%	4,44%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2014	234.109	191.135	9.239	9.239			16.416	9.165
% NA CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	89,49%	90,47%	3,53%	4,37%			6,28%	4,34%


Continua abaixo

ANO	SU		PX		TOTAL	
	TRAM.	INC.	TRAM.	INC.	TRAM.	INC.
2010	193	88	30	30	307.287	255.863
2011	197	94	29	29	310.011	250.052
2012	213	85	28	28	264.407	205.547
2013	188	92	41	41	247.655	193.356
2014	173	68	26	26	224.585	179.597
2015	177	69	25	25	215.701	183.186
V.I.	4 (2,31%)	1 (1,47%)	-1 (-4%)	-1 (-4%)	-8.884 (-3,96%)	3.589 (1,99%)
% NA CIFRA TOTAL TRAMITADOS/ E INCOADOS	0,082%	0,037%	0,012%	0,014%	100%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2014	190,17	82,67	29,83	29,83	261.608	211.267
% NA CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	0,073%	0,039%	0,011%	0,014%	100%	100%

Vén de arriba

ABREVIATURAS	
TRAM.	TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS
INC.	PROCEDEMENTOS INCOADOS
DP	DILIXENCIAS PREVIAS DE PA
DU	DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO
PDL	PROCEDEMENTO POR DELITOS LEVES
PA	PROCEDEMENTO ABREVIADO NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN
SU	PROCEDEMENTO ORDINARIO OU SUMARIO
PX	PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO

PROCEDEMENTOS TRAMITADOS E INCOADOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO GALICIA 2015



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2010-2015 - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	TRAM	INC	TRAM	INC	TRAM	INC	TRAM	INC	TRAM	INC
2010	120.256	100.177	31.253	23.501	32.429	27.445	123.349	104.740	307.287	255.863
2011	126.468	106.117	31.108	21.509	29.294	23.983	123.141	98.443	310.011	250.052
2012	92.050	72.044	28.467	17.837	27.633	23.653	116.257	92.013	264.407	205.547
2013	79.105	62.716	30.743	19.876	28.832	25.287	108.975	85.477	247.655	193.356
2014	72.644	59.963	27.668	18.320	25.352	21.162	98.921	80.152	224.585	179.597
2015	68.301	59.449	26.349	19.248	24.146	20.511	96.869	83.978	215.701	183.186
V.I.	-4.343 (-5,98%)	-514 (-0,86%)	-1.319 (-4,77%)	928 (5,01%)	-1.206 (-4,76%)	-651 (-3,08%)	-2.052 (-2,07%)	-3.826 (-4,77%)	-8.884 (-3,96%)	3.589 (1,99%)
% NA CIFRA TOTAL TRAMITADOS/ INCOADOS	31,67%	32,45%%	12,22%	10,51%	11,20%	11,20%	44,92%	45,84%	100%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	93.197	76.744	29.265	20.049	27.948	23.674	111.252	90.801	261.608	211.267
% NA CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	35,62%	36,32%	11,19%	9,49%	10,68%	11,21%	42,53%	42,99%	100%	100%

***TRAM: tramitados. – INC: incoados

1.1.1.2. Análise de datos

1.1.1.2.1. Procedementos tramitados (conxunto dos pendentes do ano anterior e mais os incoados e reabertos no ano)

Datos totais de procedementos tramitados

De acordo coa estatística fiscal de 2015, consta a cifra total de 215.701 procedementos tramitados (por delito) nas provincias de Galicia, cun descenso interanual de -8.884 (-3,96%).

Ao longo do período 2010-2015 a cifra media anual destes procedementos tramitados foi de 261.608. Ademais deste total das provincias galegas, cómpre ter en conta os procedementos penais por delito tramitados no TSX de Galicia durante 2015, que foron 81.

Por tipo de procedemento, a distribución de procedementos tramitados é a seguinte:

- DP): 184.051, cun descenso interanual de -15.935 (-7,97%) e unha porcentaxe do 85,33% na cifra total (215.701).
- DU): 7.817, cun descenso de -584 (-6,95%) e unha porcentaxe do 3,62%.
- PD): 9.730, cunha porcentaxe do 4,51%.

- PA): 13.901, cun descenso de -2.098 (-13,11%) e unha porcentaxe do 6,44%.
- SU: 177, cun aumento de 4 (2,31%) e unha porcentaxe do 0,082%.
- Procedementos do xurado (PX): 25, cun descenso de -1 (-14%) e unha porcentaxe do 0,012%.

Por provincias, a distribución dos procedementos tramitados é como segue:

- Pontevedra: 96.869, cun descenso interanual de -2.052 (-2,07%) e unha porcentaxe do 44,92% na cifra total (215.701).
- A Coruña: 68.301, cun descenso -4.343 (-5,98%) e unha porcentaxe do 31,67%.
- Lugo: 26.349, cun descenso de -1.319 (-4,77%) e unha porcentaxe do 12,22%.
- Ourense: 24.146, cun descenso de -1.206 (-4,76%) e un peso do 11,20%.

Datos particulares de procedementos tramitados

- *Procedementos pendentes no inicio do ano:* 30.198 procedementos, cun descenso interanual de -11.932 (-28,32%), e unha porcentaxe do 14,00% no total de tramitados (215.701). Esta cifra concreta de pendencia en 2015 distribúese entre 24.569 en DP e o resto nos demais procedementos.

- *Procedementos reabertos no ano:* 2.281, cun descenso interanual de -577 (-20,19%) e unha porcentaxe do 1,06%. Esta cifra concreta de reaperturas distribúese deste xeito: 2.030 en DP e 251 en PA.

- *Procedementos incoados no ano:* 183.186, cun aumento interanual de 3.589 (1,99%) — probablemente debido á irrupción en 2015 de PDL, con 9.694 incoacións— e unha porcentaxe de máis do 84,93% na cifra total de procedementos tramitados (215.701). Durante o período 2010-2015 a cifra media anual de procedementos incoados foi de 211.267.

Distribución por tipo de procedemento da cifra total de procedementos incoados (183.186):

- DP: 157.452, cun descenso interanual de -4.576 (-2,82%) e unha elevada porcentaxe do 85,95% na cifra total.
- DU: 7.817, cun descenso de -584 (-6,95%) e unha porcentaxe do 4,27%.
- PDL: 9.694, cunha porcentaxe do 5,29%.
- PA: 8.129, cun descenso de -945 (-10,41%) e unha porcentaxe do 4,44%.
- SU: 69, cun aumento de 1 (1,47%) e unha porcentaxe do 0,037%.
- PX: 25, cun descenso de -1 (-4%) e unha porcentaxe do 0,014%.

Distribución por provincias da cifra total de procedementos incoados (183.186):

- Pontevedra: 83.978, cunha diminución interanual de -3.826 (-4,77%) e unha porcentaxe do 45,84 na cifra total.
- A Coruña: 59.449, cun descenso de -514 (-0,86%) e un peso do 32,45%.
- Ourense: 20.511, cun descenso de -651 (-3,08%) e unha porcentaxe do 11,21%.
- Lugo: 19.248, cun aumento de 928 (5,01%) e un peso do 10,51%.

1.1.1.2.2. Procedementos rematados (conxunto de pendentes do ano anterior e os incoados e reabertos no ano)

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) PROCEDEMENTOS REMATADOS - ANOS 2010-2015- DATOS TOTAIS DE GALICIA							
ANO	REMATADOS POR FINALIZACIÓN ANTICIPADA			REMATADOS POR TRANSFORMACIÓN NOUTRO PROCEDEMENTO			
	ACUMULACIÓN OU INHIBICIÓN	SOBRESEMENTO ARQUIVAMENTO	TOTAL FINALIZACIÓN	POR DELITO	POR FALTA	SEN ESPECIFICAR	TOTAL TRANSFOR
2010	80.499	136.887	217.386	11.505	11.596	18	23.119
2011	77.190	137.610	214.800	10.436	11.313	19	21.768
2012	52.114	123.906	176.020	12.492	10.093	118	22.703
2013	48.479	119.093	167.572	11.749	8.749	118	20.616
2014	45.712	114.147	159.859	11.235	8.033	291	19.559
2015	38.678	116.202	154.880	10.077	5.997	228	16.302
V.I.	-7.034 (-15,39%)	2.055 (1,80%)	-4.979 (-3,11%)	-1.158 (-10,31%)	-2.036 (-25,35%)	-63 (-21,65%)	-3.257 (-16,65%)
% EN CIFRA DE TERMINADOS	20,53%	61,67%	82,21%	5,35%	3,18%	0,12%	8,65%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS	57.112	124.641	181.753	11.249	9.297	132	20.678

Continúa abaixo

ANO	REMATADOS SENTENZA	TOTAL REMATADOS
2010	13.573	254.078
2011	15.065	251.779
2012	14.305	213.028
2013	13.699	201.887
2014	13.797	193.215
2015	17.225	188.407
V.I.	3.428 (24,85%)	-4.808 (-2,49%)
% EN CIFRA DE TERMINADOS	9,14%	100%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS	87.664	217.066

Vén de arriba

Datos totais de procedementos rematados

Conforme a estatística fiscal, no ano 2015 figura a cifra total de 188.407 procedementos por delito terminados nas provincias de Galicia, cun descenso interanual de -4.808 (-2,49%) e unha porcentaxe de máis de tres cuartas partes (87,35%) na cifra total de procedementos tramitados nesa anualidade (215.701). Ademais, cómpre ter en conta os procedementos penais por delito rematados no TSX de Galicia en 2015, que foron 69.

En relación coa mencionada cantidade total de 188.407 procedementos rematados en 2015, aparecen como destacables os seguintes datos xerais:

Como vén acontecendo en anos anteriores, a dinámica da estatística fiscal de 2015 mostra que, da gran cantidade de procedementos xudiciais penais tramitados por delito (215.701), só unha pequena parte, concretamente 17.225 (o 7,99%), concluíron mediante sentenza, en tanto que o resto dos procedementos rematados fórono por finalización anticipada (o 71,80%) ou por transformación noutro procedemento (o 7,56%).

Datos particulares das distintas formas de terminación procedemental (por sentenza e outras formas alternativas)

Á parte das 17.225 sentenzas ditadas en 2015 —das que máis extensamente nos ocuparemos máis adiante—, examínanse agora os procedementos finalizados de modo distinto a sentenza, que neste ano alcanzaron a cifra total de 171.182, cun descenso interanual de -8.236 (-4,59%) e unha porcentaxe do 90,86% na cifra total de rematados (188.407), así como de 79,36% na cifra total de tramitados (215.701). Por procedementos, é o de dilixencias previas (DP) o que, con 167.688, conta co maior peso porcentual (97,96%) desas formas de terminación alternativas á sentenza.

Dentro desas formas alternativas de terminación pódese distinguir entre finalización anticipada e terminación por transformación noutro procedemento (delito ou falta).

Terminación por finalización anticipada (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivamento)

Consta a cifra total de 154.880 procedementos así rematados, cun descenso interanual de -4.979 (-3,11%) e unhas porcentaxes do 82,21% e do 71,80%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. O 98,56% destas terminacións anticipadas corresponden ao procedemento de dilixencias previas, cunha cifra total de 152.653, distribuídas entre 38.389 acumulacións/inhibicións, 18.493 arquivamentos definitivos e 95.771 sobresementos provisionais. Podemos distinguir dous grupos básicos de finalización anticipada:

- *Acumulacións/inhibicións*: 36.678 —todas en DP, agás 289 en DU— que experimentaron un descenso interanual de -7.304 (-15,39%), con porcentaxes do 20,53% e do 17,00%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados.

- *Sobresementos/arquivamentos*: 116.202 no conxunto de todos os procedementos, cun aumento de 2.055 (1,80%) e porcentaxes do 61,67% e do 53,87%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. O 98,33% destes sobresementos/arquivamentos producíronse en DP, cunha cantidade total de 114.264, distribuída entre 18.493 arquivamentos definitivos e 95.771 sobresementos provisionais.

Terminación por transformación noutro procedemento

Figura unha cifra total de 16.302 procedementos rematados desta forma, cun descenso interanual de -3.257 (-16,55%) e porcentaxes do 8,65% e do 7,56%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A cifra total destas terminacións divídese entre 10.077 transformacións por delito (61,81%) e 5.997 transformacións por falta (36,79%), ademais doutras 228 (1,40%) transformacións sen especificar (delito ou falta). O 92,23% das transformacións, concretamente, 15.035, producíronse en DP, cifra distribuída entre 5.853 por falta e 9.182 por delito.

1.1.1.2.3. Procedementos pendentes ao final do ano

Da estatística fiscal de 2015 resulta a cantidade total de 27.294 procedementos por delito pendentes ao final do ano, é dicir, en trámite e sen rematar, o que supón un descenso interanual de -4.076 (-12,99%), cifra resultante da operación [procedementos tramitados] - [procedementos terminados] = [procedementos pendentes]. A maior cifra desta pendencia concéntrase, con 16.363 (59,95%), no procedemento de dilixencias previas (DP).

1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Trátase da actividade desenvolvida pola nosa Fiscalía en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF proceden da estatística propia da Fiscalía; os demais, da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNx) contrastada coa estatística fiscal.


EXPOSICIÓN DE DATOS

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO XERAL DO MOVEMENTO DE ASUNTOS - ANO 2015			
	ANO 2015	ANO 2014	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	81	73	8 (10,96%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	11	8	3 (37,50%)
INCOADOS NO ANO	70	65	5 (7,69%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0
REMATADOS NO ANO	69	62	7 (11,29%)
PENDENTES AO FINAL DE ANO	12	11	1 (9,09%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MF - ANO 2015			
	ANO 2015	ANO 2014	V.I.
INGRESADOS NA FISCALÍA	57	60	-3 (-5%)
DITAMES EMITIDOS	39	48	-9 (-18,75%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDOS	7	11	-4 (-36,36%)
RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESOLUCIÓN DEFINITIVAS (SENTENZAS E AUTOS DEFINITIVOS) E RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS -2015			
	ANO 2015	ANO 2014	V.I.
SENTENZAS	7	10	-3 (-30%)
AUTOS DEFINITIVOS	63	52	11 (21,15%)
RECURSOS DE CASACIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DEFINITIVAS SALA TSX (ELEVADOS EN PERÍODO)	5	11	-6 (-54,54%)

PROCEDEMENTOS PENAIS- TSX GALICIA 2015



ANÁLISE DE DATOS

Procedementos penais ingresados na Fiscalía

Constan as seguintes cifras

TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS DO TSX DE GALICIA INGRESADOS NA FISCALÍA - ANO 2015	
TOTAL PROCEDEMENTOS	57
APELACIÓNS EN PROCEDEMENTO DO XURADO	8
PROCEDEMENTOS CONTRA PERSOAS AFORADAS	34
CUESTIÓNS DE COMPETENCIA	14
OUTROS PROCEDEMENTOS	1

Intervención do MF: cualificacións e ditames; xuízos e vistas, e recursos de casación

-*Cualificacións*. Igual que no ano anterior, non se formulou ningunha cualificación fiscal ante a Sala do TSX de Galicia (causas contra aforados).

-*Ditames*. Efectuouse en 2015 un total de 39 ditames en materia penal, cun descenso interanual de -9 (-18,75%) e a seguinte distribución: 14 ditames de competencia nas 14 cuestións de competencia incoadas no ano; 23 ditames dos procedementos penais por delito (contra aforados); 1 en procedemento de recurso de queixa; e 1 en procedemento de apelación do xurado.

- *Xuízos e vistas*. Non se celebrou ningún xuízo nos procedementos competencia do TSX de Galicia (aforados), se ben si se celebraron 7 vistas de apelación contra resolucións ditadas polas audiencias provinciais no procedemento do Tribunal do Xurado (PX), coa asistencia do fiscal, cun descenso de -4 (-36,36%) con respecto ao ano anterior.

- *Recursos de casación*. Non consta ningún interposto polo fiscal en 2015, mais si consta na estatística xudicial a cifra de 5 recursos de casación elevados durante o ano, cun descenso de -6 (-54,54%).

Resolucións definitivas (sentenzas e autos)

Foron ditadas 7 sentenzas, cun descenso de -3 (-30%), todas elas ditadas en apelacións do procedemento do xurado. Tamén constan ditados 63 autos definitivos, cun incremento de 11 (21,15%).

1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.3.1. Dilixencias previas de procedemento abreviado (DP)

1.1.3.1.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	5.877	5.504	2.528	10.660
	INCOADAS NO ANO	50.433 ³	16.496	17.566	72.957
	INCOADAS NO ANO CON ENTRADA NA FISCALÍA (INGRESADAS)	46.013	16.197	17.283	71.901
	REABERTAS NO ANO	503	363	434	730
	TOTAL TRAMITADAS	56.813	22.363	20.528	84.347
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	5.612	4.730	1.698	4.323
FINALIZADAS	POR ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	7.908	3.582	4.635	22.264
	POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	2.108	2.985	1.341	12.059
	POR SOBRESEMENTO PROVISIONAL	35.722	9.095	10.974	39.980
	TOTAL FINALIZADAS	45.738	15.662	16.950	74.303
TRANSFORMADAS	EN XUÍZO DE FALTAS	1.977	794	848	2.234
	EN XUÍZO DELITOS LEVES	0	0	0	0
	EN P. ABREVIADO	3.204	1.080	876	2.969
	EN SUMARIO	21	2	7	26
	EN TRIBUNAL XURADO	4	3	0	10
	EN D. URXENTES	257	92	149	482
	TOTAL TRANSFORMADAS	5.463	1.971	1.880	5.721
TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)		51.201	17.633	18.830	80.024

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

	GALICIA 2015	GALICIA 2014	V.I.
VOLUME			
PENDENTES A 1 DE XANEIRO	24.569 ²	35.408	-10.839 (-30,61%)
INCOADAS NO ANO	157.452 ⁴	162.028	-4.576 (-2,82%)
INCOADAS NO ANO CON ENTRADA NA FISCALÍA (INGRESADAS)	151.394	157.468	-6.074 (-3,86%)
REABERTAS NO ANO	2.030 ⁵	2.550	-520 (-20,39%)
TOTAL TRAMITADAS	184.051 ⁶	199.986	-15.935 (-7,97%)
PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	16.363 ⁷	24.569	-8.206 (-33,40%)
FINALIZADAS			
POR ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	38.389	45.388	-6.999 (-15,42%)
POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	18.493	16.027	2.466 (15,39%)
POR SOBRESEMENTO PROVISIONAL	95.771	95.963	-192 (-0,20%)
TOTAL FINALIZADAS	152.653	157.378	-4.725 (-3,00%)
TRANSFORMADAS			
EN XUÍZO DE FALTAS	5.853	7.836	-1.983 (-25,31%)
EN XUÍZO DELITOS LEVES	0		0%
EN P. ABREVIADO	8.129	9.074	-945 (-10,41%)
EN SUMARIO	56	63	-7 (-11,11%)
EN TRIBUNAL XURADO	17	23	-6 (-26,09%)
EN D. URGENTES	980	1.043	-63 (-6,04%)
TOTAL TRANSFORMADAS	15.035	18.039	-3.004 (-6,65%)
TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)	167.688 ⁸	175.417	-7.729 (-4,41%)


1.1.3.1.2. Análise de datos

DP tramitadas (pendentes ao inicio ano, incoadas e reabertas) ⁹

Datos globais de DP tramitadas


De acordo coa estatística fiscal, consta a cifra total de 184.051 DP tramitadas en Galicia en 2015, no conxunto de todas as provincias, cun descenso interanual de -15.935, equivalente ao -7,97%, e unha elevada porcentaxe do 85,33% na cifra total de procedementos tramitados por delito na nosa Comunidade no mesmo ano (215.701), o que o converte, como todos os anos, no procedemento penal tramitado cun maior peso cuantitativo, dada a súa función procesual de filtro preliminar.

D. PREVIAS - GALICIA 2015 - DATOS TOTAIS



Ao longo do período 2010-2015 as cifras de DP tramitadas son as reflectidas no gráfico seguinte, cunha media anual de 234.111. Ademais destas DP das provincias galegas, cómpre ter en conta as tramitadas no TSX de Galicia, que son 42.

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS GALICIA - PERÍODO 2010- 2015



Datos particulares por provincias de DP tramitadas

- 1º) Pontevedra: 84.347, cun descenso interanual de -5.759 (-6,39%) e unha porcentaxe do 45,83% na cifra total mencionada (184.051).
- 2º) A Coruña: 56.813, cun descenso de -6.457 (-10,21%) e un peso do 30,87%.
- 3º) Lugo: 22.363, cun descenso de -2.007 (-8,24%) e unha porcentaxe do 12,15%.
- 4º) Ourense: 20.528, cun descenso de -1.712 (-7,70%) e un peso do 11,15%

Datos particulares das DP tramitadas. DP incoadas e “incoadas con entrada en Fiscalía”.

A cifra total de 184.051 DP tramitadas en 2015 desdóbrase nas seguintes cantidades concretas:

- Pendentes a inicio de ano: 24.569, cun descenso interanual de -10.839 (-30,61%) e unha porcentaxe do 13,35% no total de DP tramitadas
- Reabertas: 2.030, cun descenso de -520 (-20,39%) e unha porcentaxe do 1,10%.
- Incoadas: 157.452, cun descenso interanual de -4.576 (-2,82%) e unha porcentaxe do 85,85% na cifra total de DP tramitadas (184.051), así como dun elevado 85,95% na cifra total de procedementos incoados na comunidade autónoma (183.186). Como sempre, é o procedemento penal con maior peso cuantitativo.

Durante o período 2010-2015 as cifras de DP incoadas foron: 237.491 en 2010; 228.983 en 2011; 186.294 en 2012; 174.562 en 2013; 162.028 en 2014; e 157.452 en 2015. A cifra media anual nese período foi de 191.135. Á parte, hai que ter en conta as 39 DP incoadas no TSX de Galicia (causas contra persoas aforadas).

Datos particulares por provincias das DAP incoadas

- 1º** Pontevedra: 72.957, cun descenso interanual de -17.149 -29 (-0,04%) e unha porcentaxe do 46,34% no total das provincias de Galicia (157.452).
- 2º** A Coruña: 50.433, cun descenso de -3.427 (-6,36%) e un peso do 32,03%.
- 3º** Ourense: 17.566, cun descenso de -1.357 (-0,86%) e unha porcentaxe do 11,16%.
- 4º** Lugo: 16.496, cun lixeiro aumento de 237 (1,46%) e un peso do 10,48%.


Especial referencia ás DP incoadas no ano con entrada na Fiscalía (“ingresadas”)

Consta en 2015 que da cifra total de 157.452 DP incoadas só tiveron entrada na Fiscalía (“ingresadas”) un total de 151.394, cun descenso de -6.074 (-3,86%) con respecto ao ano anterior, o cal supón un elevado 96,15%, datos que evidencian unha continua mellora na interoperabilidade e no intercambio de datos das incoacións das DP entre os xulgados e a Fiscalía (entendemento Minerva-Fortuny). De todos os xeitos, este optimismo debe ser matizado, posto que fronte á cifra da estatística fiscal de 157.452 incoacións de DP en 2015, os datos da estatística xudicial (obtida do PNX) permítenos dicir que a cifra desas incoacións alcanza realmente as 184.122 (no conxunto de todos os xulgados que incoan estes procedementos), co que as 151.394 DP ingresadas na Fiscalía supoñerían, con maior probabilidade, un 82,22% da totalidade real incoada, cifra menor que a anterior de 96,15%, mais igualmente estimable.

En calquera caso, a diferenza entre ambas as dúas cifras da estatística fiscal (total incoadas e incoadas “ingresadas”) é en 2015 de só 6.058 procedementos, equivalente a un 3,85%.

Ao longo do período 2010-2015 a cifra media anual das dilixencias “ingresadas” foi de 180.527, cunha ratio media de 94,45% respecto da cifra media anual de dilixencias incoadas (191.135).

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA (“INGRESADAS”) GALICIA - PERÍODO 2010- 2015



Facendo unha razoable extrapolación de datos, pode dicirse que algo máis das tres cuartas partes (82,94%) das DP ingresadas en 2015 —concretamente, 125.567,09— remataron por finalización anticipada (acumulación/inhibición, arquivamento definitivo ou sobresemento provisional); o 8,17% (12.367,27) terminaron por transformación noutro procedemento; e finalmente o 8,89% (13.459,64) quedaron pendentes ao final do ano.


DP rematadas. Especial referencia á terminación por acumulación/inhibición

Datos totais de DP rematadas

Conforme á estatística fiscal, hai en 2015 unha cifra total de 167.688 DP rematadas, cun descenso interanual de -7.729 (-4,41%, e unha alta porcentaxe do 91,11% no total de DP tramitadas (184.051).

Durante o período 2010-2015, as cifras totais de DP rematadas foron: 240.505 en 2010; 232.449 en 2011; 194.435 en 2012; 184.566 en 2013; 175.417 en 2014; e 167.688 en 2015. A cifra media anual de DP rematadas nese período foi de 199.177.

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TERMINADAS GALICIA - PERÍODO 2010- 2015



Datos particulares por provincias de DP rematadas

1º) Pontevedra: 80.024, cun lixeiro aumento interanual de -578 (-0,73%) e unha porcentaxe do 47,72% no total das provincias de Galicia (167.688).

2º) A Coruña: 51.201, cun descenso de -6.192 (-10,79%) e un peso do 30,53%.

3º) Ourense: 18.830, cun descenso de -882 (-4,47%) e unha porcentaxe do 11,23%.

4º) Lugo: 17.633, cun descenso de -1.233 (-6,54%) e un peso do 10,51%.

Datos particulares de DP rematadas


A cifra total de DP rematadas en 2015 (167.688) distribúese entre finalizacións anticipadas e transformacións de procedemento.

A cifra total de DP rematadas en 2015 (167.688) distribúese entre finalizacións anticipadas e transformacións de procedemento.

Finalización anticipada (FA): 152.653, cun descenso interanual de -4.725 (-3,00%), unha porcentaxe do 91,03% da cifra total de rematadas e a seguinte distribución entre as tres modalidades concretas de acumulación/inhibición, arquivamento definitivo e sobresemento provisional.

Acumulación/inhibición: 38.389, cun descenso interanual de -6.999 (-15,42%, lonxe do -32,49% do ano 2012) e cun peso do 25,15% na cifra total de rematadas por FA. Ademais, representan importantes porcentaxes do 20,86%, 24,38% e 22,89% respecto das cifras de DP tramitadas, incoadas e rematadas no ano. Na seguinte táboa móstrase a evolución de cifras durante o período dos anos 2010 a 2015:

EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN DATOS TOTAIS DE GALICIA - EVOLUCIÓN ANOS 2010- 2015



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN PERÍODO ANOS 2010-2015					
ANO	CIFRA	V.I.	% RESPECTO CIFRA TRAMITADAS	% RESPECTO CIFRA INCOADAS	% RESPECTO CIFRA REMATADAS
2010	80.499	-14.216 (-15,01%)	28,45% (de 282.952)	33,90% (de 237.491)	33,98% (de 236.903)
2011	77.190	-3.309 (-4,11%)	27,48% (de 280.914)	33,71% (de 228.983)	33,21% (de 232.449)
2012	52.114	-25.076 (-32,49%)	22,01% (de 236.791)	27,97% (de 186.294)	26,80% (de 194.435)
2013	48.301	-8.982 (-5,16%)	21,96% (de 219.974)	27,67% (de 174.562)	26,17% (de 184.566)
2014	45.388	-2.913 (-6,03%)	22,70% (de 199.986)	28,01% (de 162.028)	25,87% (de 175.417)
2015	38.389	-6.999 (-15,42%)	20,86% (de 184.051)	24,38% (de 157.452)	22,89% (de 167.566)

A precedente evolución de cifras evidencia a progresiva tendencia á diminución e “normalización” da terminación de DP mediante acumulacións /inhibicións, no período 2010-2015. Entre o inicio e o final do período constátase un gran descenso de -42.110, equivalente a máis da metade (52,31%), cunha cifra media anual de 56.980. O punto álxido do ciclo supúxoo o ano inicial, 2010, con 80.499 (incluso era superior, con 94.715, en 2009), cun apreciable descenso interanual de -14.216 (-15,01%). A partir de aí a cifra xeral foi diminuíndo e normalizándose, ata finalmente se situar en 38.389 en 2015 (-15,42%).

Polo que se refire aos datos particulares por provincias, igual que os datos totais referidos, obsérvase unha similar tendencia de diminución e normalización, como se plasma no cadro que segue. En canto a 2015, obsérvase diminución en tres provincias que o ano anterior aumentaran (Lugo, Ourense e Pontevedra), e na outra (A Coruña), un descenso moi inferior ao do ano anterior.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA
TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN - AÑO 2015
DATOS POR PROVINCIAS

PROVINCIA	CIFRA	V.I.	OBSERVACIÓNS
A CORUÑA	7.908	-4.179 (-34,57%)	Apreciable descenso en 2015, fronte ao leve do ano anterior (-3,43%)
LUGO	3.582	-532 (-12,93%)	Lixeiro descenso en 2015, fronte ao pequeno do ano anterior (-3,77%)
OURENSE	4.635	-724 (-13,51%)	Lixeiro descenso en 2015, fronte ao maior e apreciable do ano anterior (-20,14%)
PONTEVEDRA	22.264	-1.564 (-6,56%)	Pequeno descenso en 2015, similar ao do ano pasado (-3,88%)
TOTAL GALICIA	38.389	-6.999 (-15,42%)	Lixeiro descenso en 2015, superior ao máis pequeno do ano anterior (-6,03%)

- *Arquivamento definitivo*: 18.493, cun aumento interanual de 2.466 (-15,39%) e cunha porcentaxe do 12,11% na cifra total de FA (152.653), así como do 11,03% na de DP terminadas (167.688). Destaca, como en anos anteriores o elevado volume de Pontevedra, onde constan 12.059 arquivamentos definitivos, cun importante aumento interanual de 2.965 (32,60%), que representa as 2/3 partes (65,21%) do conxunto das provincias galegas.

- *Sobresemento provisional*: 95.771, cun leve descenso de -192 (-0,20%) e un peso do 62,74% no total de FA, así como do 57,11% na de DP rematadas.

Transformación (TF): 15.035, cun descenso interanual de -3.004 (-6,65%) e unha porcentaxe do 8,97% da cifra total de rematadas (167.688). A cifra total de TF en DP distribúese entre estas dúas modalidades concretas:

- Transformacións en xuízo de faltas (XF): 5.853, cunha variación interanual de -1.983 (-25,31%) e unha porcentaxe do 38,93% na cifra total de TF.

- *Transformacións en procedementos por delito*: 9.182, cun descenso de -1.021 (-10,01%) e un peso do 61,07% na cifra total de TF. Estas transformacións distribúense entre 0 de PDL, 8.129 de PA, 56 de SU, 17 de PX e 980 de DU.

DP pendentes a final de ano

Conforme a estatística fiscal, consta a cifra de 16.363 DP pendentes ao final do ano, cun descenso interanual de -8.206 (-33,40%) e cunha porcentaxe do 8,89% no total de DP tramitadas (184.051). A distribución por provincias desta pendencia é como segue: A Coruña, 5.612; Pontevedra, 4.323; Lugo, 4.730; e Ourense, 1.698. Os datos globais e provinciais expostos obtivéronse a partir da operación tramitados - rematados = pendentes.

1.1.3.2. Procedementos abreviados (PA)


ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS ABREVIADOS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	2.343	1.168	610	1.400
	REABERTOS DURANTE O ANO	68	55	55	73
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS LABORAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MF. AÑO 2015			
	AÑO 2015	AÑO 2014	V.I.
INGRESADOS EN FISCALÍA	80	92	-12 (-13,04%)
DITAMES EMITIDOS	11	15	-4 (-26,67%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDOS	7	6	1 (16,67%)
RECURSOS CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS LABORAIS DO TSX DE GALICIA RESOLUCIÓN DEFINITIVAS (SENTENZAS E AUTOS DEFINITIVOS) E RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS 2015			
	AÑO 2015	AÑO 2014	V.I.
SENTENZAS	7.323	6.178	-1.145 (-18,53%)
AUTOS DEFINITIVOS	136	149	-13 (-8,82%)
RECURSOS DE CASACIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DEFINITIVAS SALA TSX (ELEVADOS EN PERÍODO)	314	379	-65 (-17,15%)

PROCEDEMENTOS LABORAIS TSX DE GALICIA 2015



ANÁLISE DE DATOS

Datos xerais dos procedementos laborais

Consonte a estatística xudicial do ano 2015, constan 11.996 procedementos laborais tramitados, con descenso interanual de -1.241 (-9,38%). A meirande parte deses procedementos tramitados son recursos de suplicación dos xulgados do social, concretamente 11.835 (98,66% do total tramitado). Dentro da referida cifra total de tramitados, foron incoados ou ingresados no ano 5.143 procedementos.

Malia esas elevadas cifras de tramitación e incoación, segundo resulta da estatística fiscal no ano 2015 só ingresaron na Fiscalía 80 procedementos (independentemente da data de incoación no TSX), con descenso interanual de -12 (-13,04%) e un exíguo 0,67% dos tramitados no ano e do 1,56% dos incoados.

Intervención do MF: ditames, xuízos e vistas, recursos de casación

- *Ditames emitidos.* De acordo coas propias fontes de Fiscalía, foron emitidos no 2015 un total de 11 ditames, con descenso interanual de -4 (-26,67%), distribuídos entre 1 informe de competencia e 10 ditames en recursos de suplicación.
- *Xuízos e vistas asistidas.* Segundo a estatística xudicial constan 27 sinalamentos celebrados ante o Tribunal, se ben só constan, consonte a estatística fiscal, 7 vistas asistidas polo MF, con incremento interanual de 1 (16,67%).
- *Recursos de casación interpostos.* Non consta ningún interposto polo MF, se ben a estatística xudicial reflicte 314 elevados no ano, con descenso de -65 (-17,14%).

Resolucións definitivas ditadas (sentenzas e autos definitivos)

Consonte a estatística xudicial, ditáronse en 2015 un total de 7.323 sentenzas, con descenso interanual de -1.145 (-18,53%), así como 136 autos definitivos, con lixeiro descenso de -13 (-8,82%).

SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS

5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO

5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA

5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA

5.6. ÁREA DE MENORES

5.7. ÁREA DE DELITOS INFORMÁTICOS

5.8. ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO

INTRODUCCIÓN: A VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

5.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

5.1.2 VIOLENCIA DE XÉNERO

5.1.2.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO

5.1.2.2. REUNIÓN ESPECIAIZADAS EN VIOLENCIA DE XÉNERO

5.1.2.3. COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE VX: OBSERVATORIO GALEGO DE VX E PROTOCOLO

INTRODUCCIÓN: A VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

Dentro do concepto total de violencia familiar ou intrafamiliar (a que se produce entre membros dunha mesma familia) hai que considerar dúas clases de violencia:

- *Violencia doméstica.* É todo acto de violencia producida no ámbito familiar, excluída a de xénero ou sobre a muller.
- *Violencia de xénero.* Constitúe a violencia física, psicolóxica ou sexual que o home exerza sobre a muller, no ámbito dunha relación de parella ou ex-parella —conxugal ou de feito—, aínda sen convivencia, e que constitúe manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres (LOMPIVX, Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).

5.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA (VD)

De forma sintetizada recóllense nas seguintes táboas os datos e información estatística en materia de violencia doméstica (VD), a partir dos datos contidos nas estatísticas anuais relativas ao ano 2015 das fiscalías provinciais de Galicia.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO) - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2015	ANO 2014	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	PORCENTAXE (%) TOTAL
XUÍZOS RÁPIDOS DILIXENCIAS URXENTES (DU)	66	94	-28 (-29,79%)	4,90%
DILIXENCIAS PREVIAS DE PA (DP)	1.054	908	146 (16,08%)	78,19%
PROCEDEMENTO ABREVIADO (PA)	224	281	-57 (-20,28%)	16,62%
SUMARIO (SU)	2	2	0	0,15%
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	1	2	-1 (-100%)	0,075
PROCED. XURADO INSTRUCCIÓN (PXI)	0	0	0	0%
PROCED. XURADO AUDIENCIA (PXA)	1	0	1 (100%)	0,075%
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS	1.348	1.287	61 (4,74%)	100%

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA PROCEDEMENTOS INCOADOS POR FALTA (XUÍZOS DE FALTAS) - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2015	ANO 2014	V.I.
XUÍZOS FALTAS ORDINARIOS (XFO)	113	79	34 (43,04%)
XUÍZOS FALTAS INMEDIATOS (XFI)	10	21	-11 (-52,38%)
TOTAL XUÍZOS FALTAS	123	100	23 (23%)

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL (DELITOS E FALTAS). DATOS TOTAIS DE GALICIA				
DELITOS	INCOADOS	CUALIFICADOS	SENTENZAS	
			CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	1	1	1	0
ASASINATO INTENTADO	0	1	0	0
HOMICIDIO CONSUMADO	0	0	0	0
HOMICIDIO INTENTADO	0	0	0	0
LESIÓNS	77	57	26	16
MALTRATO OCASIONAL ART. 153.1 CP	759	249	77	73
MALTRATO HABITUAL 173.2 CP	186	86	27	12
ACOSO FAMILIAR 172 TER CP	0	0	0	0
DETENCIÓN ILEGAL	0	3	1	1
AMEAZAS 171.4 CP	17	21	6	4
COACCIÓNS 172.2 CP	5	4	0	0
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	0	0	0	0
VIOLACIÓN	1	1	0	0
ABUSOS SEXUAIS	0	1	1	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	0	1	0	0
VIOLACIÓN DE MORADA	0	0	1	1
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR/ CONDENA	47	49	25	26
NON PAGAMENTO DE PENSIÓNS	5	6	6	0
TOTAL DELITOS 2015	1.098	480	171	133
TOTAL DELITOS 2014	1.270	461	95	108
V.I.	-172 (-13,54%)	19 (4,12%)	76 (80%)	25 (23,15%)

DELITOS LEVES	INCOADOS		SENTENZAS	
			CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
AMEAZAS 171 CP	0		0	0
COACCIÓNS 172 CP	0		0	0
OUTROS	16		1	0
TOTAL DELITOS LEVES	16		1	0
V.I.	--		0	0

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA DATOS TOTAIS GALICIA. CUALIFICACIÓNS FISCAIS	
	ANO 2015
CUALIFICACIÓNS FISCAIS FORMULADAS	407

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA VIOLENCIA DOMÉSTICA. DATOS TOTAIS GALICIA SENTENZAS	
	ANO 2015
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)	254
SENTENZAS CONDENATORIAS	92
SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	94
SENTENZAS ABSOLUTORIAS	162

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR. DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	ANO 2015	ANO 2014	V.I.	%
CÓNXUXE	68	75	-7 (-9,33%)	6,26%
EX-CÓNXUXE	32	35	-3 (-8,57%)	2,95%
PARELLA DE FEITO	64	87	-23 (-26,44%)	5,89%
EX-PARELLA DE FEITO	41	62	-21 (-33,87%)	3,78%
FILLOS	392	371	21 (5,66%)	36,10%
PROXENITORES	226	204	22 (10,78%)	20,81%
NETOS E OUTROS DESCENDENTES	126	125	1 (0,80%)	11,60%
AVÓS E OUTROS ASCENDENTES	4	8	-4 (-50%)	0,37%
PERSOA VULNERABLE QUE CONVIVA CO AGRESOR	1	6	-5	0,09%
OUTROS PARENTES	132	120	12 (10%)	12,15%
TOTAL	1.086	1.093	-7 (-0,64%)	100%

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA MEDIDAS CAUTELARES - ORDES DE PROTECCIÓN - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
	ANO 2015		ANO 2014
PRISIÓN PROVISIONAL (ART. 503 LACrim.)	14		12
ORDE DE AFASTAMENTO, ART. 544 BIS LACrim.)	70		81
ORDES DE PROTECCIÓN (OP) (ART. 544 TER LACrim.)			
INCOADAS (SOLICITADAS)	196	110	86 (78,18%)
ADOPTADAS	144	59	85 (144,07%)
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS PENAIAS	101	53	48 (90,57%)
ADOPTADAS CON MEDIDAS CIVÍS E PENAIAS	3	5	-2 (-40%)
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS CIVÍS	1	1	0
DENEGADAS	52	51	1 (1,96%)

5.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO (VX)

5.1.2.1. ESTATÍSTICA FISCAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO

POBOACIÓN FEMININA E DENUNCIAS

NÚMERO DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. MULLERES FALECIDAS

PROCEDEMENTOS INCOADOS

CUALIFICACIÓNS FISCAIS

SENTENZAS

INFRACCIÓNS PENAIS ASOCIADAS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS

(DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

PARENTESCO DE VÍTIMA CO AGRESOR

ORDES DE PROTECCIÓN

Nesta estatística propia da Fiscalía recóllese unha exposición e análise de datos estatísticos en materia de violencia de xénero (VX) durante o ano 2015 en Galicia. A fonte principal é a propia estatística fiscal (as estatísticas anuais das fiscalías provinciais galegas). Tamén se utilizan nalgúns apartados, como fontes complementarias ou aclaratorias, outras fontes xudiciais ou administrativas, en tal suposto así se indica.

Poboación feminina e denuncias

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS DE GALICIA POBOACIÓN FEMININA, DENUNCIAS E RENUNCIAS FORMULADAS (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ADMINISTRATIVA)				
	GALICIA	ESPAÑA	PORCENTAXE (%)	% DATOS GALICIA EN TOTAL ESPAÑA
POBOACIÓN FEMININA (poboación residente)	1.412.014 (96,85% ESPAÑOLAS; 3,15% EXTRANJERAS)	23.623.019 (90,69% ESPAÑOLAS; 9,31% EXTRANJERAS)	100%	5,98%
DENUNCIAS FORMULADAS	5.210 (1 = 0,20%)	129.193 (2.451 = -1,93%)	100%	4,03%
RATIO DE DENUNCIAS/ 10.000 MULLERES	36,88	54,69		
RENUNCIAS A CONTINUACIÓN DO PROCESO	286 (-165=36,59%)	15.321 (-400= -2,54%)	100%	1,87%
RATIO DE RENUNCIAS/ DENUNCIAS	5,49%%	12,03%		

POBOACIÓN FEMININA E DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO GALICIA 2015

POBOACIÓN FEMININA GALICIA

1.412.642

DENUNCIAS VX GALICIA

5.210

ANÁLISE DE DATOS

Segundo as fontes dos institutos estatísticos oficiais, a principios do ano 2015 había unha poboación feminina en Galicia de 1.412.214 mulleres, con descenso interanual de -6.211 (-0,44%) e unha porcentaxe do 5,98% na cifra equivalente a nivel estatal (23.623.019). Xa que logo, a poboación feminina galega representa o 51,66% da poboación de Galicia (2.734.656) e distribúese entre 1.368.185 de nacionalidade española (96,85%) e 44.457 de nacionalidade estranxeira (3,15%).

No ano 2015, segundo a estatística xudicial, foron formuladas 5.210 denuncias por VX en Galicia, con aumento interanual de só 1 (0,02%) e unha ratio de 4,03 das denuncias presentadas en toda España (129.193), así como unha ratio de 36,88 denuncias/10.000 mulleres en Galicia (é de 54,69 a nivel estatal). Na mesma anualidade houbo en Galicia unha ratio de 5,49% renuncias/denuncias, inferior á de 11,86% rexistrada a nivel de toda España.

Número de mulleres vítimas de violencia de xénero. Mulleres falecidas

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS GALICIA
NÚMERO DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
(DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL
E ADMINISTRATIVA)

	GALICIA	%	ESPAÑA	%	% DATOS GALICIA EN DATOS ESPAÑA
TOTAL MULLERES VÍTIMAS	5.211 (2 =0,04%)	100%	129.193 (estimado) (2.451 =-1,93%)	100%	4,03%
DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA	4.380 (estimado)	84,05%	90.306 (estimado)	69,90% (estimado)	4,85%
DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA	831 (estimado)	15,95%	38.887 (estimado)	30,10% (estimado)	2,14%
MULLERES FALECIDAS	8 (2 =33,33%)		60 (6=11,11%)	100%	13,33%

POBOACIÓN FEMININA E DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO
GALICIA 2015

MULLERES VÍTIMAS VX

5.211

MULLERES FALECIDAS VX

8

ANÁLISE DE DATOS

Cifras xerais de mulleres vítimas

Consonte coas mesmas fontes xudiciais, houbo en Galicia durante 2015 un total de 5.211 mulleres vítimas de VX (unha máis que o número de denuncias interpostas), que representan o 4,03% da cifra estatal. Tendo en conta que a poboación feminina de Galicia en 2015 era de 1.412.642, pode dicirse que o 0,37% foron vítimas da referida violencia, se ben non hai que esquecer que este ano foron 8 as vítimas mortais.

Distribución por nacionalidade da cifra total de vítimas (5.211):

- 4.380 españolas (cifra estimada), que representan o 84,05% da totalidade de Galicia (5.211) e o 4,85% da estatal).
- 831 estranxeiras (cifra estimada), que supoñen o 15,95% no total de Galicia e o 2,14% no de España.

Especial referencia a mulleres falecidas

Especial mención debe facerse á cifra concreta de mulleres falecidas por VX, como expresión máis trágica deste grave fenómeno delituoso. Contrastando as distintas fontes (fiscais, xudiciais e administrativas), realízase a seguinte exposición e análise de datos.

EXPOSICIÓN DE DATOS


VIOLENCIA DE XÉNERO. PERÍODO ANOS 1999 A 2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA E ESPAÑA MULLERES MORTAS A MANS DA SÚA PARELLA OU EX-PARELLA										
DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA (A PARTIR DO INFORME 2015 VIOLENCIA DE XÉNERO DA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E DE INFORMES 2015 DA DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO (SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE DO MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE)										
ANO	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
MULLERES MORTAS EN GALICIA	2	4	0	3	5	2	1	0	6	7
MULLERES MORTAS EN ESPAÑA	54	63	50	54	71	72	57	68	71	76

ANO	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	V.I.	%
MULLERES MORTAS EN GALICIA	3	2	3	4	3	6	8	2 (33,33%)	13,33%
MULLERES MORTAS EN ESPAÑA	56	73	61	52	54	54	60	6 (11,11%)	100%

Vén de arriba

Continua abaixo

VIOLENCIA DE XÉNERO. GALICIA E ESPAÑA ANOS 1999 A 2015 EVOLUCIÓN DE CIFRA DE MULLERES MORTAS



DESCRICIÓN DE CASOS DE FALECEMENTOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO. GALICIA ANO 2015

(FONTE: INFORME VX XUNTA DE GALICIA REFERIDO AO ANO 2015)

CASO 1	Data: 08.05.2015
	Localidade: Ourense capital
	Idade da vítima: 65 anos
	Idade do agresor: 76 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: cónxuxes
	Método do crime: coiteladas con arma branca
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si
CASO 2	Data: 03.07.2015
	Localidade: Arbo (Pontevedra)
	Idade da vítima: 30 anos
	Idade do agresor: 37 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: ex-parella de feito
	Método do crime: disparo con arma de fogo
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
CASO 3	Fillos/as menores de idade: si
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si
	Data: 06.09.2015
	Localidade: Vigo (Pontevedra)
	Idade da vítima: 46 anos
	Idade do agresor: 31 anos
	Nacionalidade da vítima: brasileira
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: ex-parella de feito
	Método do crime: múltiples golpes
CASO 4	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si
	Data: 05.10.2015
	Localidade: Vigo
	Idade da vítima: 34 anos
	Idade do agresor: 55 anos
	Nacionalidade da vítima: portuguesa
	Nacionalidade do agresor: española
CASO 4	Tipo de relación: parella de feito
	Método do crime: múltiples golpes
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): non procede, por suicidio do agresor.

Continúa na páxina seguinte


Ven da páxina anterior

CASO 5	Data: 24.10.2015
	Localidade: Pontevedra cidade
	Idade da vítima: 38 anos
	Idade do agresor: 34 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: ex parella de feito
	Método do crime: coiteladas con arma branca
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si
CASO 6	Data: 29.10.2015
	Localidade: Vigo
	Idade da vítima: 71 anos
	Idade do agresor: 62 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: parella de feito
	Método do crime: botada por unha ventá
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si
CASO 7	Data: 29.12.2015
	Localidade: Narón (A Coruña)
	Idade da vítima: 79 anos
	Idade do agresor: 79 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: cónxuxes
	Método do crime: coiteladas con arma branca
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/as menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): non
CASO 8	Data: 29.12.2015
	Localidade: Mos (Pontevedra)
	Idade da vítima: 69 anos
	Idade do agresor: 71 anos
	Nacionalidade da vítima: española
	Nacionalidade do agresor: española
	Tipo de relación: cónxuxes
	Método do crime: múltiples golpes
	Denuncia previa por violencia: non
	Orde de protección vixente: non
	Fillos/ás menores de idade: non
	A Xunta de Galicia amosouse parte no caso (acción popular): si

Procedementos incoados (por delito e falta)

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO DATOS TOTAIS GALICIA. PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO)					
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2015	ANO 2014	V.I.	%	% EN CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS
DILIXENCIAS URXENTES (DU)	1.758	1.948	-190 (-9,75%)	28,47%	22,49% (DE 7.817 DU INCOADAS)
XUÍZOS RÁPIDOS (XR)	317	370	-53 (-14,32%)	5,13%	
DILIXENCIAS PREVIAS EN XULGADO DE INSTRUCCIÓN (DP)	3.316	3.736	-420 (-11,24%)	53,70%	2,11% (DE 157.452 DP INCOADAS)
PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO PENAL (PA)	757	939	-182 (-19,38%)	12,26%	9,31% (DE 8.129 PA INCOADOS)
SUMARIOS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (SU)	12	7	5 (71,43%)		
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO) EN AUDIENCIA PROVINCIAL	9	12	-3 (-25%)		
PROCEDEMENTO DO XURADO EN XULGADO INSTRUCCIÓN (PXI)	3	3	0		
PROCEDEMENTO DO XURADO EN AUDIENCIA PROVINCIAL (PXA)	3	3	0		
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS	6.175	7.018	-843 (-12,01%)	100%	3,37% (DE 183.186 CIFRA TOTAL GALICIA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS)

VIOLENCIA DE XÉNERO. GALICIA 2015
PROCEDEMENTOS INCOADOS POR DELITO. RESUMO ESTADÍSTICA FISCAL



Cualificacións fiscais

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS GALICIA CUALIFICACIÓNS FISCAIS			
	ANO 2015	ANO 2014	V.I.
CUALIFICACIÓNS FISCAIS FORMULADAS	1.637	2.016	-379 (-18,80%)
PORCENTAXE RESPECTO DA CIFRA TOTAL DE CUALIFICACIÓNS EN GALICIA	12,89% (RESPECTO DE 12.696)	17,12% (RESPECTO DE 14.383)	
% CIFRA PROCEDEMENTOS INCOADOS EN VIOLENCIA XÉNERO	26,51% (RESPECTO DE 6.175)	32,40% (RESPECTO DE 7.603)	

VIOLENCIA DE XÉNERO 2015. CUALIFICACIÓNS FISCAIS
DATOS XERAIS

TOTAL CUALIFICACIÓNS

1.637

PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL CUALIFICACIÓNS

12,89 %

RATIO ESPECÍFICA CUALIFICACIÓNS VX /
PROCEDEMENTOS INCOADOS VX

26,51 %

RATIO XERAL CUALIFICACIÓNS / PROCEDEMENTOS INCOADOS

6,93 %


ANÁLISE DE DATOS

Segundo a estatística fiscal de 2015 figuran 1.637 cualificacións fiscais efectuadas en materia de VX, cun descenso interanual de -379 (-18,80%), así como unha porcentaxe do 12,89% respecto ao total de cualificacións en Galicia no mesmo ano (12.696): 1,29 de cada 10 cualificacións fiscais en Galicia no 2015 fórono por VX.

Ratio das cualificacións (1.637) respecto dos procedementos incoados (6.175). Esta ratio equivale no 2015 a 26,51%: 2,6 de cada 10 procedementos incoados sobre VX rematan sendo obxecto de cualificación fiscal. Esta ratio multiplica 3,83 a ratio xeral do 6,93% que a cifra total de todas as cualificacións en todas as materias (12.696) teñen respecto do global de procedementos incoados en Galicia no 2015 (183.186): a cifra de procedementos tramitados en VX que chega a ser obxecto de cualificación fiscal é case catro veces superior que a media xeral.

Distribución por provincias do número de cualificacións (1.637): A Coruña, 638; Lugo, 203; Ourense, 278; e Pontevedra, 518.

ESTADÍSTICA FISCAL 2015. VIOLENCIA DE XÉNERO DELITOS CUALIFICADOS - DATOS TOTAIS DE GALICIA



Sentenzas

ESTADÍSTICA 2015. FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS GALICIA SENTENZAS			
	ANO 2015	ANO 2014	VARIACIÓN INTERANUAL
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)	922	1.377	-455 (-33,04%)
SENTENZAS CONDENATORIAS	480	873	
SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE	88	367	
SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	392	506	
SENTENZAS ABSOLUTORIAS	442	504	

Infraccións penais asociadas aos procedementos xudiciais (delitos incoados, cualificados e sentenciados)


ESTADÍSTICA 2015. FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS DE GALICIA				
NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL (DELITOS E FALTAS)				
DELITOS	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS	
			DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS	DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	2	1	0	0
ASASINATO INTENTADO	0	0	0	0
HOMICIDIO CONSUMADO	5	0	1	0
HOMICIDIO INTENTADO	3	1	2	0
LESIÓNS	245	78	38	64
MALTRATO OCASIONAL ART. 153.1 CP	3.106	742	252	302
MALTRATO HABITUAL 173.2 C.P.	495	143	80	75
ACOSO FAMILIAR ART. 172 TER CP	0	0	0	0
DETENCIÓN ILEGAL	1	1	2	0
AMEAZAS 171.4 CP	264	152	37	94
COACCIÓN 172.2 CP	96	53	11	38
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	14	2	0	1
VIOLACIÓN	2	0	0	0
ABUSOS SEXUAIS	0	0	0	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	6	5	0	0
VIOLACIÓN DE MORADA	1	8	2	1
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR	179	142	40	54
QUEBRANTAMENTO DE CONDENA	71	83	24	34
NON PAGAMENTO DE PENSIÓNS	214	57	17	33
TOTAL DELITOS 2015	4.704	1.468	506	696
TOTAL DELITOS 2014	4.887	1.851	486	696
VARIACIÓN INTERANUAL	-183 (-3,74%)	-383 (-20,69%)	20 (4,12%)	0

DELITOS LEVES	INCOADOS	SENTENZAS	
		CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
AMEAZAS 171 CP	0	0	0
COACCIÓNS 172 CP	0	0	0
OUTROS	29	8	10
TOTAL DELITOS LEVES	29	0	10

Parentesco da vítima co agresor

ESTATÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS DE GALICIA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR				
	ANO 2015	ANO 2014	VARIACIÓN INTERANUAL	PORCENTAXE
CÓNXUXE	886	1.122	-236 (-21,03%)	22,89%
EX-CÓNXUXE	429	513	-84 (-16,37%)	11,08%
PARELLA DE FEITO	992	1.135	-143 (-12,60%)	25,63%
EX-PARELLA DE FEITO	1.036	1.168	-132 (-11,30%)	26,76%
NOIVADO	528	563	-35 (-6,22%)	13,64%
TOTAL	3.871	4.501	-630 (-13,99%)	100%

ESTATÍSTICA FISCAL 2015. VIOLENCIA DE XÉNERO PARENTESCO ENTRE VÍTIMA E AGRESOR




Ordes de protección


ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS GALICIA
ORDES DE PROTECCIÓN (DATOS XERAIS)
TÁBOA DE ELABORACIÓN PROPIA. FONTES UTILIZADAS: ESTADÍSTICA XUDICIAL —
PNX—

	GALICIA	%	ESPAÑA	%	% GALICIA EN DATOS ESPAÑA	RATIO ORDES PROTECCIÓN/ DENUNCIAS FORMULADAS (5.210 DENUNCIAS EN GALICIA E 129.193 EN ESPAÑA)
OP INCOADAS (SOLICITADAS)	1.564 (237=17,86%)	100%	36.292 (3.125=9,42%)	100%	4,31%	30,02% EN GALICIA E 28,09% EN ESPAÑA
OP ADOPTADAS	930 (101=12,18%)	59,46%	20.820 (2.045=10,89%)	57,37%	4,47%	
OP DENEGADAS	625 (128=25,75%)	39,96%	13.756 (-642=-4,46%)	37,90%	4,41%	

EVOLUCIÓN DE ORDES DE PROTECCIÓN POR VIOLENCIA DE XÉNERO
GALICIA E ESPAÑA. ANOS 2010 A 2015



ESTADÍSTICA XUDICIAL 2015. VIOLENCIA DE XÉNERO ORDES DE PROTECCIÓN. DATOS TOTAIS DE GALICIA



ESTADÍSTICA XUDICIAL 2015. VIOLENCIA DE XÉNERO ORDES DE PROTECCIÓN SOLICITADAS. DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA



5.1.2.2. REUNIÓN ESPECIALIZADAS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Hai que facer mención á reunión dos fiscais delegados provinciais celebrada o día 11.05.2015, presidida polo fiscal superior na propia sede da Fiscalía autonómica, xa mencionada na alínea 8.1.2.3 do capítulo I desta memoria. Asistiron a esta todos os fiscais delegados provinciais de Galicia en materia de VX (agás o de Ourense, por causa xustificada), así como a fiscal encargada da materia en Santiago (dona Pilar Fernández Pérez), quen exerce a representación da Fiscalía de Galicia no Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Os asuntos tratados na reunión (orde do día) foron os seguintes.

- 1) Estudo sobre a conveniencia de que se estableza unha reunión periódica dos fiscais delegados da CA
- 2) Presentación dos traballos para a elaboración do Protocolo de Cooperación Institucional en Violencia de Xénero.
- 3) Propostas, resultado da reunión cos representantes do colexio de psicólogos de Galicia, encargados dos programas relacionados coa violencia de xénero.
- 4) Análise sobre a imposición das penas nestes ilícitos nos distintos xulgados da CA de Galicia.
- 5) Problemas detectados na asistencia letrada de oficio para as vítimas nas dependencias policiais.
- 6) Dilixencias policiais que cómpre realizar cando as agresións ou ameazas se producen en presenza de terceiras persoas (sobre todo non familiares).
- 7) Tempo de resposta nas valoracións integrais de violencia de xénero.

Tras a celebración da reunión, e conforme o acordado no punto 5º, remitiuse un oficio con data do 18.05.2015 á Delegación do Goberno de Galicia, co fin de solicitar o seu auxilio e colaboración para reforzar o servizo de asistencia letrada de oficio ás vítimas de violencia de xénero nas dependencias policiais.

5.1.2.3. COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO: OBSERVATORIO GALEGO DE VX E PROTOCOLO

Como se deixou indicado no apartado 8.2.2.2. do capítulo I desta memoria, a Fiscalía de Galicia colabora coa Xunta de Galicia mediante a súa participación no *Observatorio Galego de Violencia de Xénero* (OGVG), creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. Reitérase aquí o xa exposto no lugar citado, recalcando que no seo do devandito Observatorio se vén traballando na elaboración dun *Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia*, do cal se tratou na mencionada reunión especializada do 13.05.2015.

5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL (SL)

5.2.1. PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS. INFRACCIÓNS PENAIS ASOCIADAS (DELITOS E FALTAS)

5.2.2. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENDENTES. DELITOS ASOCIADOS

5.2.3. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL. DELITOS ASOCIADOS

5.2.4. ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO FISCAL E SENTENZAS DITADAS

5.2.5. BREVE REFERENCIA A DATOS DA ESTATÍSTICA ADMINISTRATIVA

5.2.6. BREVE REFERENCIA AO NOMEAMENTO DO FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO DE SL

Nesta parte realízase unha exposición e análise dos datos e información estatística en materia de sinistralidade laboral (SL), a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. Nun apartado final faise unha breve referencia a datos da estatística administrativa sobre a materia.

5.2.1. PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS. INFRACCIÓNS PENAIS ASOCIADAS (DELITOS E FALTAS)

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS INCOADOS. INFRACCIÓNS PENAIS ASOCIADAS (DELITOS E FALTAS) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
DELITOS										
DELITO DE HOMICIDIO POR ACCIDENTE LABORAL (ART. 142 CP e concordantes)	4	4	1	0	2	5	3	5	10	14
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	0		-1 (-100%)		3 (150%)		2 /66,67%		4 (40%)	
PORCENTAXE (%)	28,57%		0%		35,71%		35,71%		100%	
DELITO DE LESIÓNS POR ACCIDENTE LABORAL (ART. 152.3 CP e concordantes)	235	216	66	43	400	377	744	472	1.445	1.108

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

V.I	-19 (-8,09%)		-23 (-34,85%)		-23 (-5,75%)		-272 (-36,56%)		-337 (-23,32%)	
%	19,49%		3,88%		34,03%		42,60%		100%	
DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (ARTS. 316, 317 e 318 CP)	0	0	14	18	0	0	2	0	16	18
V.I.	0		4 (28,57%)		0		-2 (-100%)		2 (12,50%)	
DELITO LEVE POR MORTE LABORAL POR IMPRUDENCIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
V.I	0		0		0		0		0	
%	0%		0%		0%		0%		0%	
DELITO LEVE LESIÓNS LABORAIS POR IMPRUDENCIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
V.I	0		0		0		0		0	
%	0%		0%		0%		0%		0%	
TOTAL DELITOS	239	220	81	61	402	382	749	477	1.471	1.140
V.I	-19 (-7,95%)		-20 (-24,69%)		-20 (-4,98%)		-272 (-36,32%)		-331 (-22,50%)	
%	19,30%		5,35%		33,51%		41,84%		100%	
FALTAS										
MORTE EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA LEVE (ART. 621.2 CP)	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0
V.I	0		0		0		-1 (-100%)		-1 (-100%)	
%	0%		0%		0%		0%		100%	
LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA GRAVE (ART. 621.1 CP)	0	0	989	15	0	0	0	2	989	17
V.I	0		-974		0		2 (100%)		-972	
%	0%		88,23%		0%		11,77%		100%	
LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA LEVE (ART. 621.3 CP)	0	0	32	15	86	54	1	0	119	69

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

V.I	0		-17 (-53,13%)		-32 (-37,21%)		-1 (-100%)		-50 (-42,02%)	
%	0%		21,74%		78,26%		0%		100%	
TOTAL FALTAS	0	0	1.201	30	86	54	2	2	1.109	86
V.I	0		-1.171		-32 (-37,21%)		0		-1.023	
%	0%		34,88%		62,79%		2,33%		100%	
TOTAL INFRACCIÓNS (DELITOS E FALTAS)	239	220	1.102	91	488	436	751	479	2.580	1.226
V.I	-19 (-7,95%)		-1.011		-52 (-10,66%)		-272 (-36,22%)		1.354 (-52,48%)	
%	17,94%		7,42%		35,56%		39,07%		100%	

SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2015 PROCEDEMENTOS INCOADOS POR DELITO

TOTAL DELITOS	1.140
DELITO HOMICIDIO LABORAL	14
DELITO LESIÓNS LABORAIS	1.108
DELITO RISCO SEN RESULTADO LESIVO	18

ANÁLISE DE DATOS

Datos totais de infraccións penais (delitos e faltas)

Datos totais do período 2010-2015

De acordo coa estatística fiscal, no referido período as cifras totais de infraccións penais foron as seguintes: 4.885 en 2010, 3.139 en 2011, 3.802 en 2012, 1.503 en 2013, 2.580 en 2014 e 1.226 en 2015, cunha media anual de 2.855,83 infraccións.

Datos do ano 2015

Neste último ano consta a mencionada cantidade de 1.226 infraccións, con elevado descenso interanual de -1.354 (-52,48%), dividida entre 1.140 delitos e 86 faltas. Este avultado descenso posiblemente se deba ao feito de que moitas infraccións que antes estaban tipifi-

cadras como faltas agora son delitos leves, que aínda non aparecen no rexistro estatístico da aplicación de Fiscalía (a actual versión de Fortuny). Este efecto reflíctese de forma especial nas faltas.

Datos de delitos

Datos totais do período 2010-2015

Ao longo do mencionado ciclo, as cifras de delitos en materia de SL foron: 4.547 en 2010, 2.859 en 2011, 3.018 en 2012, 1.293 en 2013, 1.471 en 2014 e 1.140 en 2015, cunha media anual de 2.388 delitos.

Datos do ano 2015

Datos xerais. Consta un total referido de 1.140 delitos, con descenso interanual de -331 (-22,50%).

Datos particulares por provincias. A distribución por provincias do número total é a seguinte: Pontevedra, 477 (con porcentaxe do 41,84%); Ourense, 382 (33,51%); A Coruña, 220 (19,30%); e Lugo, 61 (5,35%).

Datos particulares por tipo de delito

- Delito de homicidio por accidente laboral (art. 142 CP). Consta 14 en Galicia, con incremento interanual de 4 (40%) e a seguinte distribución provincial: 5 tanto en Pontevedra como en Ourense, e 4 na Coruña.

- Delito de lesións en accidente laboral (art. 152.3 CP). Figura un total de 1.108, con descenso de -337 (-23,32%), distribuído por provincias desta forma: Pontevedra, 472; Ourense, 377; A Coruña, 216; e Lugo, 43.

- Delito de risco sen resultado lesivo (arts. 316, 317 e 318 CP). É en relación con este tipo delituoso onde se centra a actuación preventiva en materia de SL, aspecto no cal tanto a FXE como esta Fiscalía autonómica galega veñen poñendo énfase. En 2015 o total de Galicia situouse en 18, con aumento de 2 (12,50%), todos en Lugo.

Na seguinte táboa reflíctese a evolución das cifras deste singular tipo delituoso, ao longo do período 2010-2015, tanto a nivel autonómico como provincial.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DELITOS INCOADOS DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (ARTS. 316, 317 E 318 CP) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2010-2015							
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	VARIACIÓN INTERANUAL
A CORUÑA	2	177	385	2	0	0	0
LUGO	3	3	37	23	14	18	4 (28,57%)
OURENSE	3	0	7	0	0	0	0
PONTEVEDRA	2	2	1	0	2	0	-2 (-100%)
TOTAL GALICIA	10	182	430	25	16	18	2 (12,50%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	113,50						

Datos de faltas

-. Datos totais do período 2010-2015

As cifras totais de faltas en materia de SL son as seguintes: 338 en 2010, 280 en 2011, 784 en 2012, 210 en 2013, 1.109 en 2014 e 86 en 2015, cunha media anual de 467,83.

- Datos do ano 2015

A estatística reflicte este ano un total de só 86 faltas en materia de SL, cun elevado descenso interanual de -1.023, atribuíble posiblemente a que, como se deixou indicado, non se reflicte o correspondente “transvasamento” nos novos tipos de “delitos leves”, que aínda non son visibles no rexistro informático. Polo tipo de falta, a exigua cifra distribúese entre 17 faltas de lesións do art. 621.1 do CP e 69 faltas de lesións do art. 621.3.

5.2.2. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENDENTES. DELITOS ASOCIADOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENDENTES. DELITOS ASOCIADOS. DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
DELITO DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL (ART. 142 CP e concordantes)	2	4	3	0	1	8	6	4	12	16
V.I									4 (33,33%)	
%									13,67%	
DELITO DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL (ART. 152.3 CP e concordantes)	22	50	35	6	6	20	19	19	82	95
V.I									13 (15,85%)	
%									81,20%	
DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (ARTS. 316, 317 e 318 CP)	2	0	0	6	3	0	0	0	5	6
V.I									1 (20%)	
%									5,13%	
TOTAL DELITOS	26	54	38	12	10	28	25	23	99	117
V.I	-28 (-107,69%)		-26 (-68,42%)		18 (180%)		-2 (-8%)		18 (18,18%)	
%									100%	


A estatística fiscal ofrece un total de 117 procedementos xudiciais por delito pendentes en 2015, con incremento interanual de 18 (18,18%), coa seguinte distribución: 16 delitos de homicidio, 95 delitos de lesións e 6 delitos de risco sen resultado lesivo.

5.2.3. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL DO MF (DIP). DELITOS ASOCIADOS

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
DIP INCOADAS	4	1	32	29	0	1	6	3	42	34
V.I	-3 (-75%)		-3 (-9,37%)		1(100%)		-3 (-50%)		-8 (-19,05%)	
%	2,94%		85,29%		2,94%		8,82%		100%	
DIP REMATADAS POR ARQUIVAMENTO	3	0	32	29	0	1	2	2	37	32
V.I	-3 (-100%)		-3 (-9,38%)		1 (100%)		0		-5 (-13,51%)	
%	0%		90,63%		3,12%		6,25%		100%	
DIP REMATADAS CON DENUNCIA OU QUERELA (XUDICIALIZACIÓN)	1	0	32	29	0	0	1	1	34	30
V.I	-1 (-100%)		-3 (-9,38%)		0		0		-4 (-11,76%)	
%	0%		96,67%		0%		3,33%		100%	
DIP EN TRÁMITE (PENDENTES AO FINALIZAR ANO)	0	0	0	0	0	0	3	0	3	0
V.I	0		0		0		-3 (-100%)		-3 (-100%)	

SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2015 DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)



ANÁLISE DE DATOS

- Datos totais do período 2010-2015

*Ao longo dese período as DIP incoadas foron as seguintes: 35 en 2010, 57 en 2011, 53 en 2012, 31 en 2013, 42 en 2014 e 34 en 2015, cunha media anual de 42..

- Datos do ano 2015

- Datos xerais. Segundo a estatística fiscal, constan as seguintes cifras totais de DIP:

- 34 incoadas, con descenso interanual de -8 (-19,05%)
- 32 rematadas por arquivamento, con descenso de -5 (-13,51%)
- 30 rematadas con denuncia ou querela fiscal (xudicialización), con descenso de -4 (-11,76%).

- *Datos particulares de DIP incoadas:* 29 en Lugo, 3 en Pontevedra e 1 tanto na Coruña como en Ourense. Na seguinte táboa detállase a evolución de DIP incoadas no período dos anos 2010-2015.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DIP INCOADAS. DATOS TOTAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2010-2015		
ANO	CIFRA ANUAL	V.I
2010	35	-22 (-38,60%)
2011	57	22 (62,86%)
2012	33	-24 (-42,11%)
2013	31	-2 (-6,06%)
2014	42	11 (35,48%)
2015	34	-8 (-19,05%)
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	38,67	

- *Datos particulares de DIP arquivadas:* 29 en Lugo, 2 en Pontevedra e 1 en Ourense.

- *Datos particulares de DIP rematadas con denuncia ou querela fiscal (xudicialización):* 29 en Lugo e 1 en Pontevedra. Nas seguintes táboas reflíctese a evolución das dilixencias xudicializadas durante o período dos anos 2010-2015, primeiro a nivel de Galicia e logo a nivel provincial.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DIP XUDICIALIZADAS (REMATADAS CON DENUNCIA OU QUERELA FISCAL) DATOS TOTAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2010-2015		
ANO	CIFRA ANUAL	V.I
2010	30	-14 (-31,82%)
2011	46	16 (53,33%)
2012	28	-18 (-39,13%)
2013	24	-4 (-14,29%)
2014	34	10 (41,67%)
2015	30	-4 (-11,76%)
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	32	

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DIP XUDICIALIZADAS (REMATADAS CON DENUNCIA OU QUERELA FISCAL) DATOS POR PROVINCIAS. PERÍODO ANOS 2010-2015								
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	V.I	% EN 2015
A CORUÑA	3	2	1	2	1	0	-1 (-100%)	0%
LUGO	24	40	27	20	32	29	-3 (-9,38%)	96,67%
OURENSE	0	0	0	0	0	0	0	0%
PONTEVEDRA	3	4	0	2	1	1	0	3,33%
TOTAL GALICIA	30	46	28	24	34	30	-4 (-11,76%)	100%

5.2.4. ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO FISCAL E SENTENZAS DITADAS EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO FISCAL E SENTENZAS DITADAS EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO MF	20	12	12	12	2	3	21	15	55	42
V.I	-8 (-40%)		0		-1 (-50%)		-6 (-28,57%)		-13 (-23,64%)	
%	28,57%		28,57%		7,14%		35,71%		100%	
SENTENZAS DO XULGADO DO PENAL	27	27	10	10	6	3	14	22	57	62
V.I	0		0		-3 (-50%)		8 (57,14%)		5 (8,77%)	
%	43,55%		16,13%		4,84%		35,48%		100%	
SENTENZAS DA AUDIENCIA PROVINCIAL RESOLUTORIAS DE RECURSOS DE APELACIÓN	6	4	0	0	0	3	5	3	11	10
V.I	-2 (-33,33%)		0		3 (100%)		-2 (-40%)		-1 (-9,09%)	
%	40%		0%		30%		30%		100%	

SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2015 ESCRITOS ACUSACIÓN FISCAL E SENTENZAS

ESCRITOS ACUSACIÓN FISCAL

42

SENTENZAS XULGADOS PENAL

62

SENTENZAS APELACIÓN EN AUDIENCIAS
PROVINCIAIS

10

ANÁLISE DE DATOS

- Datos totais do período 2010-2015

Conforme a estatística fiscal, no referido período constan as seguintes cifras de escritos de acusación fiscal formalizados en materia de SL: 78 en 2010, 56 en 2011, 69 en 2012, 60 en 2013, 55 en 2014 e 42 en 2015, cunha media anual de 60.

- Datos do ano 2015

- Datos de escritos de acusación fiscal

Segundo a estatística, figuran 42 escritos de acusación formalizados polo fiscal en materia de SL durante 2015, con descenso interanual de -13 (-23,64%) e a seguinte distribución por provincias: Pontevedra, 15 (35,71% do total); A Coruña, 12 (28,57%); Lugo, 12 (28,57%); e Ourense, 3 (7,14%). Na táboas seguintes obsérvase a evolución no período 2010-2015, primeiro en Galicia e logo nas provincias.

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL ESCRITOS DE ACUSACIÓN FISCAL DATOS XERAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2010-2015		
ANO	CIFRA ANUAL	V.I.
2010	78	21 (36,84%)
2011	56	-22 (-28,21%)
2012	69	13 (23,21%)
2013	60	-9 (-13,04%)
2014	55	-5 (-8,33%)
2015	42	-13 (-23,64%)
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	60	

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL ESCRITOS DE ACUSACIÓN FISCAL - DATOS POR PROVINCIAS. PERÍODO ANOS 2010-2015								
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	V.I.	% EN 2015
A CORUÑA	36	21	34	29	20	12	-8 (-40%)	2,57%
LUGO	9	2	9	11	12	12	0	28,57%
OURENSE	5	7	3	4	2	3	-1 (-50%)	7,14%
PONTEVEDRA	28	26	23	16	21	15	-6 (-28,57%)	35,71%
TOTAL GALICIA	78	56	69	60	55	42	-13 (-23,64%)	100%

- Datos de sentenzas

Constan 72 sentenzas ditadas en 2015, con incremento interanual de 4 (5,88%), que se distribúen en: 62 sentenzas nos xulgados do penal, con aumento de 5 (8,77%), e 10 en apelacións das audiencias provinciais, con descenso de -1 (-9,09%).

5.2.5. BREVE REFERENCIA A DATOS DA ESTATÍSTICA ADMINISTRATIVA

De acordo coa estatística fiscal, os datos sobre SL ofrecen o seguinte balance en 2015: 1.226 infraccións penais (delitos e faltas), con elevado descenso de -1.354 (-52,48%), que pode atribuírse á falta de rexistro informático dos novos delitos leves que non reflicte o “transvasamento” de faltas a delitos. Ese número de 1.226 infraccións en materia de SL distribúese en: 14 homicidios imprudentes en accidentes laborais, con incremento interanual de 4 (40%); 1.108 delitos de lesións laborais imprudentes, con descenso de -337 (-23,32%); 18 delitos de risco laboral, sen resultado lesivo, con aumento de 2 (12,50%); e 86 faltas de lesións, con elevado descenso de -1.023.

Pero **a información da estatística administrativa**, procedente do estatal INSHT (Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo) e do ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral) ²² **ofrece uns datos máis amplos en materia de SL que demostran, sobre todo, que moitos dos homicidios e lesións imprudentes rexistrados na estatística fiscal ben poden corresponder ao ámbito da SL.** Así, segundo datos provisionais dese ámbito estatístico administrativo no ano 2015 terían ocorrido en Galicia un total 24.411 accidentes laborais con baixa en xornada de traballo, sen contar os accidentes laborais *in itinere*, cun incremento interanual de 1.194 (5,14%). Estas cifras da estatística administrativa distribúense en: 23.991 accidentes leves e 363 graves, que poderían ser un total 24.354 delitos de lesións laborais imprudentes, así como 57 homicidios laborais imprudentes; á parte das cifras derivadas de accidentes *in itinere* (rexistrados no ámbito xudicial, case sempre, como delitos non encaixables na SL senón, por exemplo, como accidentes de tráfico, con resultado de morte, lesións e danos).

Daquela, é altamente probable que a realidade da SL estea máis preto dos datos da estatística administrativa que os que ofrece a estatística fiscal. En canto a **homicidios laborais imprudentes** debe pensarse que, en lugar dos escasos 14 da estatística fiscal especializada de SL, polo menos, hai **realmente un total de 57**, con descenso interanual de -2 (-3,39%), que estarán incluídos na estatística fiscal dentro dos rexistros dos xenéricos grupos de “homicidios imprudentes” ou, mesmo, de “homicidios culposos”. O mesmo cabe pensar dos **delitos laborais imprudentes**, que, en lugar dos exiguos 1.108 da estatística fiscal especializada, poderían ser realmente sobre **24.354**, con incremento interanual de 1.196 (5,16%), e que estarían incluídos nos ilícitos que a estatística fiscal ten rexistrados entre o xenérico grupo de delitos de lesións imprudentes (ou, mesmo, dentro do xenérico de “lesións culposas”).

5.2.6. BREVE REFERENCIA AO NOMEAMENTO DO FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO EN MATERIA DE SL

Como xa se deixou reflectido na alínea 2.3 do capítulo I desta memoria, actualmente Galicia conta cun fiscal delegado autonómico na área especializada de SL, posto que, tras a proposta do 30.12.2015 formulada polo fiscal superior, foi asignado, por decreto do 29.01.2016 da Inspección FXE, don Luis Anguita Juega, que xa era fiscal delegado provincial na Coruña.

5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

INTRODUCCIÓN

5.3.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

5.3.1.1. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE FISCAL: DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP), DENUNCIAS E QUERELAS, E CUALIFICACIÓNS FISCAIS

5.3.1.1.1. PROCEDEMENTOS FISCAIS: DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

5.3.1.1.2. DENUNCIAS E QUERELAS DO MF (XUDICIALIZACIÓN)

5.3.1.1.3. CUALIFICACIÓNS FISCAIS

5.3.1.2. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE XUDICIAL: PROCEDEMENTOS XUDICIAIS, SENTENZAS E DELITOS ASOCIADOS

5.3.1.2.1. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS EN MAU

5.3.1.2.2. SENTENZAS DITADAS EN MAU

5.3.1.2.3. DELITOS ASOCIADOS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS (DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENZAS)

5.3.3. REUNIÓN ESPECIALIZADAS EN MATERIA DE MAU

5.3.4. INSTRUCCIÓN 1/2015 SOBRE INCENDIOS FORESTAIS

INTRODUCCIÓN

A materia competencial das seccións constituídas nas fiscalías provinciais de Galicia en materia de medio ambiente e urbanismo (MAU) queda determinada pola referencia aos seguintes delitos ²³:

- *Delitos medioambientais en sentido estrito (art. 325 e ss. do Código penal)*
- *Delitos de urbanismo e ordenación do territorio (art. 319 e ss. CP)*
- *Delitos contra o patrimonio histórico (art. 321 e ss. CP)*
- *Delitos contra a flora e a fauna e delitos de maltrato animal —contra animais domésticos ou amansados— (art. 332 e ss. CP).*
- *Ademais, inclúense na propia área competencial das referidas seccións, os delitos de incendio forestal (art. 352 e ss. CP ²⁴)*

5.3.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

A continuación, en dous apartados separados, recolleemos os datos das estatísticas fiscais provinciais anuais no relativo á actividade fiscal e á actividade xudicial en materia da área especializada de MAU.

En canto á actividade fiscal, faise referencia ás dilixencias de investigación penal (DIP), ás querelas e denuncias interpostas (xudicialización de DIP) e ás cualificacións fiscais formuladas.

Polo que se refire á actividade xudicial, a atención céntrase nos procedementos xudiciais incoados, as sentenzas ditadas e os delitos asociados aos procedementos (incoados, cualificados e sentenciados).

5.3.1.1. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE FISCAL: DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN FISCAL (DIP), DENUNCIAS E QUERELAS, E CUALIFICACIÓNS FISCAIS.


5.3.1.1.1. PROCEDEMENTOS FISCAIS: DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

Datos xerais de DIP na área de MAU (incoadas e rematadas)

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). INCOACIÓNS DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2010-2015					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2010	119	16	31	37	203
2011	117	3	53	43	216
2012	61	16	31	27	135
2013	35	7	15	26	83
2014	93	29	62	109	293
2015	93	41	34	120	288
VARIACIÓN INTERANUAL (VI)	0	12 (41,38%)	-28 (45,16%)	11 (10,09%)	-5 (-1,71%)
PORCENTAXE	32,29%	14,24%	11,81%	41,67%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	86,33	18,67	37,67	60,33	203

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)
ÁREA DE MEDIOAMBIENTE E URBANISMO
DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2010-2015



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DIP. INCOACIÓNS POR SUBÁREAS			
	TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL	PORCENTAXE
SUBÁREA DE MEDIO AMBIENTE	46	-1 (-2,13%)	15,97%
SUBÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	215	44 (25,73%)	74,65%
SUBÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO	6	-4 (-40%)	2,08%
SUBÁREA DE FLORA E FAUNA	2	-2 (-50%)	0,69%
SUBÁREA DE MALTRATO ANIMAL	7	-3 (-30%)	2,43%
SUBÁREA DE INCENDIOS FORESTAIS	12	-39 (-76,47%)	4,17%
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	288	-5 (-1,71%)	100%

5.5.1.4. Exame especial dos delitos sentenciados contra SV

5.5.2. REUNIÓN ESPECIALIZADAS EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

5.5.3. BREVE REFERENCIA A DATOS DA ESTATÍSTICA ADMINISTRATIVA SOBRE SINISTRALIDADE VIARIA

INTRODUCIÓN

Constitúe a xeneralización do transporte e do tráfico viario —como expresamos na memoria do ano anterior— un dos signos propios da moderna sociedade tecnolóxica e globalizada e expresión do exercicio da liberdade de circulación.

Distintos estudos evidencian que o fenómeno da sinistralidade asociada ao tráfico viario, a *sinistralidade viaria*, traducida en mortes, lesións, discapacidades e danos materiais, representa un *problema socioeconómico e de saúde de primeira orde*, dunha gran complexidade derivada da gran diversidade de factores que nel interveñen. Ao realizarse de forma masiva e simultánea, o tráfico viario esixe a intervención dos poderes públicos para que se garanta a *seguridade viaria* (SV) entendida como o conxunto de accións tendentes a garantir unha *movilidade sostible e segura*, concepto clave no cal veñen traballando a Unión Europea (UE) e os distintos organismos internacionais, e que se asenta *en cinco eixes básicos: ecoloxía, seguridade, universalidade, competitividade e saúde*.

A elevada sinistralidade viaria veu sendo obxecto de preocupación especial desde comezos do século XXI nos contextos internacional, europeo e estatal, e tamén galego. Froito desta preocupación foi a elaboración de diversos plans estratéxicos en materia de seguridade viaria, tendentes a impulsar e coordinar as iniciativas de todos os axentes implicados (políticos, económicos e sociais). Os devanditos plans céntranse en tres piares básicos como son o comportamento humano, as infraestruturas viarias e os vehículos, e a regulación normativa, e oríéntanse ao logro da dita mobilidade sostible e segura.

Á vista dos datos estatísticos, existe consenso sobre que a diminución das cifras de sinistralidade viaria (mortes, lesións, danos) depende non só da aplicación de sancións (administrativas e penais), senón, sobre todo, de incidir nos ámbitos da prevención e da educación. Outros factores clave na loita contra a sinistralidade viaria son, fundamentalmente, os relativos á mellora das infraestruturas viarias e da tecnoloxía dos vehículos, así como o incremento dos medios persoais e materiais dos axentes de tráfico.

5.5.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

Nesta estatística propia da Fiscalía recóllese unha exposición e análise de datos estatísticos en materia de SV durrante o ano 2015 (datos por provincias e totais de Galicia). Tales datos proceden das estatísticas fiscais provinciais e céntranse nos asociados aos procedementos xudiciais penais relativos á seguridade viaria (delitos incoados, cualificados e sentenciados).

5.5.1.1. RESUMO XERAL DE DELITOS CONTRA SV

- **Delitos incoados: 7.001**, con descenso interanual -1.657 (-19,14%) e unha porcentaxe de 4,10% da cifra total de delitos incoados nas provincias de Galicia (170.767).
- **Delitos cualificados: 5.379**, con descenso de -2.087 (-27,95%) e unha porcentaxe de 41,05% na cifra total de delitos cualificados (13.102).
- **Delitos sentenciados: 5.812**, con descenso de -376 (-6,01%) e unha porcentaxe de 43,13% na cifra total de delitos sentenciados (13.475).

ESTATÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA RESUMO XERAL PERÍODO 2010-2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS SV	DELITOS CUALIFICADOS SV	DELITOS SENTENCIADOS SV
2010	8.357	6.700	5.822
2011	11.104	7.600	7.988
2012	9.840	10.049	7.739
2013	8.793	7.051	6.586
2014	8.658	7.466	6.188
2015	7.001	5.379	5.812
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-1.657 (-19,14%)	-2.087 (-27,95%)	-376 (-6,08%)
PORCENTAXE (%) EN CIFRA TOTAL GALICIA 2015 DE DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS OU SENTENCIADOS	4,10% de cifra total de 170.767 delitos incoados en Galicia en 2015	41,05% de cifra total de 13.102 delitos cualificados en Galicia en 2015	43,13% de cifra total de 13.475 delitos sentenciados en Galicia en 2015
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	8.959	7.374	6.689

DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA
RESUMO ANO 2015
(DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)


DELITOS INCOADOS	7001
DELITOS CUALIFICADOS	5.379
DELITOS SENTENCIADOS	5.812

5.5.1.2. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS INCOADOS CONTRA A SV

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS INCOADOS (1). RESUMO PERÍODO ANOS 2010-2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
CIFRA DELITOS INCOADOS SEGURIDADE VIARIA	8.357	11.104	9.840	8.793	8.658	7.001
V.I.	-2.209 (-20,91%)	2.747 (32,88%)	-1.264 (-11,38%)	-1.047 (-10,64%)	-135 (-1,54%)	-1.657 (-19,14%)
CIFRA TOTAL DE DELITOS INCOADOS GALICIA	237.800	235.699	197.797	193.338	180.612	170.767
% DELITOS INCOADOS SV EN CIFRA TOTAL INCOADOS GALICIA	3,51%	4,71%	4,97%	4,55%	4,79%	4,10% (de 170.767)
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	8.959					


DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
GALICIA. RESUMO PERIODO 2010-2015




DP = DILIXENCIAS PREVIAS
 DU= DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO
 PA= PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO DE INSTRUCCIÓN
 SU: PROCEDEMENTO ORDINARIO (SUMARIO)
 PX: PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS INCOADOS (2): DATOS TOTAIS DE GALICIA POR TIPO DE PROCEDEMENTO E DE DELITO									
	DP	DU	PA	SU	PX	2015	2014	V.I.	% TOTAL 2015
DELITOS	1.146	4.924	931	0	0	7.001	8.658	-1.657 (-19,14%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	9	9	7	0	0	25	18	7 (38,89%)	0,36%
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/ DROGAS (ART. 379.2 CP)	665	3.148	470	0	0	4.283	5.829	1.546 (-26,52%)	61,18%
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	85	33	72	0	0	190	191	-1 (0,52%)	2,71%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	2	4	3	0	0	9	12	-3 (-25%)	0,13%
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	42	81	37	0	0	160	165	-5 (-3,03%)	2,29%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	321	1.647	332	0	0	2.300	2.399	-99 (-4,13%)	32,85%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	22	2	10	0	0	34	44	-10 (-22,73%)	0,49%
V.I.	-272 (-19,18%)	-1.328 (-21,24%)	-57 (-5,78%)	0	0				
%	16,37%	70,33%	13,30%	0%	0%	100%			

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO




ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR TIPO DE DELITO



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA SEGURIDADE VIARIA (4) DELITOS INCOADOS (3): DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	2015	2014	V.I
DELITOS	2.391	678	938	2.994	7.001	8.658	-1.657 (-19,14%)
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	8	3	4	10	25	18	7 (28%)
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.545	440	575	1.723	4.283	5.829	1.546 (-6,52%)
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	61	19	10	100	190	191	-1 (0,52%)
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	4	1	1	3	9	12	-3 (-25%)
NEGATIVA A REALIZAR AS PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP)	44	13	28	75	160	165	-5 (-3,03%)
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	721	200	315	1.064	2300	2.399	-99 (-4,13%)
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	8	2	5	19	34	44	-10 (-22,73%)
V.I.	-1.134 (-32,17%)	-116 (-14,61%)	-360 (-27,73%)	-47 (-1,54%)			
%	34,15%	9,68%	13,40%	42,77%	100%		

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR PROVINCIAS



ANÁLISE DE DATOS

Datos totais do período 2010-2015

- *Media anual dos delitos incoados contra a SV*


Ao longo do dese período as cifras de delitos incoados contra a SV foron as seguintes: 8.357 en 2010, 11.104 en 2011, 9.840 en 2012, 8.793 en 2013, 8.658 en 2014 e 7.001 en 2015. A media anual deses delitos incoados en Galicia foi de 8.959, o que supón unha porcentaxe do 3,45% na cifra media anual total de delitos incoados na comunidade autónoma en igual período (202.669). Por tal razón, estes delitos veñen ocupando o terceiro posto entre os grupos de delitos incoados máis representativos en Galicia, despois dos grupos dos delitos patrimoniais e dos delitos de lesións.

- Procedemento con maior peso para a incoación de delitos contra a SV


É o procedemento de dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), cunha cifra media anual de 6.400 delitos, equivalente a unha porcentaxe de máis de dous terzos (71,44%) na cifra media anual de delitos incoados na materia (8.959). Ademais, esta cifra media anual de 6.400 delitos incoados a través da vía procedemental das DU equivale a dous terzos (67,47%) da cifra media anual de delitos incoados no devandito procedemento (9.485), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuizamento dos delitos contra a seguridade viaria (art. 795.1.2ª LA-Crim): durante o período 2010-2015 sobre os 2/3 dos delitos incoados a través de DU fórono por delitos contra a seguridade viaria.

Datos do ano 2015

DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA EN DU DE XUÍZO RÁPIDO. GALICIA. PERÍODO 2010 - 2015



DELITOS INCOADOS EN DU DE XUÍZO RÁPIDO GALICIA. PERÍODO 2010 - 2015



Datos xerais

Segundo a estatística fiscal, no ano 2015 rexistrouse en Galicia a cifra xeral de 7.001 delitos incoados contra a SV, apreciable descenso interanual de -1.657 (-19,14%). Esta cifra supón unha porcentaxe do 4,10% do total de delitos incoados nas provincias de Galicia na mesma anualidade (170.767), polo que, ao igual que en anos anteriores, ocupa en 2014 o posto 3º entre os grupos de delitos incoados máis representativos (superado só polos grupos de delitos patrimoniais e de lesións).

A seguir realízase unha distribución da referida cifra total por procedementos, por tipo de procedemento, por tipo delituoso e por provincias.

Datos particulares por tipo de procedemento

1º *Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU)*: 4.924 delitos, con descenso interanual de -1.328 (-21,24%) e unha porcentaxe do 70,33% no total dos delitos incoados na materia (7.001), así como de case dous terzos (63,46%) dos delitos incoados a través deste procedemento en Galicia (7.759). Confírmase así, unha vez máis, a preeminencia deste procedemento urxente para o axuizamento de delitos contra a SV (art. 795.1.2ª LACrim): 7,03 de cada 10 delitos incoados por SV en 2015 fórono a través desta vía procedemental urxente. Á súa vez, tamén pode afirmarse a preeminencia dos delitos contra a SV entre os delitos incoados a través das DU: 6,35 de cada 10.

2º *Dilixencias previas (DP)*: 1.146 delitos, con descenso de -272 (-19,18%) e unha porcentaxe do 16,37% na cifra total de delitos incoados por SV, así como de só 0,75% na cifra total de delitos incoados na comunidade autónoma por esa vía procedemental (153.689).

3º) *Procedemento abreviado no Xulgado de Instrución (PA)*: 931 delitos, con descenso de -57 (-5,78%) e unha porcentaxe do 13,30% na cifra total de delitos incoados na materia, así como do 10,09% na cifra total de delitos incoados en Galicia a través desta vía procedemental (9.226).

Datos particulares por tipos delituosos concretos

1º) *Condución baixo a influencia de alcohol/drogas*: 4.283 ilícitos, con gran descenso interanual de 1.546 (-26,52%) e unha porcentaxe do 61,18% na cifra total de delitos incoados por SV (7.001), así como dun 2,51% da cifra total de delitos incoados en toda Galicia (170.767), polo que é un dos tipos delituosos incoados máis representativos.

2º) *Condución sen licenza/permiso*: 2.300, con descenso de -99 (-4,13%) e unha porcentaxe do 32,85% na cifra total de delitos incoados por SV, así como de só 1,35% na cifra total de delitos incoados, polo que é tamén un dos tipos delituosos incoados máis representativo.

3º) *Condución temeraria*: 190, con descenso de -1 (-0,52%) e unha escasa porcentaxe do 2,71% da cifra total referida.

4º) *Negativa a realización de probas alcohol/drogas*: 160, con descenso de -5 (-3,03%) e unha reducida porcentaxe de só 1,91%.

5º) *Creación doutros riscos para a circulación*: 34, con descenso de -10 (-22,73%) e un ínfimo peso de só 0,49%.

6º) *Condución con velocidade con exceso regulamentario*: 25, con aumento de 7 (28%) e unha ínfima porcentaxe de só 0,36%.

7º) *Condución con desprezo á vida dos demais*: 9, con descenso de 3 (-25%) e un ínfimo peso de só 0,13%.

Observacións finais. En calquera caso, cómpre ter en conta que a cantidade total de delitos incoados contra a seguridade viaria ten que ser debidamente interpretada e ponderada. O número real de delitos incoados (asociados a incoación procedemental) é, seguramente, algo inferior ao que reflicten ano a ano, as estatísticas, debido ás transformacións procedementais. Isto acontece sempre cando, tras a preceptiva incoación a través da vía procedemental das DU (art. 795.1.2ª LACrim), se produce a transformación en DP —(art. 798.2.2º LACrim). En tales casos, un mesmo delito deu lugar a varios procedementos incoados: DU, DP e PA. Conforme a estatística fiscal, no ano 2015 consta a cifra de 895 transformacións de DU en DP. Tendo en conta que, segundo o exposto, uns 2/3 (63,46%) das DU incoadas se refiren a delitos contra a

seguridade viaria, unha lóxica extrapolación de datos permitiríanos dicir que outro tanto desas 895 transformacións serían en materia de SV, é dicir, uns 591 delitos, co cal a cifra real de delitos incoados se situaría por volta dos 6.410 (7.001-591).

Datos particulares por provincias

1º) *Pontevedra*: 2.994 delitos, con lixeiro descenso de -47 (-1,54%) e unha porcentaxe do 42,77% na cifra total de delitos incoados por SV en Galicia, así como do 3,78% na cifra total de delitos incoados nesa provincia (79.289).

2º) *A Coruña*: 2.391 delitos, con apreciable descenso interanual de -1.134 (-34,15%) e unha porcentaxe ou peso de 34,15% na cifra total de delitos incoados por SV na comunidade autónoma (7.001), así como do 4,44% na cifra total de delitos incoados nesa provincia (53.870).

3º) *Ourense*: 938, con apreciable descenso interanual de -360 (-27,73%) e unha porcentaxe do 13,40% do total de delitos incoados por seguridade viaria en Galicia, e do 6,11% dos delitos incoados nesa provincia (21.242).


4º) *Lugo*: 678, con descenso interanual de -116 (-14,61%) e unha porcentaxe do 9,68% no total de delitos incoados por SV na comunidade autónoma, e de 3,50% dos delitos incoados nesa provincia (19.360).

5.5.1.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA


EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS (1) - RESUMO PERÍODO ANOS 2010-2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
CIFRA DELITOS CUALIFICADOS SEGURIDADE VIARIA	6.700	7.600	10.049	7.051	7.466	5.379
V.I.	406 (6,45%)	900 (13,43%)	2.449 (32,22%)	-2.998 (-29,83%)	415 (5,89%)	-2.087 (-27,95%)
CIFRA TOTAL DELITOS CUALIFICADOS GALICIA	16.251	16.989	21.231	17.787	17.220	13.102
% DELITOS CUALIFICADOS SEGURIDADE VIARIA EN CIFRA TOTAL CUALIFICADOS GALICIA	41,23%	44,73%	47,33%	39,64%	43,36%	41,05%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	7.374					

DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
GALICIA. PERÍODO 2010 - 2015




DELITOS CUALIFICADOS EN DILIXENCIAS URGENTES
GALICIA. PERÍODO 2010 - 2015




ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS (2): DATOS TOTAIS DE GALICIA POR TIPO DE PROCEDEMENTO E DE DELITO								
	DU	PA	SU	PX	2015	2014	V.I.	% EN CIFRA TOTAL 2015
DELITOS	4.592	787	0	0	5.379	7.466	-2.087 (-27,95%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	9	3	0	0	12	12	0	0,22%
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	2.965	380	0	0	3.345	5.246	-1.901 (-36,24%)	62,19%
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	27	62	0	0	89	116	-27 (-23,28%)	1,65%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	6	3	0	0	9	3	6 (200%)	0,17%
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	92	50	0	0	142	136	6 (4,41%)	2,64%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	1.492	288	0	0	1.780	1.952	-172 (-8,81%)	33,09%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	1	1	0	0	2	1	1 (100%)	0,037%
V.I.	-1.647 (-26,40%)	-440 (35,86%)	0	0				
%	85,37%	14,63%	0	0	100%			

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO




ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR TIPO DE DELITO



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS (3): DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	2015	2014	V.I.
DELITOS	1.901	516	789	2.173	5.379	7.466	-2.087 (-27,95%)
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	3	1	1	7	12	12	0
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/ DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.228	343	483	1.291	3.345	5.246	-1.901 (-36,24%)
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	34	10	6	39	89	116	-27 (-23,28%)
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	2	0	2	5	9	3	6 (200%)
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/ DROGAS (ART. 383 CP).	44	13	23	62	142	136	6 (4,41%)
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	590	149	273	768	1.780	1.952	-172 (-8,81%)
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	0	0	1	1	2	1	1 (100%)
V.I.	-1.548 (-44,88%)	-118 (-18,61%)	-226 (-22,27%)	-195 (-8,23%)			
%	35,34%	9,59%	14,67%	40,40%	100%		

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DATOS POR PROVINCIAS



ANÁLISE DE DATOS

Datos xerais do período 2010-2015


- Cifra media anual de delitos cualificados contra a SV

Durante o referido período as cifras totais de delitos cualificados en Galicia foron as seguintes: 6.700 en 2010, 7.600 en 2011, 10.049 en 2012, 7.051 en 2013, 7.466 en 2014 e 5.379 en 2015. Nese período a cifra media anual foi de 7.374 delitos cualificados, o que supón unha porcentaxe do 43.13% na cifra media anual total de delitos cualificados na nosa comunidade autónoma (17.097). Por tal razón, estes delitos veñen ocupando o primeiro posto entre os grupos de delitos cualificados máis representativos en Galicia, por riba dos delitos de lesións e os delitos patrimoniais.


- Procedemento con maior peso para a cualificación de delitos contra a SV.

É o procedemento de (DU), cunha cifra media anual de 6.048 delitos, equivalente ao 82,02% da cifra media anual de delitos cualificados na materia (7.374). Ademais, esta cifra media anual de 6.048 delitos cualificados contra a SV a través da vía procedemental das DU equivale ao 78,73% da cifra media anual de delitos cualificados no devandito procedemento (7.682), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuizamento dos delitos contra a seguridade viaria (art. 795 LACrim): durante o período 2010-2015 algo máis de $\frac{3}{4}$ (78,73%) dos delitos cualificados a través de DU fórono por delitos contra a SV.

DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA EN DILIXENCIAS URXENTES. GALICIA PERÍODO 2010 - 2015



DELITOS CUALIFICADOS EN D. URXENTES GALICIA PERÍODO 2010 - 2015



Datos do ano 2015

- Datos xerais

Conforme a estatística fiscal, constan en toda Galicia 5.379 delitos cualificados durante 2015 en materia de SV, con apreciable descenso interanual de -2.087 (27,95%). Esta cifra constitúe unha elevada porcentaxe do 41,05% da cifra total de delitos cualificados na comunidade autónoma durante a mesma anualidade (13.102); daquela, como en anos anteriores, ocupa o posto 1º entre os grupos de delitos cualificados máis representativos (seguido do grupo de delitos patrimoniais e do grupo de delitos de lesións). Xa que logo, pode dicirse que sobre 4,11 de cada 10 delitos cualificados en 2015 polo fiscal o foron na área de SV.

Efectúase deseguido unha distribución da referida cifra total por procedementos, por provincias e por tipo de delitos.

- *Datos particulares por tipo de procedemento*

1º) DU: 4.592 delitos, con descenso interanual de -1.647 (-26,40%) e unha elevada porcentaxe do 85,37% do total (5.379), así como de máis de $\frac{3}{4}$ (77,95%) da cantidade total de delitos cualificados a través deste procedemento urgente en Galicia (5.891). Estes datos confirman a preeminencia deste procedemento urgente para o axuizamento e cualificación fiscal de delitos contra a seguridade viaria (art. 795 LACrim): 8,36 de cada 10 delitos cualificados en 2015 por SV fórono a través desa vía procedemental. Á súa vez, tamén pode afirmarse a preeminencia dos delitos contra a seguridade viaria entre os delitos cualificados a través das DU: case 8 de cada 10.

2º) PA: 787 delitos, con descenso interanual de -440 (-35,86%) e unha porcentaxe do 14,63% na mencionada cifra total (5.379), así como de 11,16 do total de delitos cualificados en Galicia por esa vía procedemental (7.054).

- *Datos particulares por tipos delituosos concretos*

1º) Conducción baixo a influencia de alcohol/drogas: 3.345, con descenso interanual de -1.901 (-36,24%) e unha porcentaxe de case 2/3 (62,19%) na cifra total de delitos cualificados por seguridade viaria (5.379), así como de 1/4 (25,53%) na cifra total de delitos cualificados en toda Galicia (13.102), polo que, como en anos anteriores, segue ocupando o primeiro posto entre todos os tipos delituosos concretos cualificados máis representativos. Polo tanto, pode dicirse que sobre 2,55 de cada 10 delitos cualificados polo fiscal en 2015 foron conducións baixo influencia de alcohol/drogas.

2º) Conducción sen licenza/permiso: 1.780, con descenso de -172 (-8,81%) e unha porcentaxe de máis de 1/3 (33,09%) do número de delitos cualificados por SV (5.379), así como de 13,59% dos delitos cualificados na comunidade autónoma (13.102), xa que logo, como en anos anteriores, ocupa o segundo posto de todos os delitos concretos cualificados máis representativos.

3º) Negativa á realización de probas alcohol/drogas: 142, con aumento de 6 (4,41%) e un peso de 2,64% na cifra total referida.

4º) Conducción temeraria: 89, con descenso de -27 (-23,28%) e unha reducida porcentaxe de só 1,65%.

5º) Conducción con velocidade superior á regulamentaria: 12 delitos, sen variación interanual e un ínfimo peso de só 0,22%.

6º) Conducción con desprezo á vida dos demais: 9 con aumento de 6 (200%) e unha ínfima porcentaxe de só 0,17%.

7º) Creación doutros riscos para a circulación: 2, con aumento de 1 (100%) e unha ínfima porcentaxe de só 0,037%.

- *Datos particulares por provincias*

1º) Pontevedra: 2.173, con diminución interanual de -195 (-8,23%) e unha porcentaxe do 40,40% na cifra total de delitos cualificados na comunidade autónoma por SV (5.379), así como de 44,79% na cifra total de delitos cualificados nesa provincia (4.852).

2º) A Coruña: 1.901, con descenso de -1.548 (-44,88%) e unha porcentaxe 35,34% no total de delitos cualificados por SV, así como do 39,50% dos delitos cualificados nesa provincia (4.813).

3º) Ourense: 789, con descenso -226 (-22,27%) e unha porcentaxe do 14,67% dos delitos cualificados por SV en Galicia, así como do 42,26% no total de delitos cualificados na provincia (1.867).


4º) Lugo: 516, con descenso de -118 (-18,61%) e unha porcentaxe do 9,59% no número de delitos cualificados na comunidade autónoma por SV (5.379), así como do 32,87% no total de delitos cualificados na provincia (1.570).

5.5.1.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA - DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS SENTENCIADOS (1) - RESUMO PERÍODO ANOS 2010-2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
CIFRA DE DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	5.822	7.988	7.739	6.586	6.188	5.812
V.I.	-1.904 (-24,64%)	2.166 (37,20%)	-249 (-3,12%)	-1.153 (-14,90%)	-398 (-6,04%)	-376 (-6,08%)
CIFRA TOTAL DE DELITOS SENTENCIADOS GALICIA	15.278	15.631	15.073	13.707	13.642	13.475
% DELITOS CUALIFICADOS SEGURIDADE VIARIA EN CIFRA TOTAL SENTENCIADOS GALICIA	52,14%	59,79%	51,34%	48,05%	45,36%	43,13%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015	6.689					

DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
GALICIA. RESUMO PERÍODO 2010 - 2015




ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS SENTENCIADOS (2): DATOS PARTICULARES POR TIPO DE DELITO E POR PROVINCIAS (NON HAI DATOS ESTATÍSTICOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO)				
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DELITOS	2.146	510	829	2.327
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE SUPERIOR Á REGULAMENTARIA (ART. 379.1 CP)	6	1	0	6
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.368	343	514	1.417
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	39	10	12	29
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	3	0	1	0
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	51	12	24	56
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	676	144	276	818
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	3	0	2	1
V.I.	40 (1,90%)	-127 (-19,94%)	-124 (-13,01%)	-165 (-6,62%)
€	36,92%	8,77%	14,26%	40,04%

Continúa na páxina seguinte


Vén da páxina anterior

	2015	2014	V.I.	% EN CIFRA TOTAL 2015
DELITOS	5.812	6.188	-376 (-6,08%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE SUPERIOR Á REGULAMENTARIA (ART. 379.1 CP)	13	14	-1 (-7,14%)	0,22%
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	3.642	3.967	-325 (-8,19%)	62,66%
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	90	115	-25 (-21,74%)	1,55%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO Á VIDA DOS DE MAIS (ART. 381 CP)	4	4	0	0,07%
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	143	170	-27 (-15,88%)	2,46%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	1.914	1.915	-1 (-0,05%)	32,93%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	6	3	3 (100%)	0,70%
V.I.				
€	100%			

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA
DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
DATOS POR TIPO DE DELITO



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DATOS POR PROVINCIAS



ANÁLISE DE DATOS

Datos totais do período 2010-2015

- Cifra media anual de delitos sentenciados contra a SV

Durante o referido período o número de delitos sentenciados en Galicia nesta materia foron: 5.822 en 2010, 7.988 en 2011, 7.739 en 2012, 6.586 en 2013, 6.188 en 2014 e 5.812 en 2015. Durante este período, a media anual de delitos sentenciados foi de 6.689, o que supuxo unha porcentaxe do 46,23% respecto á media anual total de delitos sentenciados na comunidade autónoma durante o mesmo período (14.468). Por tal razón, estes delitos veñen ocupando o primeiro posto entre os grupos de delitos sentenciados máis representativos en Galicia, por riba dos delitos de lesións e os delitos patrimoniais.

- Procedemento con maior peso para a resolución por sentenza de delitos contra a SV

A través da estatística fiscal non se poden ofrecer datos concretos desta cuestión, tendo en conta que só informa dos delitos sentenciados, por provincias, no conxunto de todos os procedementos. Pero dado que son similares ou moi próximas as cifras e porcentaxes dos datos dos delitos cualificados e sentenciados —segundo o xa exposto—, cabe pensar, igualmente, que é o procedemento de dilixencias urxentes de xuízo

rápido (DU) o que ten maior peso como instrumento para a resolución por sentenza dos delitos contra a seguridade viaria, cunha porcentaxe aproximada ao do caso das cualificacións fiscais (moi probablemente, polo tanto, superior ás $\frac{3}{4}$ partes ou 75%).

Datos do ano 2015

- Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal, consta en Galicia a cifra total de 5.812 delitos sentenciados contra a SV, con descenso interanual de -376 (-6,08%). Esta cifra supón unha porcentaxe de 43,13% na cifra total de 13.642 delitos sentenciados na comunidade autónoma durante a mesma anualidade (13.475), polo que, como en anos anteriores, ocupa o 1º posto entre os grupos de delitos sentenciados máis representativos (seguido do grupo de delitos patrimoniais e do grupo de delitos de lesións). Pode dicirse, por conseguinte, que sobre 4,5 de cada 10 delitos sentenciados en 2015 o foron en materia de seguridade viaria.

A seguir realízase unha distribución da referida cantidade total por tipo de delitos e por provincias (a estatística fiscal, a diferenza do que acontece cos delitos incoados e cualificados, non ofrece datos da distribución por procedementos).

- Datos particulares por tipos delituosos concretos

1º) Delito de conducción baixo influencia de alcohol/drogas: 3.642, con descenso interanual de -325 (-8,19%) e unha porcentaxe de case dous terzos (62,66%) dos delitos sentenciados en Galicia en materia de SV (5.812), así como case 27,03% do total de delitos sentenciados na comunidade autónoma (13.475), por tanto, ao igual que anos anteriores ocupa o primeiro posto entre os delitos concretos sentenciados máis representativos en Galicia. Xa que logo, pode dicirse que sobre 2,7 de cada 10 delitos sentenciados en 2015 foron conducións baixo a influencia de alcohol/drogas.

2º) Delito de conducción sen licenza/permiso: 1.914, con descenso de -1 (-0,05%) e unha porcentaxe de preto 1/3 (32,93%) no total de delitos sentenciados por seguridade viaria na comunidade autónoma (5.812), así como de 14,20% dos delitos sentenciados en Galicia (13.475), o que fai que, como anualidades anteriores, ocupe o segundo posto entre os delitos concretos sentenciados máis representativos na nosa comunidade autónoma.

3º) Negativa á realización de probas alcohol/drogas: 143, con descenso de -27 (-15,88%) e unha reducida porcentaxe do 2,46% na referida cifra total.

4º) Condución temeraria: 90, con descenso de -25 (-21,74%) e unha reducida porcentaxe de só 1,55%.

5º) Condución con velocidade superior á regulamentaria: 13, con descenso de -1 (-7,14%) e un ínfimo peso de só 0,22%.

6º) Condución con desprezo á vida dos demais: 4, sen variación interanual e unha ínfima porcentaxe de só 0,07%.

7º) Creación doutros riscos para a circulación: 6, con aumento de 3 (100%) e un ínfimo peso de só 0,70%.

Datos particulares por provincias

1º) Pontevedra: 2.327 con diminución interanual de -165 (-6,62%) e unha porcentaxe de 40,04% no total de delitos sentenciados en Galicia por seguridade viaria (5.812), así como de case a metade (47,54%) na cifra total de delitos sentenciados nesa provincia (4.895).

2º) A Coruña: 2.146, con descenso de -40 (-1,90%) e unha porcentaxe do 36,92% na cifra total de delitos sentenciados en SV na comunidade autónoma (5.812), así como de 38,57% dos delitos sentenciados nesa provincia (5.564).

3º) Ourense: 829 con diminución de -124 (-1,013%) e unha porcentaxe do 14,26% do total de delitos sentenciados en Galicia por SV, así como de case a metade (46,73%) na cantidade total de delitos sentenciados nesa provincia (1.774).

4º) Lugo: 510, con descenso de -127 (-2,19%) e unha porcentaxe do 8,77% na cifra total de delitos sentenciados en SV na nosa comunidade autónoma, así como do 41,06% no total de delitos sentenciados nesa provincia (1.242).

5.5.2. REUNIÓNES ESPECIALIZADAS EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

Segundo se deixou salientado na alínea 8.1.3 do capítulo I desta memoria, ao longo do ano 2015 consta a celebración de dúas importantes reunións especializadas en materia de seguridade viaria (SV). En realidade, son tres reunións, pois no segundo día, houbo dúas reunións sucesivas.

- *Día 01.07.2015. Reunión de fiscais delegados en SV.* Celebrouse na sede da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do fiscal superior, coa asistencia dos catro fiscais delegados provinciais (sendo o de Pontevedra, don Carlos Gil García, tamén fiscal delegado autonómico na materia), a xefa provincial de Tráfico da Coruña, o tenente-coronel da Garda Civil de Tráfico (GCT) de Galicia e outros mandos policiais (xefes dos subsector da GC da Coruña, Ferrol e Santiago) e mandos de diversas policía locais (A Coruña, Santiago, Ferrol, Betanzos, Carballo, Muros, Noia, Rianxo, Ortigueira e Pobra do Caramiñal).

Os asuntos tratados na reunión (orde do día) foron os seguintes:

- Tratamento dos excesos de velocidade dos vehículos oficiais.
- Persecución en vía penal da manipulación dos tacógrafos.
- Problema creado polos sinais de obra mantidos no tempo (cando xa non existen obras) e o exceso en sinalización de presenza de animais.
- Negativas de autorizacións xudiciais para análise de sangue terapéuticas.
- Posibilidade de actuación en caso de negativa a realizar probas de alcohol ou drogas.
- Procedencia da detención de estranxeiros por delitos contra a SV.
- Documentación necesaria na probas de alcoholemia ou drogas.
- Novo réxime de imprudencias no CP.
- Rolda de intervencións.

- *Día 16.10.2015.* Este día celebráronse dúas reunións sucesivas en materia de SV.

- *Primeira reunión sobre SV do día 16.10.2015.* Coa presidencia do fiscal de sala coordinador da Unidade Especializada de SV da FXE e do fiscal superior, celebrouse na sede da Fiscalía autonómica esta primeira reunión sobre SV, entre as 10.30 e as 11.45 horas, coa asistencia dos fiscais da Fiscalía autonómica, os fiscais xefes provinciais da Coruña, Ourense e Lugo, os fiscais xefes de Área de Santiago, Ferrol e Vigo e as fiscalas delegadas provinciais da Coruña, Ourense e Lugo.

A relación de asuntos tratados (orde do día) é a seguinte:

- 1)** Cuestións relacionadas coa aplicación da Instrución 1/2015 FXE, do 13 de xullo, sobre algunhas cuestións en relación coas funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados.
- 2)** Puntos da convocatoria para policía e responsables de tráfico, á que fai alusión na reunión das 12 horas, que o fiscal de Sala considere máis relevantes para tratar previamente.

- *Segunda reunión sobre SV do día 16.10.2015.* Coa mesma presidencia do fiscal de sala e do fiscal superior e na mesma sede celebrouse a segunda reunión sobre SV, entre as 12.30 e as 13.40 horas, coa asistencia das fiscalas delegadas provinciais da Coruña, Ourense e Lugo, representantes de diferentes Agrupacións de Tráfico da GC de Galicia, representantes das policía locais de diferentes poboacións da CA e os xefes provinciais das Xefaturas de Tráfico da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A relación de asuntos tratados (orde do día) é a seguinte:

- 1) Cuestións relacionadas coa reforma do CP tras a entrada en vigor da LO 1/2015, en concreto, o que afecta aos arts. 142 e 152 do CP e as pautas para definir a imprudencia grave e a menos grave.
- 2) Estatuto da vítima (Lei 4/2015 do 27 de abril) e a súa aplicación ás vítimas de tráfico.
- 3) Novo baremo de indemnizacións a partir do día 01.01.2016.

A continuación abriuse unha rolda de intervencións de todos os asistentes.

5.5.3. BREVE REFERENCIA A DATOS DA ESTATÍSTICA ADMINISTRATIVA EN MATERIA DE SINISTRALIDADE VIARIA

Á marxe dos delitos contra a seguridade viaria, comentados anteriormente, relacionada con esta materia está a sinistralidade viaria, concretada nos **accidentes de tráfico con resultado de morte, lesións e danos**. Teoricamente esta **sinistralidade viaria** ten acceso ao rexistro informático da Fiscalía (Fortuny), pois os ilícitos correspondentes (homicidios e lesións) relacionados coa materia deberían vincularse á área especializada de seguridade viaria. De todos os xeitos, o certo é que, desde hai anos, o modelo estatístico da Fiscalía non recolle tipos diferenciados de “homicidio imprudente en accidente laboral” ou “lesións imprudentes” en igual tipo de accidente. Polo que as cifras reais desta sinistralidade viaria podémolas coñecer mellor a través dos datos da estatística administrativa que ofrece a Dirección Xeral de Tráfico (Ministerio do Interior), que, moi probablemente, estean incluídas dentro dos rexistros dos xenéricos “homicidios ou lesións imprudentes” da estatística fiscal.

Polo que se refire á dita **estatística administrativa** pode dicirse que, segundo os datos provisionais coñecidos ata agora, no ano 2015 consta unha cifra de **91 mortes por accidentes de tráfico en estrada**, con descenso de -19 (-17,27%). Haberá que esperar a que se ofrezan cifras definitivas e completas da sinistralidade viaria (mortes e lesións) no “Anuario de Accidentes 2015” a cargo da DXT.

5.6. ÁREA DE MENORES (MEN)

5.6.1. REFORMA DE MENORES (RESPONSABILIDADE PENAL DE MENORES)

5.6.2. PROTECCIÓN DE MENORES

5.6.3. REUNIÓN DE FISCAIS DELEGADOS PROVINCIAIS DE MENORES

Dentro da área especializada de menores, hai que distinguir dous apartados:

A) *Reforma de menores* (responsabilidade penal de menores). Engloba todo o relativo ao proceso penal de menores conforme á Lei orgánica 5/2008, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM), desenvolvida polo seu regulamento aprobado por RD 1774/2004, do 30 de xullo.

B) *Protección de menores*. Trátase da actuación da Administración no referente á protección dos dereitos dos menores. Na nosa comunidade autónoma correspóndelle esta competencia á Xunta de Galicia, concretamente ao servizo de Protección de Menores, da Consellería de Traballo e Benestar.

5.6.1. REFORMA DE MENORES (RESPONSABILIDADE PENAL DE MENORES)

5.6.1.1. Estatística fiscal de reforma de menores

Os datos e información que seguen proceden das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia, salvo os dalgúns apartados específicos que se indican.

5.6.1.1.1. Procedementos

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (POR DELITO). TRAMITACIÓN DE DILIXENCIAS PRELIMINARES E EXPEDIENTES DE REFORMA DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DILIXENCIAS PRELIMINARES	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	409	6	2	43
	INCOADAS NO ANO	979	414	269	954
	ARQUIVADAS (POR DISTINTAS CAUSAS)	372	339	158	543
	ARQUIVADAS POR IDADE MENOR 14 ANOS	126	40	20	60
	ARQUIVADAS POR DESISTENCIA DE INCOACIÓN (ART. 18)	46	48	21	61
	ARQUIVADAS POR OUTRAS CAUSAS	200	251	117	422
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	18	10	1	132
EXPEDIENTES DE REFORMA	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	168	9	25	105
	INCOADOS NO ANO	375	65	110	278
	SOLUCIÓNS EXTRAXUDICIAIS	61	3	34	95
	SOBRESEMENTO ART. 27.4	20	1	1	9
	ESCRITO DE ALEGACIÓNS ART. 30	209	60	67	143
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	81	10	11	103
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS		1.354	479	379	1.232

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior


		GALICIA 2015	GALICIA 2014	VARIACIÓN INTERANUAL
DILIXENCIAS PRELIMINARES	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	460	358	102 (28,49%)
	INCOADAS NO ANO	2.616	2.584	32 (1,24%)
	ARQUIVADAS (POR DISTINTAS CAUSAS)	1.412	1.287	125 (9,71%)
	ARQUIVADAS POR IDADE MENOR 14 ANOS	246	286	-40 (-13,99%)
	ARQUIVADAS POR DESISTENCIA DE INCOACIÓN (ART. 18)	176	212	-36 (-16,98%)
	ARQUIVADAS POR OUTRAS CAUSAS	990	789	201 (25,48%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	161	460	-299
EXPEDIENTES DE REFORMA	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	307	303	4 (1,32%)
	INCOADOS NO ANO	828	924	-96 (-10,39%)
	SOLUCIÓNS EXTRAXUDICIAIS	193	156	37 (23,72%)
	SOBRESEMENTO ART. 27.4	31	82	-51 (-62,20%)
	ESCRITO DE ALEGACIÓNS ART. 30	479	628	-149 (-31,11%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	205	307	102 (-33,22%)
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS		3.444	3.508	-64 (-1,82%)

REFORMA DE MENORES ANO 2015 RESUMO MOVEMENTO XERAL DE PROCEDEMENTOS (POR DELITO)

TRAMITADOS	4.211	(-42=1,01%)
TERMINADOS	3.845	(-443=13,02%)
PENDENTES	366	(-401=52,28%)

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO). AÑOS 2010-2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA			
AÑO	DILIXENCIAS PRELIMINARES (DP)	EXPEDIENTES DE REFORMA (ER)	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS
2010	4.522	1.239	5.761
2011	4.310	1.120	5.430
2012	3.797	991	4.788
2013	3.253	1.039	4.292
2014	2.584	924	3.508
2015	2.616	828	3.444
VARIACIÓN INTERANUAL	32 (1,24%)	-96 (-10,39%)	-64 (-1,82%)
PORCENTAJE	75,96%	24,04%	100%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	3.514	1.024	4.537

PROCEDEMENTOS DE MENORES INCOADOS POR DELITO
PERÍODO 2008 - 2015. DATOS TOTAIS DE GALICIA



ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO). ANOS 2010-2015. DATOS PROVINCIAIS DE GALICIA

ANO	A CORUÑA			LUGO		
	DP	ER	TOTAL	DP	ER	TOTAL
2010	1.894	570	2.464	406	70	476
2011	1.689	444	2.133	441	66	507
2012	1.506	394	1.900	422	76	498
2013	1.153	454	1.607	410	74	484
2014	1.024	435	1.459	382	81	463
2015	979	375	1.354	414	65	479
VARIACIÓN INTERANUAL	-45 (-4,39%)	-60 (-13,79%)	-105 (-7,20%)	32 (8,38%)	-16 (-19,75%)	16 (3,45%)
PORCENTAXE	72,30%	27,70%	100%	86,43%	13,57%	100%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	1.374	445,43	1.820	412,5	72	484,5

Continúa abaixo

ANO	OURENSE			PONTEVEDRA		
	DP	ER	TOTAL	DP	ER	TOTAL
2010	598	187	785	1.624	412	2.036
2011	519	171	690	1.661	439	2.100
2012	446	209	655	1.423	312	1.735
2013	343	178	521	1.347	333	1.680
2014	307	140	447	871	268	1.139
2015	269	110	379	954	278	1.232
VARIACIÓN INTERANUAL	-38 (-12,38%)	-30 (-21,43%)	-68 (-15,21%)	83 (9,53%)	10 (3,73%)	93 (8,17%)
PORCENTAXE	70,98%	29,02%	100%	77,44%	22,56%	100%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2010-2015	413,67	165,83	579,5	1.313	340,33	1.654

Vén de arriba

ANÁLISE DE DATOS

Datos totais do período 2010-2015

Neste período as sucesivas cifras totais de procedementos de menores incoados por delitos en Galicia foron: 5.761 en 2010, 5.430 en 2011, 4.788 en 2012, 4.292 en 2013, 3.508 en 2014 e 3.444 en 2015, cunha media anual de 4.537.

Entre o inicio e o final do período examinado, obsérvase unha apreciable diminución de -2.317 (-40,22%). Nas táboas e gráficos anteriores queda reflectida a evolución das cifras totais de Galicia e as cifras particulares por provincias (cifras totais de procedementos incoados e cifras concretas de DP e ER incoados).

Datos do ano 2015

- *Datos xerais*. Neste ano a estatística fiscal reflicte a cifra total de 3.444 procedementos de menores incoados por delito na nosa comunidade autónoma, cun descenso interanual de -64 (-1,82%), claramente inferior ao do pasado ano (-18,27%).

Datos particulares por tipo de procedementos

- *Dilixencias preliminares* (DP): 2.616, con lixeiro incremento interanual de 32 (1,24%) e unha porcentaxe de 3/4 (75,96%) do total de procedementos incoados (3.444). Durante o período 2010-2015 a media anual situouse en 3.514.

- *Expedientes de reforma* (ER): 924 ²⁷, con diminución interanual de -96 (-10,39%) e unha porcentaxe por volta de 1/4 (24,04%) da cantidade total. No período 2010-2015 a media anual foi de 1.024.

Datos particulares por provincias

- *A Coruña*: En total 1.354, con descenso interanual de -105 (-7,20%) e unha porcentaxe do 39,31% na cantidade total de Galicia (3.444). Esa cifra distribúese entre 979 DP e 375 ER.

- *Pontevedra*: Cifra total de 1.232, con lixeiro aumento de 93 (8,17%) e un apreciable descenso de -541 (32,20%) e unha porcentaxe do 35,77% na cifra total. Esa cifra total desdóbrase entre 954 DP e 278 ER.

- *Lugo*: En total 479, con lixeiro incremento de 16 (3,45%) e unha porcentaxe do 13,91% na cifra total. Esa cifra distribúese entre 424 DP e 65 ER.

- *Ourense*: Cifra total de 379, con descenso de -68 (-15,21%) e unha porcentaxe do 11,00% do total. Esa cifra total desdóbrase entre 269 DP e 110 ER.

Especial referencia aos procedementos tramitados (suma de incoados e pendentes do ano anterior).

- *Dilixencias preliminares* (DP) tramitadas. Constan 3.076 en Galicia, con aumento interanual de 134 (4,55%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 1.388; Pontevedra, 997; Lugo, 420; e Ourense, 271.

- *Expedientes de reforma* (ER) tramitados. Figuran 1.135 en Galicia ²⁸, con descenso interanual de -92 (-7,50%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 543; Pontevedra, 383; Ourense, 135; e Lugo, 74.

Daquela, a cifra total de procedementos tramitados en 2015 foi de 4.211, con descenso interanual de -42 (-1,01%). Como consta unha cifra de pendencia a final de ano de só 366 (161 DP e 205 ER), o número de rematados debería de ser 3.845, aínda que os datos da estatística fiscal só chegan en conxunto a 2.115 (1.412 arquivos, por distintas causas, en DP, máis 703 en ER (193 solucións extraprocesuais, 31 sobresementos e 479 escritos de alegacións).

5.6.1.1.2. Menores intervidos (axuizados)

EXPOSICIÓN DE DATOS

Os datos e información son de elaboración propia, pero a partir das fontes da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial).

ESTADÍSTICA FISCAL 2015. REFORMA DE MENORES (FONTE: PUNTO NEUTRO XUDICIAL, PNX) MENORES AXUIZADOS. ANOS 2010-2015. DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
PROVINCIAS	2010	2011	2012	2013	2014		2015	
A CORUÑA	605	577	476	362	389	51,25%	338	49,85%
LUGO	81	102	91	102	85	11,20%	85	12,54%
OURENSE	116	152	130	159	109	14,36%	80	11,80%
PONTEVEDRA	519	370	274	234	176	23,19%	175	25,81%
TOTAL GALICIA	1.321	1.201	971	857	759	100%	678	100%
VARIACIÓN INTERANUAL	148 (12,63%)	-120 (-9,08%)	-230 (-19,15%)	-114 (-11,74%)	-98 (-11,43%)		-81 (-10,67%)	
MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010-2015							965	

MENORES AXUIZADOS - PERIODO 2010 - 2015 DATOS TOTAIS DE GALICIA



ANÁLISE DE DATOS

Datos totais do período 2010-2015

Ao longo deste período as cifras totais de menores axuizados foron 1.321 en 2010, 1.201 en 2011, 971 en 2012, 857 en 2013, 759 en 2014 e 679 en 2015, cunha media anual de 965. Así mesmo, obsérvase un destacado descenso de -643, equivalente a case a metade (48,67%), decrecemento que pode ter a súa causa no case continuo descenso dos procedementos incoados neste período, así como en certa influencia do éxito das solucións extraprocesuais alcanzadas.

Datos do ano 2015

- *Datos xerais.* Segundo a estatística xudicial, neste ano consta un total de 678 menores intervidos (axuizados) en Galicia, con descenso interanual de -81 (-10,67%).

- *Datos particulares por franxas de idade*

14-15 anos: 153, con diminución interanual de -46 (-23,12%) e unha porcentaxe do 22,57% na cifra total de Galicia (678).

16-17 anos: 525, con diminución de -35 (-6,25%) e unha porcentaxe de máis de 77,43%.

Segundo resulta da información de estatística penitenciaria ofrecida na páxina Web da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (SXIIIPP) adscrita ao Ministerio do Interior <http://www.institucionpenitenciaria.es/>, estas son de xeito resumido as *cifras de poboación reclusa en Galicia a decembro de 2015*:

Cifra total de poboación reclusa en Galicia: 3.484, con leve descenso interanual de -266 (-7,09%), que contrasta co leve aumento de 2014 (1,68%).


Distribución por sexos: 3.268 homes, cun descenso interanual de -216 (-6,20%) e unha porcentaxe do 93,80% na devantida cifra total; e 216 mulleres, cun descenso de -10 (4,42%) e una porcentaxe do 6,20%.

Segundo a mesma fonte, en igual data o total estatal era de 61.614, con descenso interanual de -3.403 (-5,23%); distribuída, por sexo, entre 56.892 homes (o 92,34%) e 4.722 mujeres (o 7,66%); así como, por nacionalidade, entre 43.744 persoas españolas (o 71,00%) e 17.870 estranxeiras (o 29%).

Polo tanto, a poboación reclusa de Galicia en 2015 representa o 5,65% da estatal (semellante ao 5,77% de 2014), lonxe do 23,30% que supón a cifra de Andalucía (14.359), a CA con maior peso na cifra estatal.

Durante o período 2010-2015 a poboación reclusa en Galicia experimentou a evolución reflectida na seguinte táboa gráfica. Obsérvase un continuo descenso, salvo lixeiros incrementos nos anos 2013 e 2014 (1,34% e 1,68%). Entre o inicio e o final do período conségtase un notable descenso de -926, equivalente a unha quinta parte (-20,99%). A cifra media anual durante ese período foi de 3.779, sendo a do ano 2015 inferior.

**EVOLUCIÓN DA POBLACIÓN RECLUSA
GALICIA - RESUMO PERÍODO 2010-2015
(FONTE MINISTERIO DO INTERIOR)**



Visitas a centros penitenciarios e CIS

Consonte os datos da estatística xudicial, obtida do Punto Neutro Xudicial (PNX), durante o ano 2015 realizáronse —ás veces coa intervención fiscal— un total de 58 visitas de inspección aos centros penitenciarios (CP) e centros de integración social (CIS) de Galicia, con descenso interanual de -8 (-12,12%), coa seguinte distribución: 13 ao CP de Teixeiro (A Coruña), 8 na modalidade de videoconferencia; 7 ao CIS da Coruña; 16 ao CP da Lama (Pontevedra), 6 por videoconferencia; 7 ao CP do Pereiro de Aguiar (Ourense); 8 ao CP de Monterroso e 7 ao CP de Bonxe (ambos os dous na provincia de Lugo).

5.8.2. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE VP

5.8.2.1. Estatística de procedementos xudiciais

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA VIXILANCIA PENITENCIARIA. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS - DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA				
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
PERMISOS DE SAÍDA	1.677	1.116	79	1.886
CLASIFICACIÓN DE GRAO	323	182	0	554
EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	464	153	0	397
LIBERDADE CONDICIONAL	376	183	0	201
ARRESTO DE FIN DE SEMANA	9	0	0	0
MEDIDAS DE SEGURIDADE	8	15	0	5
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	1	977	0	1.932
REDENCIÓNS	0	0	0	0
REFUNDICIÓNS	0	168	0	353
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	242	552	13	587
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/ SUSPENSIÓN)	25	68	0	71
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	17	33	0	58
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	5	428	0	6
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	0
ABOAMENTO CAUTELAR	0	0	0	0
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	8	0	0	4
TOTAL PROCEDEMENTOS	3.155	3.875	92	6.054
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	23,95%	29,41%	0,70%	45,95%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015				

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

	GALICIA 2015	GALICIA 2014	VARIACIÓN INTERANUAL	% EN 2015
PERMISOS DE SAÍDA	4.758	4.448	310(6,97%)	36,11%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	1.059	959	100 (10,43%)	8,04%
EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	1.014	1.042	-28 (-2,69%)	7,70%
LIBERDADE CONDICIONAL	760	721	39 (5,41%)	5,77%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA	9	11	-2 (-18,18%)	0,068%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	28	18	10 (55,56%)	0,212%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	2.910	1.231	1.679 (136, 39%)	22,09%
REDENCIÓNS	0	5	-5 (-100%)	0%
REFUNDICIÓNS	521	557	-36 (-6,46%)	3,95%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	1.394	1.374	20 (1,46%)	10,58%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/ SUSPENSIÓN)	164	116	48 (41,38%)	1,24%
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	108	102	6 (5,88%)	0,82%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	439	424	15 (3,54%)	3,33%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	0
ABOAMENTO CAUTELAR	0	0	0	0
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	12	0	12 (100%)	0,09%
TOTAL PROCEDEMENTOS	13.176	11.008	2.168 (19,69%)	
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	100%			100%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2010-2015	11.088,17			

ANÁLISE DE DATOS


Procedementos

Observacións previas. Os datos da estatística fiscal corresponden non aos procedementos incoados no ano (como a estatística xudicial, PNX), senón, de forma máis concreta e singular, aos procedementos que tiveron entrada e rexistro nas fiscalías provinciais durante o ano (independentemente do ano da súa incoación).

Datos totais do período 2010-2015

O gráfico posterior reflicte, de forma concreta e expresiva, a evolución en Galicia dos procedementos xudiciais sobre VP no mencionado período: 12.077 en 2010, 11.747 en 2011, 8.975 en 2012, 9.546 en 2013, 11.008 en 2014 e 13.176 en 2015. Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase unha diminución de 1.099 (9,10%). Durante ese período, a cifra media anual de procedementos foi de 11.088,17, respecto á cal a de 2015 é superior.

VIXILANCIA PENITENCIARIA
EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS
INGRESADOS ANUALMENTE EN FISCALÍA
GALICIA. PERÍODO 2010-2015



Datos do ano 2015

Datos xerais

Conforme á estatística fiscal, neste ano 2015 consta a cifra xeral de 13.176 procedementos de VP, con aumento interanual de 2.168 (19,69%). Pola súa banda, a estatística xudicial ofrece a cifra total de 20.888 procedementos tramitados neste ano, con aumento interanual de 549 (2,70%), dos cales 17.864 son incoacións ou ingresos, con incremento de 235 (1,33%).

Datos particulares por provincias


1º) Pontevedra: 6.054, con elevado aumento de 1.954 (47,66%) e unha porcentaxe de case a metade (45,95%) no total de Galicia. O grande incremento desta provincia explícase polos datos dos TBC, 1.932, con aumento de 1.728 (847,06%).

2º) Lugo: 3.875, con lixeiro descenso interanual de -269 (-6,49%) e unha porcentaxe do 29,41% na cifra total.

3º) A Coruña: 3.155, con aumento de 480 (17,94%) e unha porcentaxe do 23,95%.

4º) Ourense: 92, con aumento de 3 (3,37%) e unha porcentaxe de só 0,70%.

**VIXILANCIA PENITENCIARIA
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS POR PROVINCIAS
GALICIA ANO 2015**

*Datos particulares por materias*

1º) Permisos de saída: 4.758, con aumento interanual de 310 (6,97%) e unha porcentaxe de máis dun terzo (36,11%) na cifra total de procedementos en Galicia (13.176).

2º) TBC: 2.910, con aumento de 1.679 (136,39%) e porcentaxe do 22,09%.

3º) Queixas/peticións: 1.394, con aumento de 20 (66,75%) e porcentaxe do 10,58%.

4º) Clasificación de grao: 1.059 con aumento de 100 (8,04%) e porcentaxe do 8,04%.


5º) Sancións disciplinarias: 1.014, con descenso de -28 (-2,69%) e porcentaxe do 7,70%.

6º) Liberdade condicional: 760, con aumento de 39 (5,41%) e porcentaxe do 5,77%.

7º) Refundicións: 521, con descenso de -36 (-6,46%) e porcentaxe do 3,95%.

8º) Resto de materias: 760 (5,76%).

VIXILANCIA PENITENCIARIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS POR MATERIAS GALICIA ANO 2015



5.8.2.2. Estatística de ditames fiscais

EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DE GALICIA VIXILANCIA PENITENCIARIA. DITAMES FISCAIS EMITIDOS - DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA				
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
PERMISOS DE SAÍDA	1.284	1.394	77	4.525
CLASIFICACIÓN DE GRAO	232	246	0	1.261
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	430	265	0	849
LIBERDADE CONDICIONAL	340	201	0	666
ARRESTO DE FIN DE SEMANA	6	0	0	0
MEDIDAS DE SEGURIDADE	3	14	0	14
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	1	1.032	0	3.977
REDENCIÓNS	0	0	0	0
REFUNDICIÓNS	0	189	0	699
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	199	723	10	1.300
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	28	33	0	118
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	13	2	0	72
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	3	118	0	10
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	0
ABOAMENTO CAUTELAR	0	0	0	0
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0
VISITAS A CENTROS PENITENCIARIOS	0	15	0	4
TOTAL PROCEDEMENTOS	2.539	4.232	87	13.495
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	12,47%	20,79%	0,43%	66,30%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010- 2015				

Continúa na páxina seguinte

	GALICIA 2015	GALICIA 2014	VARIACIÓN INTERANUAL	% EN 2015
PERMISOS DE SAÍDA	7.280	8.411	-1.131 (-13,45%)	35,77%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	1.739	1.823	-84 (-4,61%)	8,54%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	1.544	1.529	15 (0,98%)	7,59%
LIBERDADE CONDICIONAL	1.207	1.330	-123 (-9,25%)	5,93%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA	6	14	-8 (-57,14%)	0,03%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	31	37	-6 (-16,22%)	0,15%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	5.010	1.639	3.371 (205,67%)	24,62%
REDENCIÓNS	0	12	-12 (-100%)	0%
REFUNDICIÓNS	888	905	-17 (-1,88%)	4,36%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	2.232	2.143	89 (4,15%)	10,97%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	179	166	13 (7,83%)	0,88%
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	87	90	-3 (-3,33%)	0,43%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	131	432	-301 (-69,68%)	0,64%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0%
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	0%
ABOAMENTO CAUTELAR	0	0	0	0%
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0%
VISITAS A CENTROS PENITENCIARIOS	19	13	6 (46,15%)	0,09%
TOTAL PROCEDEMENTOS	20.353	18.544	1.809 (9,76%)	
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	100%			100%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2010- 2015				

ANÁLISE DE DATOS


Observacións previas. En realidade, estes ditames danse respecto aos expedientes tramitados, dato que inclúe non só os incoados ou ingresados ex novo no ano, senón tamén os pendentes a final do ano anterior (máis, se é o caso, os reabertos).

Datos totais do período 2010-2015

No gráfico seguinte reflíctese, de forma concreta e expresiva, a evolución en Galicia dos ditames emitidos polo MF en materia de VP no mencionado período: 21.224 en 2010, 12.110 en 2011, 10.340 en 2012, 12.241 en 2013, 18.544 en 2014 e 20.353 en 2015. Entre a cifra inicial e final do ciclo (2010 e 2015) obsérvase un lixeiro aumento de 891 (4,20%).

No referido período a cifra media anual de ditames fiscais emitidos é de 15.802, cifra que supera a de 2015 (20.353).

VIXILANCIA PENITENCIARIA
EVOLUCIÓN DE DITAMES FISCAIS
GALICIA. PERÍODO 2010-2015



Datos do ano 2015

Datos xerais

Conforme á estatística fiscal, neste ano 2015 constan 20.353 ditames fiscais en materia de VP, con aumento interanual de 1.809, equivalente a 9,76%.

Datos particulares por provincias


1º Pontevedra: 13.495, con apreciable aumento interanual de 3.795 (28,12%) e unha elevada porcentaxe de 2/3 partes (66,30%) na cifra total de Galicia (20.353). Este aumento xeral da provincia explícase polo incremento particular en ditames en TBC, con 3.977 e aumento de 3.888 (575,21%).

2º Lugo: 4.232, con descenso de 1.031 (19,59%) e porcentaxe do 20,79%.

3º A Coruña: 2.539, con descenso de -950 (-27,23%) e porcentaxe do 12,47%.

4º Ourense: 87, con descenso de -5 (-5,43%) e porcentaxe do 0,43%.

VIXILANCIA PENITENCIARIA
DITAMES FISCAIS
GALICIA ANO 2015



Datos particulares por materias

1º) Permisos de saída: 7.280, con apreciable descenso interanual de -1.131 (-13,45%) e unha porcentaxe de algo máis dun terzo (35,77%) do total de ditames fiscais en Galicia (20.353).

2º) TBC: 5.010, con aumento de 3.371 (205,67%) e porcentaxe do 24,62%.

3º) Queixas/peticións: 2.232, con aumento de 89 (4,15%) e porcentaxe do 10,97%.

4º) Clasificación de grao 1.739, con descenso de -84 (-4,61%) e porcentaxe do 8,54%.


5º) Sancións disciplinarias: 1.544, con aumento de 15 (0,98%) e porcentaxe do 7,59%.

6º) Liberdade condicional: 1.207, con descenso de -123 (-9,25%) e porcentaxe do 5,93%.

7º) Refundicións: 888, con descenso de -17 (-1,88%) e porcentaxe do 4,36%.

8º) Resto de materias: 453 (2,22%).

VIXILANCIA PENITENCIARIA DITAMES FISCAIS POR MATERIAS GALICIA ANO 2015



5.8.2. REUNIÓN DE FISCAIS COORDINADORES DE GALICIA EN VP

Como xa se indicou no capítulo I, o día 28.09.2015 tivo lugar na sede da Fiscalía Provincial de Lugo, presidida polo fiscal superior, unha reunión de coordinación en materia de VP, á que asistiron todos os fiscais coordinadores de Galicia na materia (os da Coruña, Lugo e Pontevedra). Os asuntos tratados na reunión (orde do día) foron os seguintes:

- 1º) Criterios de aplicación do actual art. 90 do CP tras a reforma operada pola LO 1/2015, do 30 de marzo, en canto á liberdade condicional.
- 2º) Aplicación en materia de VP do Estatuto de protección da vítima (aprobado por Lei 4/2015, do 27 de abril, con entrada en vigor o 28.10.2015).
- 3º) Cumprimento das penas de prisión en establecemento de réxime aberto (CIS).
- 4º) Control e execución das penas de TBC.
- 5º) Tratamento da hepatitis C nas prisións de Galicia.

6ª) Rolda de intervencións. O fiscal coordinador de VP en Lugo expuxo as dificultades prácticas que supón a aplicación da Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na UE.

Antes de se iniciar a reunión, o fiscal superior anunciou que, tras a Instrución 1/2015 FXE, do 13 de xullo, sobre algunhas cuestións relacionadas coas funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados, ía ser nomeado, dentro dos fiscais do cadro de persoal da Fiscalía autonómica, un fiscal delegado en materia de vixilancia penitenciaria, cuxas funcións serían as de inspeccións periódicas, control do seguimento da doutrina emanada da FXE e o Tribunal Supremo e o prazo no que se despachan os diferentes asuntos. Cómpre engadir que na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais da Fiscalía da CA de Galicia, celebrada o 29 de setembro, se acordou que tales funcións da especialidade de VP recaesen, conforme á citada Instrución, no tenente fiscal da referida Fiscalía, don José Ramón Piñol Rodríguez.

Cabe facer especial referencia ao punto 5º da reunión: tratamento da hepatitis C nas prisións de Galicia. Na acta correspondente reflíctese o seguinte:

O fiscal superior informa da existencia dunhas dilixencias incoadas na súa Fiscalía por motivo das queixas pola falta de atención desta enfermidade a algúns presos en prisións galegas [son as dilixencias informativas 2/2015, ás que logo se fai mención].

Informa que o Xulgado do Contencioso Administrativo Núm. 1 de Santiago en sentenza (hoxe recorrida en apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) do 1 de setembro de 2015 confirmou a resolución do 24 de febreiro de 2014 do Servizo Galego de Saúde que por silencio administrativo denegaba a asistencia dese Servizo, o Sergas, a determinados enfermos de hepatitis C nas prisións de Galicia (únese copia da sentenza para mellor comprensión).

Institucións Penitenciarias veu manifestando a súa postura favorable a someter a este tratamento os internos que o precisen pero con traslado a centros penitenciarios de Madrid, o que non todos os internos están dispostos a aceptar polo desarraigamento que iso lles pode producir.

O fiscal da Coruña expón que en efecto existe un procedemento actualmente aberto no Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña (o 5380/15) no que o interno aceptou o tratamento e o traslado a Madrid pero malia iso o traslado non se fixo efectivo. Informa o fiscal que falou co xuíz de vixilancia e ao parecer vai acoller a queixa do interno pero con carácter meramente declarativo e que se propón realizar unha proposta a Institucións Penitenciarias de conformidade co disposto no art. 77 da LOXP. Infórmase que na prisión de Teixeiro (A Coruña) e segundo os datos que constan no expediente referido a xaneiro de 2015 habería un total de 12 internos na situación de requirir o tratamento.

Todos os asistentes consideran que se trata dunha cuestión que excede da competencia do xuíz de vixilancia penitenciaria, que non pode obrigar o Sergas a prestar asistencia médica nin a Institucións Penitenciarias a aboar os tratamentos.

Por outra parte, destácase que o conflito tamén existe en relación con pacientes desta enfermidade que non se encontran en prisión; desde logo ningún interno ten máis dereitos (tampouco menos) que os pacientes que non se encontran en prisión, polo que se hai quendas para recibir eses tratamentos deberán facelas como calquera persoa ou de non estaren conformes acudir á vía contencioso-administrativa, que é a competente para resolver a cuestión.

5.8.3. REFERENCIA Á SITUACIÓN DE PRESOS AFECTADOS POR HEPATITE C: DILIXENCIAS INFORMATIVAS 2/2015. BORRADOR DE PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN SANITARIA NESTES CASOS

Reunión sobre hepatitis C e tramitación de dilixencias informativas

Como se deixou indicado no capítulo I desta memoria, o 28.07.2015, o fiscal superior mantivo unha reunión, na propia sede da Fiscalía autonómica, coa denominada Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C, no curso da cal foi informado do problema existente nos centros penitenciarios de Galicia en canto á prestación de medicamentos axeitados para os internos que padecen hepatitis C. A entrevista solicitouna o referido colectivo, que achegou diversa documentación, e o mesmo día da reunión incorporouse unha copia da sentenza núm. 390/2015, do 20.05.2015, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso do TSX de Galicia.

A partir desta entrevista, con data do día seguinte, incoáronse na Fiscalía as dilixencias informativas 2/2015, cuxa tramitación foi dirixida polo propio fiscal superior. Practicáronse as dilixencias que se consideraron oportunas, concretamente, mediante oficios, foilles solicitada aos centros penitenciarios de Galicia información sobre este tema, para que precisasen o número de internos afectados, se os houber, o protocolo existente para subministrar a medicación, os problemas que suscita e as solucións que se consideran axeitadas para unha mellor prestación do servizo sanitario.

Tras a oportuna tramitación, dirixida polo propio fiscal superior, foron terminadas as ditas dilixencias informativas mediante decreto do 17.12.2015, polo que se acordou o arquivamento das actuacións con traslado do actuado á Administración Penitenciaria e á Consellería de Sanidade para os efectos da súa competencia, coa finalidade de “articular unha solución para a dispensa e tratamento dos internos destinados nos centros penitenciarios de Galicia”. Para unha mellor comprensión, incorpórase unha copia do decreto:

“DECRETO DE ARQUIVAMENTO E REMISIÓN

O fiscal, ao abeiro do disposto nos artigos 5 e concordantes do Estatuto orgánico do MF do 30.12.1981, modificado pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, nas dilixencias informativas núm. 2/2015 da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, di:

FEITOS

PRIMEIRO. O 29.07.2015 incoáronse estas dilixencias informativas como resultado da entrevista mantida coa Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C, e para os efectos de analizar os problemas dos internos nos centros penitenciarios de Galicia afectados pola hepatite C e de articular ou xestionar, se é o caso, unha solución para dispoñer a súa dispensa e tratamento.

SEGUNDO. Así pois, practicáronse diversas dilixencias para recibir información dos centros penitenciarios sobre o problema da hepatite C nas prisións de Galicia e o seu tratamento, realizáronse xestións coa Consellería de Sanidade co fin de estudar unha solución viable, analizouse o tema exposto nunha xunta cos fiscais encargados de vixilancia penitenciaria e incorporouse a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Santiago de Compostela sobre unha cuestión puntual de petición de determinados internos. Finalmente, solicitouse a actualización dos datos referidos aos internos dos centros penitenciarios galegos e mantívose unha reunión na Fiscalía Superior con representantes da Plataforma Galega de Afectados pola hepatite C o día 15.12.2015.

TERCEIRO. Do actuado infírese que:

Nos centros penitenciarios de Galicia encóntranse afectados polo virus da hepatite C, a día 15.12.2015, 654 internos, dos cales requiren o novo tratamento farmacolóxico da tripla terapia entre 140 e 165.

A prestación efectúase mediante o traslado dos internos que mostran a súa conformidade a centros penitenciarios da Comunidade de Madrid onde reciben tratamento. Os que non aceptan o traslado non reciben a prestación farmacolóxica dos novos medicamentos, dado que segundo interpretación da Consellería de Sanidade tal prestación e a súa partida económica correspóndelle á Administración Penitenciaria e non á Comunidade Autónoma.

A sentenza do 1.09.2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo Núm. 1 de Santiago de Compostela, no procedemento común ordinario núm. 387/2014, confirma a resolución do 24.02.2014 do Sergas (Servizo Galego de Saúde) que por silencio administrativo denegaba a asistencia (hoxe recorrida no Tribunal Superior de Xustiza con número de recurso de apelación 483/2015, pendente de deliberación). Non obstante, na peza separada de medidas cautelares do procedemento indicado ditouse un auto o 12.11.2014 (confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza en sentenza 309/2015 do 20.05.2015 en recurso de apelación, Sección Primeira da Sala do Contencioso Administrativo) que acolle a solicitude de adopción de medida cautelar

e declara a suspensión do acto administrativo impugnado, que consistía no rexeitamento, por silencio administrativo, da solicitude de dispensa a determinados internos de centros penitenciarios de Galicia da tripla terapia para o tratamento da hepatitis C.

Por outra parte, na reunión dos fiscais de vixilancia penitenciaria de Galicia celebrada o 28.09.2015 tratouse no quinto punto da orde do día o problema suscitado e entenderon todos os asistentes que se trata dunha cuestión que excede da competencia dos xulgados de vixilancia penitenciaria, que non poden obrigar o Sergas a prestar asistencia médica nin a Institucións Penitenciarias a sufragar os tratamentos.

“FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. A dispensa da tripla terapia aos pacientes da Comunidade Autónoma de Galicia, hoxe en fase de tratamento asumido polo Sergas, presenta unha peculiaridade cando se trata de internos dos cinco centros penitenciarios de Galicia: Teixeiro, A Lama, O Pereiro de Aguiar, Bonxe e Monterroso. A diferenza das outras persoas do territorio galego, discútase quen debe dispensar aos internos penitenciarios aos que os servizos médicos lles indiquen o tratamento referido, se o Sergas ou Institucións Penitenciarias, así como quen debe sufragar o tratamento.

SEGUNDO. O preito contencioso-administrativo en trámite, que se refire só a determinados internos, considera como cuestión nuclear determinar se os medicamentos que integran a tripla terapia son de uso hospitalario e por iso lle corresponde ao Sergas dispensalos ou se, pola contra, son de diagnóstico hospitalario e deben ser dispensados por Institucións Penitenciarias. A sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Santiago, hoxe obxecto de recurso ante o Tribunal Superior, chega á conclusión de que é de diagnóstico hospitalario e debe dispensala Institucións Penitenciarias, en sintonía coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-León do 30.06.2015.

A sentenza do 20.05.2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo (que confirmou a medida cautelar do Xulgado de Santiago consistente en que o Sergas dispense a determinados internos o tratamento da hepatitis C mentres se tramita o asunto), advirte que, independentemente da cuestión debatida, está fóra de toda discusión que os internos teñen dereito a recibilo. Engade que a diatriba entre quen debe dispensar o medicamento, a Administración estatal ou a autonómica, e, por conseguinte, correr cos gastos asociados, ten en certo modo un carácter secundario fronte ao dereito á saúde.

TERCEIRO. Independentemente do que resolva a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o certo é que os internos destinados nos centros penitenciarios de Galicia teñen dereito á prestación sanitaria consistente en recibir o tratamento da hepatitis C ao igual que calquera outro cidadán da Comunidade Autónoma. A cuestión de quen debe dispensalo ten un notabilísimo interese xurídico e económico posto que se o debe sufragar Institucións Penitenciarias, como entende a xurisdición contencioso-administrativa, obviamente non o ten que soportar a Comunidade Autónoma. Agora ben, sendo iso relevante

economicamente —ao parecer cada tratamento é de elevado custo, arredor dos 25.000 euros por paciente—, o certo é que talvez se deban encontrar vías de solución e acordos nesta materia entre ambas as administracións, de xeito que, por exemplo, preste o servizo o Sergas e asuma o seu custo económico Institucións Penitenciarias. En calquera caso, esa ou outras solucións son alleas e desfasan as competencias do MF, sen prexuízo da súa actuación nos asuntos contencioso-administrativos que se tramiten.

Conforme co anterior e en virtude do principio de limitación de competencias e máxima imparcialidade, procede, considerando que a cuestión formulada afecta por igual a ambas as institucións, dar conta do actuado e do problema detectado á Administración Penitenciaria e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Ao tempo, e tratándose dun asunto que afecta ao dereito á saúde, cómpre trasladar á Autoridade Autonómica a necesidade de chegar a unha fórmula de solución da dispensa aos internos dos centros penitenciarios de Galicia que o precisen do tratamento contra a hepatitis C.

ACORDO declarar rematadas as dilixencias informativas e ordenar o seu arquivamento; déaselle traslado do actuado á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para os efectos da súa propia competencia. A Coruña, 17 de decembro de 2015. Asinado: Fernando Suanzes Pérez”.

Situación actual: Protocolo para a atención sanitaria destas situacións específicas.

Posteriormente ao exposto, e como froito das xestións e dilixencias anteriores, a Xunta de Galicia comunicou a esta Fiscalía autonómica un borrador de Protocolo para a atención sanitaria de pacientes afectados polo virus da hepatitis C ingresados en centros penitenciarios situados na Comunidade Autónoma de Galicia, para subscribir entre o Sergas, da Consellería de Sanidade da Xunta, e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, do Ministerio do Interior. O referido protocolo dá solución á problemática antes referida e a súa sinatura está prevista para o segundo trimestre deste ano 2016 por parte dos responsables do Ministerio do Interior e da Xunta de Galicia. Achégase o texto deste borrador, para mellor comprensión:

“O presente documento ten por finalidade establecer o procedemento para a prescripción e seguimento por parte dos facultativos do Servizo Galego de Saúde (Sergas) a pacientes afectados polo virus da hepatitis C ingresados en centros penitenciarios que estean situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Malia o anterior, este protocolo non será de aplicación no caso dos internos dos centros penitenciarios das institucións sanitarias que sexan atendidos a través dos servizos centralizados polo Ministerio do Interior no Hospital Gregorio Marañón ou en calquera outro centro que se estableza, sen prexuízo da posibilidade de establecer calquera tipo de colaboración que se considere necesario para estes casos.

1. No inicio do tratamento o facultativo especialista do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta patoloxía realizará unha primeira consulta programada

presencial. Para iso o Ministerio do Interior facilitará o transporte desde os centros penitenciarios dos pacientes que precisen a atención ou seguimento nos centros hospitalarios respectivos, asegurando, durante os traxectos e estancia ou presenza nos centros sanitarios, o concurso das forzas de seguridade do Estado responsables da custodia dos internos no exterior dos establecementos.

Na devandita consulta realizarase por parte do facultativo especialista un informe médico en IANUS que se facilitará impreso ao centro penitenciario, a través do medio que se acorde. Este informe deberá especificar o diagnóstico, tratamento prescrito e duración, así como o plan, probas e requisitos de seguimento.

2. O facultativo especialista do Servizo Galego de Saúde realizará o rexistro desta solicitude de tratamento no sistema VIXIA-HC, ao igual que os datos de finalización de tratamento, coa finalidade de que os datos estean dispoñibles para o rexistro nacional de efectividades. O centro penitenciario deberá facilitar os datos precisos para a mecanización dos que procedan no sistema de rexistro.

3. Ao recibir esta prescrición, o servizo de farmacia do centro penitenciario establecerá o número de envases correspondentes á duración prevista do tratamento e comunicará esta circunstancia á unidade que sexa designada pola Subdirección Xeral de Coordinación de Sanidade Penitenciaria e ao servizo de Farmacia do hospital de referencia para a comprobación no sistema VIXIA-HC.

4. Os medicamentos precisos para este tratamento serán enviados directamente por parte de Institucións Penitenciarias, e quedarán custodiados no depósito de farmacia do Centro penitenciario, circunstancia que será comunicada á farmacia hospitalaria do hospital de referencia tan axiña se produza.

5. O farmacéutico de prisións informará ao servizo de farmacia tanto da data de inicio do tratamento, como do resto de datos que sexan precisos para a súa recollida no sistema de rexistro.

6. Institucións Penitenciarias facilitará a realización das consultas programadas presenciais que sexan precisas, cando así o requira o facultativo especialista do Servizo Galego de Saúde.

7. En todo momento, deberá existir unha coordinación entre o equipo sanitario do Servizo Galego de Saúde co equipo médico e farmacéutico da prisión de cara a reforzar a adherencia e os requisitos de seguimento da terapia. Neste sentido, o equipo sanitario de prisións deberá garantir que as probas de seguimento indicadas polo facultativo do Servizo Galego de Saúde se realizan en tempo e en forma e que se fan chegar os seus resultados ao facultativo prescriptor, ao igual que a información de finalización de tratamento ou calquera motivo da súa interrupción."





CAPÍTULO 3

TEMAS ESPECÍFICOS DE OBRIGADO TRATAMIENTO

SECCIÓN 1 (ÚNICA). DELITOS LEVES, CONSECUENCIAS PROCESUAIS E INCIDENCIA NA ACTIVIDADE DO MF. ESPECIAL REFERENCIA AO PRINCIPIO DE OPORTUNIDADE

1.1. INTRODUCCIÓN: SUPRESIÓN DAS FALTAS E CREACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DELITOS LEVES

1.2. ANÁLISE DA PROBLEMÁTICA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

1.1. INTRODUCCIÓN: SUPRESIÓN DAS FALTAS E CREACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DELITOS LEVES

Como é sabido, a LO 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a LO 10/1995, do 23 de novembro, do CP, publicada no BOE do 31 de marzo e con entrada en vigor o día 1 de xullo do mesmo ano, supuxo a máis profunda das xa numerosas reformas efectuadas no devandito texto punitivo, que afecta, tamén, á LACrim, á LOTC e a outras leis.

Unha das modificacións máis relevantes é, precisamente, a supresión das faltas (antigo Libro III CP) e a correlativa creación de novos delitos, denominados “delitos leves”, para cuxo axuizamento se crea un novo procedemento denominado “xuízos sobre delitos leves” (Libro VI da LACrim), similar á anterior categoría procedemental dos “xuízos de faltas”, pero con modificacións para a súa adecuación á nova categoría delituosa.

A supresión das faltas ben pode dicirse que constitúe unha cuestión clave na xestión do sistema xurídico penal, dado que máis da metade das infraccións cometidas coñecidas son faltas. Así, segundo datos estatísticos do Ministerio do Interior relativos a 2014, dun total de 2.092.040 infraccións penais coñecidas, máis da metade (52,07%) eran faltas (1.089.485).

Nesta liña, o preámbulo da LO 1/2015 realizou unha xustificación da supresión das faltas baseada no principio de intervención mínima: (...) suprimense as faltas que historicamente se regulaban no Libro III do Código penal, se ben algunhas delas se incorporan ao Libro II do Código reguladas como delitos leves. A redución do número de faltas —delitos leves na nova regulación que se introduce— vén orientada polo principio de intervención mínima, e debe facilitar unha diminución relevante do número de asuntos menores que, en gran parte, poden encontrar resposta a través do sistema de sancións administrativas e civís” (parágrafo 4º do apartado I). Obviamente, o obxectivo de política criminal é descargar o sistema xurídico penal de “asuntos menores” e centrar o uso dos recursos na xestión dos “asuntos máis graves”. Despois de sinalar que a reforma se orienta en parte á supresión “daqueloutras infraccións que, pola súa escasa gravidade, non merecen reproche penal” (apartado I); logo indica que “[actualmente]” debe primarse a racionalización do uso do servizo público de Xustiza, para reducir a elevada litixiosidade que recae sobre xulgados e tribunais, con medidas dirixidas a favorecer unha resposta xudicial eficaz e áxil aos conflitos que poidan formularse. Ao tempo, o dereito penal debe ser reservado para a solución dos conflitos de especial gravidade.”

As faltas suprimidas eran infraccións penais leves que, ata a reforma da LO 1/2015, se contraponían aos delitos, que eran infraccións penais menos graves e graves, clasificación que remitía á das penas, con efectos substantivos e procesuais (procedemento para axuizamento, medidas cautelares, prescrición).

Tras a reforma, mantense a clasificación tripartita das infraccións penais, distinguíndose agora entre delitos leves, delitos menos graves e delitos graves. Máis que desaparecer realmente as faltas (só o fan un terzo aproximadamente), o que realmente aconteceu é que boa parte delas se converteron en delitos leves e menos graves, integrados no Libro II do CP. Tampouco desaparecen algunhas consecuencias procedementais da clasificación, dado que non desaparece realmente o xuízo de faltas senón que se aplica como xuízo para delitos leves, aos que engaden aqueles delitos cunha pena que, pola súa extensión, poidan ser clasificados, á vez, como leves e menos graves.

A Circular 1/2015 FXE, do 19.06.2015, referiuse ás pautas para o exercicio da acción penal en relación cos delitos leves tras a reforma penal operada pola LO 1/2015. Como afirma o propio documento, a innovación da reforma do denominado procedemento para o xuízo sobre delitos leves (Libro VI LACrim) radica na inserción do *principio procesual de oportunidade regulada*, co declarado propósito de evitar, na medida do posible, o axuizamento de feitos típicos materialmente intranscendentes. En definitiva, unha medida complementaria, na orde adxectiva, da redución do número de tipos penais de natureza leve efectuada no CP co fin de alixeirar a carga burocrática derivada da tramitación e axuizamento das antigas faltas.

1.2. ANÁLISE DA PROBLEMÁTICA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

Fiscalía Provincial da Coruña

A LO 1/2015 reformou, entre outros, o artigo 963 da LACrim, e outorgou ao MF a posibilidade de solicitar o sobresemento dos procedementos incoados por delitos leves cando concorresen determinadas circunstancias. Posteriormente, a Circular 1/2015 FXE fixou os criterios de interpretación da mencionada norma (principio de oportunidade regulada).

Ata o momento foi moi escasa a aplicación do referido principio aos delitos leves. As pautas fixadas pola circular limitan considerablemente a posibilidade de que o fiscal solicite o sobresemento.

Existen múltiples obstáculos que impiden a aplicación do principio. Moitos xuízos por delito leve refírense a furtos flagrantes, que, segundo a Circular da FXE, quedarían excluídos, posto que adoitan incoarse por mor de denuncia previa. Cométense con moita frecuencia, de xeito que concurría un interese público na súa persecución.

Outro grupo numeroso de delitos leves inclúe feitos perseguibles tras denuncia, en cuxo caso tampouco é posible aplicar o réxime de oportunidade, xa que a Circular o descarta nos delitos leves semipúblicos, polo menos, naqueles en que está dispensado de acudir o fiscal.

Finalmente, a Circular prevé que o fiscal se pronuncie sobre o sobresemento antes do sinalamento do xuízo. Esta circunstancia tamén limita a virtualidade da nova institución, posto que, nun momento posterior, poden suceder feitos relevantes que poñan de manifesto a inexistencia dun interese público relevante na persecución do feito (v. gr., a reparación do dano ou renuncia do prexudicado).

Dos informes solicitados á Fiscalía Provincial da Coruña sobre a aplicación do principio de oportunidade, só un 9% destes foron favorables, debido a que sempre existía denuncia do prexudicado ou responsabilidade civil por satisfacer. Na Fiscalía de Área de Ferrol non se chegou aínda a solicitar o sobresemento de delitos leves por aplicación do principio de oportunidade regrada.

Fiscalía Provincial de Lugo

A reforma do CP operada pola LO 1/2015, do 30 de marzo, supuxo, entre outras importantes modificacións, a supresión como infracción penal da histórica categoría das faltas, de modo que, actualmente, se mantén como única categoría de infracción penal a de delito, subdividida en graos: grave, menos grave e leve, segundo a pena legalmente prevista.

Esta supresión das faltas tivo varias consecuencias. Por un lado, a destipificación de certas condutas por entendérense desaparecidas as razóns de política criminal que motivaran a súa persecución e que supoñen unha perturbación leve da orde xurídica que pode ser resolta noutras xurisdicións. Por outro, a creación da nova categoría de delitos leves, integrada, en parte, por algunhas das condutas que viñan constituíndo faltas.

A mencionada redución do número de faltas, agora tipificadas como delitos leves, pretende un ver o lexislador como unha circunstancia que debe facilitar unha diminución relevante do número de procedementos xudiciais incoados, ao derivarse a súa resposta a un sistema de sancións administrativas e civís.

En canto ás condutas cuxa tipificación se mantén, o lexislador parece pretender, igualmente, unha minoración dos procedementos xudiciais a incoar ou, polo menos, unha simplificación da súa tramitación, mediante a esixencia da denuncia previa da persoa ofendida, como requisito de perseguibilidade, a ampliación da eficacia do perdón do dito ofendido ou a instauración do principio de oportunidade.

Respecto das dúas primeiras vías —o requisito da denuncia previa e o perdón do ofendido— cómpre realizar certas consideracións. En xeral, salvo nos supostos de delitos leves contra o

patrimonio, os delitos leves só se perseguirán mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal, de tal maneira que os que antes eran condutas tipificadas como faltas públicas e, en concreto, faltas contra as persoas, pasaron, agora, a constituíren infraccións semipúblicas. De forma expresa, a exposición de motivos da LO 1/2015 alude a este requisito e sinala con relación aos novos delitos leves de lesións que, en atención á escasa gravidade das lesións e dos maltratos de obra, só van ser perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal. Con iso evítase a situación actual, en que un simple parte médico de lesións de escasa entidade obriga o xuíz de instrución a iniciar todo un proceso xudicial e a citar o lesionado para que acuda obrigatoriamente ao xulgado co fin de facerlle o ofrecemento de accións como prexudicado, cos inconvenientes que iso lle ocasiona. Parece máis axeitado que só se actúe cando o prexudicado interpoña denuncia.

En canto á eficacia do perdón, outórgase en todos os delitos leves perseguibles por instancia do agraviado, ademais daqueles supostos en que a lei o prevexa, de tal maneira que esta causa de extinción que antes se reservaba para as infraccións privadas agora se xeneraliza e esténdese a todos os delitos leves semipúblicos. Se ben ambas as circunstancias implicarían, en principio, unha efectiva diminución da carga de traballo dos órganos xudiciais e do MF, dado que ante uns feitos que, prima facie, puideran conceptuarse como constitutivos dun mero delito leve de lesións, tanto dolosas como imprudentes, a consecuencia sería a incoación dun procedemento de delito leve e o seu inmediato sobresemento en tanto non existise denuncia previa do ofendido ou mesmo o seu inmediato arquivamento definitivo por perdón expreso deste, na práctica estímase preciso modular a dita pauta de actuación propugnada polo lexislador. Así, cando se recibe un parte de lesións, na maioría das ocasións non existen elementos de xuízo abondo para poder cualificar correctamente a conduta que as ocasionou.

Aínda cando se trate “de lesións de escasa entidade”, iso non implica necesariamente que esteamos ante un mero delito leve, dada a xeral ausencia de datos sobre as circunstancias da súa produción, así como acerca do tratamento prescrito para a súa sanidade, polo que se considera precisa, en todo caso, a práctica de determinadas dilixencias de investigación, entre as cales se revelan como fundamentais a emisión do correspondente informe polo médico forense para descartar a necesidade de tratamento médico ou cirúrxico para a súa curación ou a toma de declaración do lesionado que o lexislador quixo evitar. Cómpre lembrar que existen tipos delituosos de lesións ou malos tratos que non requiren da necesidade deses tratamentos médicos ou cirúrxicos para a súa consideración como constitutivos dun delito, como é o previsto no art. 153 do Código penal, o cal ten lugar cando a persoa ofendida sexa algunha das persoas incluídas no art. 173.2 do CP, circunstancia totalmente descoñecida a través do parte de lesións.

De igual xeito, a comisión dunha agresión pode estar asociada a circunstancias que levan consigo a existencia, xunto coa infracción referente ás devanditas lesións, dun delito doutra natureza, por exemplo, un delito de obstrución á Xustiza do artigo 464 ou un delito de atentado do artigo 550 ou un delito de roubo con violencia nas persoas do artigo 242 do Código penal.

Do mesmo xeito, unhas lesións imprudentes poden ser manifestación dunha situación de grave risco para a vida ou integridade física dos traballadores que daría lugar a un delito dos previstos nos arts. 316 a 318 do Código penal. Polo tanto, se tan só se atende a unha valoración inicial do xuíz instructor acerca das mencionadas lesións e a súa consideración pola entidade destas como meramente encadrables nun posible delito leve de lesións, deixaríanse indebidamente de investigar e perseguir feitos constitutivos de delitos menos graves.

A indebida incoación dun procedemento de delito leve levaría consigo, así mesmo, o seu indebido arquivamento definitivo por outorgar indebida eficacia a un posible perdón do ofendido ou, mesmo, por estimarse producida a prescrición da infracción polo transcurso do prazo máis breve dos legalmente establecidos para este efecto. Daquela, considérase que en todos aqueles casos nos cales non pode descartarse a existencia dun delito menos grave, aínda cando se trate “de lesións de escasa entidade”, o procedente sería a incoación dun procedemento de dilixencias previas, o cal comporta a efectiva práctica dunha instrución sumarial, na que se levan a cabo as dilixencias máis perentorias e necesarias, como serían a pertinente toma de declaración do lesionado en calidade de testemuña co fin de que aclare as circunstancias nas cales se produciron as lesións, así como proceder ao seu recoñecemento médico forense. Esta última é unha dilixencia de investigación que, ademais de pertinente para a correcta cualificación xurídica dos feitos, tal e como se dixo anteriormente, ten que ser realizada coa maior brevidade posible, co fin de que o perito poida obxectivar tanto as lesións e a súa entidade, como as posibles secuelas que deriven destas.

De tal xeito, a cualificación dos feitos como un delito leve será pertinente, se for o caso, unha vez rematada a referida investigación ou cando esta non sexa necesaria por estaren determinadas desde un principio todas as circunstancias que rodean os feitos, baseándose, no primeiro caso, no artigo 779.1, 2º e no segundo caso, nos artigos 963, 964 e 965 da LACrim, dispoñéndose, en ambos os dous casos, a inmediata celebración do correspondente xuízo oral. Pola contra, en caso de ser necesaria a práctica dalgunha dilixencia de investigación ou esclarecemento dos feitos, o procedente resulta ser a incoación do correspondente procedemento de dilixencias previas, conforme o disposto no art. 774 LACrim.

O mesmo cabería dicir respecto das lesións ocasionadas por imprudencia, supostos nos cales se descoñece inicialmente en que consistiu a negligencia produtora destas e, con iso, a súa cualificación como constitutivos dunha imprudencia grave, menos grave ou leve. Cómpre lembrar que, para os supostos constitutivos de delito leve por imprudencia menos grave, os artigos 142.2 e 152.2 establecen o requisito de perseguibilidade da denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal, a diferenza do que sucede nos supostos de imprudencia grave, que seguen mantendo a súa condición de delitos públicos perseguibles de oficio.

Por outra parte, aínda cando puidesen cualificarse correctamente os feitos como constitutivos dun delito leve que requira da presentación de denuncia previa, fórmase a cuestión sobre a posibilidade, e con iso a conveniencia, do xuíz instructor de acordar dilixencias de investigación

aínda cando non exista ata o momento a denuncia. Neste sentido, a doutrina e xurisprudencia maioritaria dan unha resposta positiva á práctica de dilixencias sobre a base de considerar que a LACrim permite realizar estas dilixencias necesarias para a comprobación do delito e as súas circunstancias, os seus presuntos responsables e a recollida de efectos, instrumentos ou probas do delito, debendo destacarse como o novo art. 105 da LACrim establece expresamente que “Nos delitos perseguibles por instancia da persoa agraviada tamén poderá denunciar o MF se aquela fose menor de idade, persoa con discapacidade necesitada de especial protección ou desvalida. A ausencia de denuncia non impedirá a práctica de “dilixencias de prevención”. Así mesmo, ten que terse en conta que a ausencia da denuncia inicial é un requisito que pode corrixirse durante todo o proceso e, mesmo, enténdese que tal validación se debe comprender en sentido amplo, abondando, por exemplo, que a persoa agraviada conteste afirmativamente ao ofrecemento de accións, mostrándose parte. Polo tanto, de novo volve xurdir unha nova circunstancia que vén a poñer en dúbida o resultado de economía na instrución sumarial pretendido polo lexislador, ao revelarse en ocasións como necesarias ou convenientes as mencionadas dilixencias de investigación de prevención e sen prexuízo de que, finalmente, se acorde o arquivamento das actuacións pola referida falta de denuncia ou polo perdón do ofendido.

Por último, esta reforma penal e procesual introducida pola LO 1/2015 introduciu, así mesmo, o chamado principio de oportunidade, atribuíndo ao MF a potestade de instar a terminación anticipada do procedemento por razóns de estrita oportunidade. Como sinala a Circular 1/2015 da FXE, o arquivamento por razóns de oportunidade non se circunscribe á modalidade procedemental de axuizamento rápido ou inmediato, senón que se prevé cos mesmos requisitos no axuizamento rápido por citación do xuíz de garda (art. 964.2 LACrim) e no axuizamento ordinario fóra do servizo de garda (art. 965.1.1ª LACrim). Así mesmo, a mencionada Circular establece os criterios que han de rexer a actuación do MF no exercicio desta facultade, debendo atenderse á escasa gravidade do delito, as circunstancias persoais de autor, idade, ausencia de antecedentes, arrepentimento; a ausencia dun interese público na persecución do feito directamente relacionado coa antixuricidade material da conduta e o mantemento da denuncia pola vítima e a ausencia de reparación do dano. Tendo en conta isto e en relación ao xa apuntado con anterioridade, parece conveniente, ademais de limitar a incoación de procedementos por delito leve a supostos en que existan elementos de valoración abondos para unha correcta cualificación dos feitos, constrinxir o uso desta facultade a eses mesmos supostos en que se esgotase a instrución e se conte cos elementos necesarios e suficientes para tomar a dita decisión.

Fiscalía Provincial de Ourense

A reforma operada pola LO 1/2015, no referente ás faltas e á súa persecución, supuxo un cambio radical, tanto no ámbito material (despenalizacións de condutas) como no procesual, que requiren unha reflexión.

Con criterio xeral podemos dicir que non existiu unha disfunción ou problema por parte da Fiscalía Provincial para acometer con solvencia a reforma procesual que crea os delitos leves. A primeira aproximación que é necesario facer é a constatación da diminución deste tipo de procedementos en relación cos antigos xuízos de faltas, tendo en conta que cuantitativamente as modificacións e despenalizacións reducen significativamente estes procedementos. Así mesmo, a reforma dá carta de natureza ao principio de oportunidade regulado no artigo 963 da LACrim.

Para valorar o principio de oportunidade de nova configuración é necesario examinar cal era a situación anterior á reforma sobre este particular. No xuízo de faltas aplicábase con moita frecuencia o principio de oportunidade encuberto en prácticas plenamente coñecidas e consentidas tanto pola Fiscalía como polos respectivos Xulgados de Instrución. En efecto, cando os feitos non revestían gravidade, ou existía unha reparación do dano, ou cando existían circunstancias nos propios feitos ou en calquera das persoas intervinientes neles, que facían que o denunciante non quixese acudir ao acto do xuízo por ser reparado en calquera das súas formas, ou ben cando o feito denunciado por alguén alleo ao prexudicado facía que este non tivese interese en acudir a xuízo, o fiscal, cunha valoración de oportunidade encuberta pedía a celebración do xuízo de faltas a pesar de encontrarse citado o denunciante ou prexudicado e incomparecido sen alegar causa para iso. A consecuencia da non comparecencia do denunciado/prexudicado era a petición de absolución sen máis polo fiscal por non quedaren acreditados os feitos denunciados. Só cando existía un interese relevante, como por exemplo podían ser as situacións de afectación directa ou indirecta de menores ou persoas necesitadas de especial protección, solicitábase a suspensión do acto do xuízo de faltas con nova citación cos apercibimentos legais. Desta operativa que se daba na realidade estábase dando carta de natureza cunha situación “de feito”, extra muros do procedemento ao principio de oportunidade.

Comprendida a situación posta de manifesto, xa non parece tan innovadora ou revolucionaria a aparición do principio de oportunidade no xuízo sobre delitos leves, e desde logo os fiscais desta Fiscalía estaban operando nesa situación co que o cambio foi máis na letra do ordenamento que na práctica procesual.

É máis, pódese dicir coa escasa experiencia destes últimos meses que o novo sistema de oportunidade reflectido na lei rituaría ten unha maior rixidez que a anterior situación. É necesario un escrito do fiscal para pedir o sobresemento cando o delito leve sexa de escasa gravidade, vista a natureza e circunstancias do feito e as persoais do autor e non exista un interese público relevante de persecución, interese que se considera existente nos delitos leves patrimoniais cando hai reparación do dano e non exista denuncia do prexudicado. Ao

anterior haberá de sumarse a resolución xudicial correspondente. Un exame detido disto esixe que no procedemento de xuízos sobre delitos leves se constatare cumpridamente a natureza do feito e as súas circunstancias, así como as persoais do autor e ademais que conste un dano, que este fose obxecto de reparación, co cal parecen necesarias as constatacións e valoracións dos danos ou prexuízos, e que se chamase ao prexudicado que renunciou, e ademais que este chamamento sexa cronoloxicamente posterior á reparación, ou polo menos á constatación do dano susceptible de reparación, para evitar comparecencias do prexudicado que renuncia ou reclama e despois é reparado. A investigación sobre a plena natureza de feito e as circunstancias persoais dos intervinientes xunto con valoracións de danos, achega de facturas, achega de informes médicos ou forenses, parece ir en contra da natureza sumarísima do procedemento cuxa indubidable vantaxe era que sempre as controversias e valoracións se facían no propio acto da vista, que lembremos pode sinalarse, sen máis, coa recepción da notitia criminis. En definitiva, a valoración do principio de oportunidade require un período instructor mínimo que non parece casar coa natureza do procedemento. Ao anterior, cabe preguntarse se o recurso do art. 963 da LACrim pode facerse valer no propio acto da vista, o que levaría consigo a dúbida de se o procedemento debería rematar por sentenza absolutoria ou por auto de sobresemento nos termos do citado artigo.

Con tal panorama auguramos que o principio de oportunidade que se incardina tras a reforma será aplicado, en canto ao seu espírito, baixo a forma procesual da inasistencia do denunciante-prexudicado ao acto do xuízo cunha supervisión do fiscal manifestada na petición de absolución por non quedaren acreditados os feitos denunciados no xuízo e cun control posterior de corte xurisdiccional sobre atención a esa petición feita polo fiscal. Esta mecánica ben coñecida pola gran maioría dos letrados fai que estes acudan ao fiscal ou ao xuíz manifestando a intención dos denunciante ou os prexudicados de non compareceren, e no caso de que non exista intervención letrada non é infrecuente que os particulares acudan ao fiscal para indicar que “retiran a denuncia”.

En conclusión, pódese dicir que o principio de oportunidade non é novo e que desde logo a súa nova configuración supón unha pequena tramitación procesual que antes se solucionaba de xeito expeditivo, polo que acudir ao sistema de feito anterior vai continuar sendo a tónica xeral para facer valer o principio de oportunidade, xa consagrado na letra da lei.

A irrupción destas fórmulas procesuais, así como as novas categorías de ilícitos, suscitou certas inseguridades no momento inicial, felizmente resoltas na actualidade. A competencia mantense nos xulgados de instrución para o coñecemento e resolución, agás as de violencia de xénero, incluíndo, ante a ausencia de calquera mención específica que lla atribúa a outros órganos, a competencia para a execución.

Cómpre dicir que fronte á recomendación efectuada polo M. Fiscal no seu libro branco de eliminación ou redución deste tipo de infraccións, canalizando estas a normas administrativas, o lexislador fixo oídos xordos a esta consideración, pois malia eliminar o libro terceiro do Código penal desviou o contido deste ao libro segundo considerando que nos encontramos ante delitos leves.

O procedemento podería dicirse que mantén o esquema procesual dos xuízos de faltas, caracterizado como é sabido polo inmediato ou próximo sinalamento da vista oral e pola ausencia de instrución xudicial e fase intermedia, de modo que a concreción da cualificación dos feitos se realiza á finalización do xuízo.

Xunto á introdución do principio de oportunidade, a principal novidade que introduce a reforma é a previsión de citacións por correo electrónico ou por teléfono. É unha medida razoable desde unha perspectiva económica e de axilización procesual, con todo precisa dun extremo coidado para garantir, non só que a citación foi efectivamente recibida polo seu destinatario, senón o seu propio contido, de modo que debe quedar constancia fidedigna do envío, da recepción e do contido, que debe incluír a información necesaria segundo a condición en que sexa citada a persoa en cuestión, por iso a situación que crea é especialmente delicada, ante a operatividade usual dos órganos xudiciais nesta materia.

Na tramitación en si distínguense dous supostos:

- Delitos leves de lesións, malos tratos, furto flagrante, ameazas, coaccións e injurias cando se inicie a causa por atestado policial (art. 962 e 963): ao modo das antigas faltas rápidas, ao elaborar o atestado a policía cita ante o xulgado de garda a denunciante, denunciado, ofendidos prexudicados e testemuñas, coas oportunas informacións de dereitos e apercibimentos. O xulgado ao recibir o atestado pode: a) sobreselo; b) inhibirse ao xulgado que corresponda en virtude de regras de competencia e repartición; c) celebrar de modo inmediato o xuízo (agás necesidade de suspensión por probas imprescindibles ou outras razóns). A selección efectuada nos ilícitos non é doada de entender, pois as lesións frecuentemente requirirán actuacións que obriquen a esperar, e por outra parte existen outros delitos leves patrimoniais de doado axuizamento inmediato; sen dúbida ningunha a práctica empeza a modificar este criterio de atribución procedemental ampliándoo.
- Delitos leves distintos dos anteriores en todo caso e os mencionados cando a denuncia

se interpoña directamente no xulgado de garda; neste caso do mesmo xeito pode acordar o seu sobresemento ou a inhibición ao xulgado que corresponda, a diferenza reside en que se é o competente para celebralo e non procede sobreseer, é o propio xulgado o que sinalará a vista e citará partes e testemuñas, preferentemente mentres dure o servizo de garda e, se non fose posible, para o día hábil máis próximo cun prazo máximo de sete días.

Cando o xulgado de instrución recibe o asunto remitido polo xulgado de garda procederá á súa vez a realizar o sinalamento e citacións ou a sobreselelo. A fórmula reduciu as posibilidades de celebración de verdadeiras faltas inmediatas, non obstante estas seguiron celebrándose como se o sistema non existise, entre outras causas porque nalgúns lugares do territorio son retribuídas como se se tratase dunha garda, e esta retribución supón que un só día de xuízos teña a mesma contía económica que unha semana completa de garda.

O réxime transitorio (DT cuarta): non presentou problemas de tramitación respecto aos xa iniciados por faltas despois tipificadas como delitos leves, se ben neste período foi preciso modificar algunhas fórmulas:

1) Xuízos xa iniciados por faltas que se tipifican como delito leve: “A tramitación dos procesos por falta iniciados antes da entrada en vigor desta lei, por feitos que resultan tipificados como delitos leves, continuará tramitándose conforme o procedemento previsto para o xuízo de faltas no Libro VI da vixente LACrim.”

Si suscitaron máis problemas de interpretación os derivados de faltas sometidos a previa denuncia cando esta non existise, de forma que co fin de non considerar de diferente condición os denunciados e os non-denunciados por idéntico feito, ditáronse ordes precisas desde a Fiscalía, que resultaron erráticas, ao seren posteriormente interpretadas pola instrución da FXE, que as considerou destipificadas.

2) Xuízos xa iniciados por faltas que se despenalizan: “A tramitación dos procesos por falta iniciados antes da entrada en vigor desta lei por feitos que resultan por ela despenalizados ou sometidos ao réxime de denuncia previa, e que leven aparelada unha posible responsabilidade civil, continuarán ata a súa normal terminación, salvo que o lexitimado para iso manifeste expresamente non querer exercer as accións civís que lle asistan, en cuxo caso se procederá ao arquivamento do actuado, co visto do MF. Se continuase a tramitación, o xuíz limitará o contido da resolución ao pronunciamento sobre responsabilidades civís e custas, ordenando a execución consonte o disposto na LACrim.”

En todo caso a situación foi certamente efémera, e asentada a doutrina xeral desde a FXE modificamos os nosos criterios sen demasiada incidencia.

No que ao principio de oportunidade se refire, escasa foi a súa incidencia, tendo en conta o constringido da súa implantación legal só nos supostos do artigo 963.1.1 da LACrim. Supón decretar o sobresemento nos supostos en que os pida o fiscal en delitos leves, de moi escasa gravidade, valorando a natureza do feito, e as circunstancias persoais de autor, sempre que non exista interese público relevante na persecución do feito. Define ademais a inexistencia de interese público relevante cando se tivese procedido á reparación do dano e non exista denuncia do prexudicado.

Como se advirte, a dinámica de requisitos e a realidade diaria afogan esta posibilidade, pois os intervenientes rara vez se relacionan con antelación ao xuízo. Por outro lado non prevé a norma a posible remisión a un proceso mediador, onde en moitos destes supostos desde o primeiro momento a relevancia do interese público podería esvaecerse, ante a reparación previa ou o compromiso futuro de reparación, que supoñería a posibilidade dunha acusación diferida no tempo ou, de ser o caso e de forma inmediata, a non acusación.

Porén, como poñiamos de manifesto, rodéase a oportunidade dunha suma de requisitos: solicitude do fiscal, feito de escasa gravidade, natureza e circunstancias do seu autor, inexistencia de interese público na súa persecución, todos eles de valoración subxectiva, que só se converte en regulada no suposto dos delitos patrimoniais; non obstante, aínda cando os requisitos responden a unha rotunda lóxica xurídica de reparación e ausencia de denuncia que supón unha falta xa de interese privado na persecución, diciamos que na realidade diaria o sinalamento do feito fai que as partes cheguen ao acto do xuízo sen relación previa, que o prexudicado acuda só coa denuncia derivada do atestado, que xa sabemos que ten o valor de tal requisito, de forma que unha vez alí e abocado ao xuízo, só unha suspensión para establecer a relación entre as partes para proceder á reparación podería levar a esta. Con todo, esta reparación non se produce, pois as partes acusadoras ou denunciante, unha vez chegadas ao xuízo e sen relación previa, prefiren rematar este e a fórmula máis sinxela adoita ser rematalo reclamando unha solución xudicial, que ten a vantaxe engadida de facer innecesaria unha nova visita ao xulgado.

En síntese, a situación rara vez se produce, pois ademais conta cunha sinerxía contraria nos órganos xudiciais, e o exceso de traballo nos períodos de garda, así como a falta dun método procesual axeitado, fan que a mecánica ritual siga sendo a mesma, en prexuízo indirecto do cidadán, que non se beneficia da situación creada, xa que a súa presenza no órgano xudicial xera a intención de solucionar o seu problema, e o fiscal vese abocado directamente ao xuízo, sen máis parámetros que a lei, onde por outra parte se sente máis cómodo, e de aquí que a solución ao conflito social se aloxe habitualmente nunha sentenza.

En calquera caso, nin a oportunidade nin a modificación de carácter material e procesual supuxeron unha descarga da nosa presenza nin da propia Administración de Xustiza, que manexa idénticos niveis de intensidade e presenza, afogada en ilícitos frecuentemente bagatelas, cuxa resolución é máis propia da Administración ou, se for o caso, de fórmulas de xustiza restaurativa ou reparadora, á que se refire o propio Código penal no seu artigo 80 sen que exista ningunha fórmula de desenvolvemento de tal actividade, que permita exercitala axeitadamente.





CAPÍTULO 4

PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS

SECCIÓN (ÚNICA): PROPOSTA DE REFORMA LEXISLATIVA DOS ARTIGOS 588 QUATER B) E 588 QUINQUIES B) DA LACRIM

Independentemente das propostas de reforma realizadas nas memorias das fiscalías provinciais de Galicia, esta Fiscalía autonómica quere salientar a seguinte proposta —cuxo texto se reproduce literalmente— contida na memoria da Fiscalía Provincial de Pontevedra, da que é autor o fiscal don Luis María Uriarte Valiente, fiscal delegado da Fiscalía Antidroga na devandita Fiscalía.

“A reforma levada a cabo na nosa Lei de axuízamento criminal mediante Lei orgánica 13/2015, do 5 de outubro, supuxo en moitas cuestións a adaptación da nosa Lei de ritos ás esixencias técnicas de investigación dos delitos propias do século XXI. Asemade, serviu tamén para adaptar a nosa regulación, nalgúns temas, ás necesidades que a protección dos dereitos fundamentais viña xa demandando desde hai algúns anos. Así e todo, a complexidade técnica da materia regulada, xunto coa grande amplitude e novidade da reforma, viñeron a poñer de relevo a necesidade de realizar pequenos axustes da regulación, ao terse comprobado, coa súa posta en funcionamento, que esta ambiciosa e esperada reforma supuxo, ao propio tempo, a indesexable limitación e entorpecemento dalgunhas medidas de investigación criminal que xa se viñan utilizando con grande éxito na instrución penal das formas máis graves de delincuencia.

Referirémonos brevemente neste informe a dúas importantes carencias que puidemos detectar e que entendemos que demandan reformas da lei para facilitar a súa aplicación, en beneficio último da persecución das formas máis graves de delincuencia.

En primeiro lugar, entendemos que procede a reforma do artigo 588 quater b), que regula os presupostos que deben concorrer para a autorización da captación e gravación de comunicacións orais mediante a utilización de dispositivos electrónicos. A devandita reforma debería concretarse no establecemento dun prazo máximo de duración da medida.

Esta proposta vai intimamente ligada á interpretación que se faga acerca da natureza e alcance desta nova medida de investigación tecnolóxica. Efectivamente, o artigo 588 quater b) prevé a posibilidade de autorizar a gravación de comunicacións orais con relación a “un ou varios encontros concretos do investigado con outras persoas”, o que dá lugar a dúas posibles interpretacións: a primeira delas —que parece ser a pretendida polo lexislador—, que a sonorización de ambientes está prevista para unha entrevista concreta que puidesen ter os investigados, o que xustificaría que non se fixase un prazo de duración. A segunda, que se poidan sonorizar ambientes para os diversos encontros que cun alto grao de previsibilidade vaian ter os investigados nun lugar determinado, como podería ser o vehículo utilizado habitualmente polo sospeitoso, suposto este en que si se botaría de menos a fixación de límites máximos de duración da medida.

Entendemos que resultaría necesaria a fixación dun prazo máximo de duración e, con iso, a aclaración da interpretación que debe darse ao alcance da medida. Isto é así porque a primeira das interpretacións ás que antes aludiamos —sonorización dunha entrevista concreta— levaría á práctica inutilidade da medida de investigación, xa que a experiencia práctica puxo de relevo que resulta francamente difícil, se non imposible, a previsión dunha entrevista concreta coa antelación suficiente que permita a instalación subrepticia dos dispositivos de gravación; pola contra, a sonorización continuada no tempo de lugares habitualmente utilizados polos investigados para as súas reunións —como un vehículo—, ademais de ofrecer posibilidades técnicas de realización, ten resultados tremendamente frutíferos nas investigacións.

En consecuencia, se se quere explotar ao máximo unha ferramenta de investigación tan interesante como a que aquí se regula, non cabe dúbida de que debería preverse a posibilidade da súa utilización durante períodos de tempo concretos e, polo tanto e ao mesmo tempo, debería establecerse un límite máximo de duración.

En segundo lugar, propoñemos a reforma do artigo 588 quinquies b) da lei, que regula a utilización de dispositivos ou medios técnicos de seguimento e localización, no sentido de incluír na previsión legal a posibilidade de que a devandita utilización poida tamén ser autorizada polo MF.

O motivo da nosa proposta non é outro que o de contribuír con ela a axilizar o desenvolvemento de investigacións penais, agora entorpecidas nalgúns casos coa nova previsión, buscando ademais a congruencia da regulación coa pretendida tendencia do noso sistema procesual penal cara a un sistema acusatorio máis definido. Como fundamento do anterior, abonde atender á seguinte situación que na actualidade se está a producir.

En numerosos casos de persecución das formas máis graves de delincuencia organizada (corrupción ou tráfico de drogas), hoxe en día, as investigacións estanse a iniciar desde as propias Fiscalías. Unha das maiores vantaxes que leva consigo o control da investigación desde o seu inicio polo MF é que as habituais medidas de investigación restritivas de dereitos fundamentais que adoitan acordar os xuíces de instrución (intervencións telefónicas, fundamentalmente) son controladas desde un inicio polo MF que, desta forma, prevé o xuíz dunha investigación suficientemente fundamentada que servirá para evitar eventuais nulidades da medida no xuízo oral. Agora ben, para solicitar indicios obxectivos abondos que poidan fundamentar unha medida restritiva de dereitos fundamentais resulta indispensable someter os investigados a seguimentos policiais, e estes seguimentos, cando se trata de criminalidade organizada e profesionalizada, requiren sempre da utilización de dispositivos técnicos de seguimento e localización.

En consecuencia, ao esixirse agora autorización xudicial para o uso de tales dispositivos, estase a subtraer a investigación ao MF desde os seus mesmos comezos, ao ter que acudir a policía ao xuíz nos primeiros momentos da investigación co fin de que autorice os dispositivos, debendo cesar o fiscal nas súas dilixencias unha vez xudicializada a investigación. Esta situación, tan

pouco acorde, como se dicía, coa pretendida orientación do noso sistema procesual cara á investigación do MF, podería doadamente revertirse se se establece no precepto cuxa reforma se propón a posibilidade de que a utilización de tales dispositivos de seguimento e localización poida ser tamén autorizada polo MF.

Deste xeito, atribuíríase ao MF unha facultade indispensable para que as investigacións policiais puidesen arrancar, non como agora que, ao ter que iniciarse cunha autorización xudicial, se impide o desenvolvemento de investigacións preprocesuais do MF. Ademais, con esta medida, potenciaríase igualmente o protagonismo do MF na cooperación xudicial internacional, ao poder tramitar, sen necesidade de remitir o expediente aos órganos xudiciais, comisións rogatorias pasivas que teñen por obxecto exclusivo a autorización do uso de tales dispositivos, cada vez máis frecuentes.”





ANEXO

ABREVIATURAS MÁIS FRECUENTEMENTE CITADAS

AdX: Administración de Xustiza.
AP: Audiencia Provincial (**AAPP:** Audiencias Provinciais).
APca: Administración Pública (**AAPPcas:** Administraciones Públicas).

BOE: Boletín Oficial del Estado.

CA: Comunidade Autónoma (**CCAA:** Comunidades Autónomas).
CC: Código Civil (RD 24 de xullo de 1889).
CE: Constitución Española, de 27 de decembro de 1978.
CGM: Consello Galego das Mulleres.
CMC: Comisión Mixta de Coordinación entre o Ministerio Fiscal e a Xunta de Galicia.
CP: Código Penal (Lei Orgánica – LO – 10/1995, de 23 de novembro)
CPAPX: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
CXPX: Consello Xeral do Poder Xudicial.

DI: Dilixencias informativas.
DINF: Delincuencia informática
DIP: Dilixencias de investigación penal.
DOG: Diario Oficial de Galicia.
DP: Dilixencias previas de procedemento abreviado (PA).
DU: Dilixencias urxentes de xuízo rápido .
DXX: Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

ESTR: Estranxeiría
EXE: Expediente xudicial electrónico.
EOMF: Lei 50/1981, de 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal .

FA: Fiscalía de Área (**FFAA:** Fiscalías de Área).
FCA: Fiscalía de Comunidade Autónoma.

FFCCS: Forzas e Corpos de Seguridade.
FP: Fiscalía Provincial (**FFPP:** Fiscalías Provinciais).
FXE: Fiscalía Xeral del Estado.

LAC: Lei de Axuizamento Civil (Lei 1/2000, de 7 de xaneiro).

LACrim: Lei de Axuizamento Criminal, aprobada por Real Decreto (RD) de 14 de setembro de 1882

LAECSP: Lei 11/2007, de 22 de xuño, *reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos*.

LOEX: Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, *sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social*.

LOXP: Lei Orgánica 1/1979, de 26 de setembro, *Xeral Penitenciaria*.

LOMPVX: Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, *de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género*.

LOPX: Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, *do Poder Xudicial*.

LOPXM: Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, *de Protección Xurídica do Menor. usas criminais*.

LORPM: Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, *reguladora da responsabilidade penal de dos menores*.

LOTX: Lei Orgánica 5/1995, de 22 de maio, *do Tribunal do Xurado*.

LUTICAX: Lei 18/2011, de 5 de xullo, *reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza*.

MAU: Medio ambiente e urbanismo

ME: Menores

MF: Ministerio Fiscal

MFI: Mediación familiar intraxudicial

MINT: Ministerio do Interior

MXU: Ministerio de Xustiza

OGVX: Observatorio Galego de Violencia de Xénero

PA: Procedemento abreviado

PNX: Punto Neutro Xudicial

PO: Procedimiento ordinario

PX: Procedemento do Tribunal do Xurado.

RD: Real Decreto

RDL: Real Decreto-Lei

Rede SIMF: Rede del Sistema de Información do MF

RPT: Relacións de postos de traballo.

SIMF: Sistema de Información do Ministerio Fiscal.

SL: Sinistralidade laboral.

ST: Sección Territorial dunha Fiscalía Provincial (v.gr.: ST de Monforte de Lemos, integrada na Fiscalía Provincial de Lugo).- (**SSTT:** Seccións Territoriais de Fiscalías Provinciais).

STC: Senteza do Tribunal Constitucional (**SSTC:** Sentenzas do Tribunal Constitucional).

STS: Sentenza do Tribunal Supremo (**SSTS:** Sentencias del Tribunal Supremo).

SU: Sumario

SV: Seguridade viaria

TC: Tribunal Constitucional.

TCu: Tribunal de Contas.

TEDH: Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación.

TS: Tribunal Supremo.

TX: Tribunal do Xurado.

TSX: Tribunal Superior de Xustiza

VD: Violencia doméstica

V.I.: Variación interanual

VP: Vixilancia Penitenciaria

VX: Violencia de xénero.

XdG: Xunta de Galicia

XI: Xulgado de Instrucción (**XXII:** Xulgados de Instrucción).

XP: Xulgado do Penal (**XXPP:** Xulgados dfo Penal).

XR: Xuizo rápido

- ¹ **SIMF**: Sistema de Información do MF. Está integrado polos sistemas de xestión procesual (Fortuny —aplicación estatal— e outros autonómicos) e o sistema único centralizado de información e consulta da FXE (o actual SICC).
- RICEMF**: Rede Integrada de Comunicacions Electrónicas do MF.
 - CENICEM**: Comisión Nacional de Informática e Comunicacions Electrónicas do MF.
 - Posteriormente, no ano 2010 foi creada a Rede de Responsables do SIMF (Rede SIMF), integrada por fiscais e funcionarios responsables, como elemento estrutural de impulso ao SMIF.
- ² Aínda que, segundo as estatísticas anuais das fiscalías provinciais, a **cifra total de pendencia a 1 de xaneiro de 2015** sería a de 55.320 (27.555 na Coruña, 9.061 en Lugo, 4.560 en Ourense e 14.144 en Pontevedra), optouse por facer constar a cifra depurada que figura na nosa Memoria do ano anterior como pendentes a día 31 de decembro de 2014: **24.569** de cifra total, coa distribución provincial que se indica. Fíxose así para facer cadrar os datos conforme á operación “procedementos tramitados (pendentes ano anterior, incoados e reabertos) - rematados = pendentes a final de ano”. De acordo coa **estatística xudicial** (PNX) sería **30.841** a cifra total de dilixencias previas pendentes no inicio do ano no conxunto dos xulgados de primeira instancia e/ou instrución (29.342) e nos xulgados de VSM (1.499), cun descenso interanual de -5.846 (-15,93%).
- ³ Consta a cifra de **61.460 na estatística anual 2015 da Fiscalía Provincial da Coruña**. A cifra dise extraída da estatística xudicial (PNX), pero pareceunos moi alta con respecto á do ano pasado (53.860) e, ademais, moi elevada con respecto á súa cifra de incoadas no ano con entrada na Fiscalía (46.013). Nas outras tres fiscalías provinciais, están moito máis igualadas ambas as dúas cifras (só algo menos a cifra de ingresadas). Por tal razón, buscouse novamente **por Fortuny o dato estatístico de incoadas no ano na Coruña** e, a data do 23.04.2016, o dato que ofrece é **só 50.433, que é o que ten consignado na táboa**. En todo caso, a cifra de **DP incoadas en 2015 na provincia da Coruña, segundo a estatística xudicial** (PNX) é de **65.425**, suma de 64.223 nos xulgados mixtos e de instrución e de 1.202 nos xulgados de VSM.
- ⁴ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **184.122** a cifra total de dilixencias previas incoadas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (180.467), máis nos XXVSM (3.655). No ano 2014 a cifra equivalente fora de 192.052, o que supón un descenso interanual de 7.932 **(-4,13%)**.
- ⁵ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **2.915** a cifra total de dilixencias previas reabertas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (2.103), máis nos XXVSM (23).
- ⁶ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **217.089** a cifra total de dilixencias previas tramitadas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (211.912) e de XXVSM (5.177), cun descenso interanual de **-14.272** (-6,17%).
- ⁷ As cifras que se reflicten como pendentes a final de ano son as que resultan da operación “procedementos pendentes a final de ano = (tramitados-terminados). Desta forma, consta a cifra de 16.363 dilixencias previas pendentes a final de ano (con descenso de -8.206=-33,40), bastante lonxe das 42.354 que resultan dos datos facilitados neste apartado polas fiscalías provinciais. Conforme a **estatística xudicial** (PNX) sería 29.674 a cifra total de dilixencias previas pendentes a final de ano no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (28.165), máis nos XXVSM (1.509), con descenso de -7.013 (-19,11%).

- ⁸ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería 187.415 a cifra total de dilixencias previas terminadas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (183.747), máis nos XXVSM (3.668), cun descenso interanual de -7.259 (-3,73%).
- ⁹ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **217.089** a cifra total de **dilixencias previas tramitadas** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución —211.912—, máis nos XXVSM —5.177— (suma de pendentes de ano anterior, incoadas e reabertas no ano), con descenso interanual de -14.272 **(-6,17%)**. A **distribución** desa cantidade é a seguinte: **30.841 pendentes do ano anterior, 184.122 incoadas e 2.126 reabertas** no ano. Segundo a mesma fonte, a cifra total de **terminadas** é de **187.415**, polo que a cifra de pendentes é 29.674.
- ¹⁰ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **9.008** a cifra total de procedementos abreviados incoados no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (8.045), máis nos XXVSM (963), cun descenso interanual de -1.022 (-100,19%).
- ¹¹ Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería **15.262** a **cifra total de procedementos abreviados tramitados** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución —13.832—, máis nos XXVSM —1.430— (suma de pendentes de ano anterior, incoados e reabertos no ano); cun descenso interanual de -1.429 (-8,56%). A **distribución desa cifra total** é a seguinte: 6.075 pendentes de ano anterior, 9.008 incoados e 179 reabertos. Segundo a mesma fonte, consta a cifra total de 9.560 rematados, cun descenso de -652 (-6,38%); polo que a cifra total de pendentes ao final do ano é de 5.702 (tramitados – terminados = pendentes), cun descenso de -777 (-11,99%).
- ¹² Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) sería de **9.187** a cifra total de **dilixencias urxentes tramitadas** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución, máis nos XXVSM (suma dos pendentes do ano anterior, os incoados e os reabertos no ano); cun descenso interanual de -800 (-8,01%). A **distribución** desa cifra total é a seguinte: 102 pendentes de ano anterior, **9.053 incoados** e 32 reabertos. Segundo a mesma fonte, consta a cifra total de 9.091 terminados, polo que a cifra de pendentes a final de ano é de 96 (tramitadas – terminadas = pendentes).
- ¹³ A diferenza do que acontece co modelo estatístico da Fiscalía da CA de Galicia, neste modelo das Fiscaleías Provinciais non aparece este apartado de “remitidas a outra Fiscalía” (equivalente a “inhibición”). Posiblemente este dato específico se atope incluído no de “arquivadas”.
- ¹⁴ Téñase en conta que os delitos cualificados, sobre todo en procedementos para o axuízamento destes delitos, poden corresponder a delitos incoados en anos anteriores.
- ¹⁵ Na memoria do ano anterior, relativa a 2014, consignárase a cifra de 129 ilícitos neste apartado. Posteriormente, comprobouse que realmente só era 1, dado que había un erro nunha táboa estatística provincial, ao incluír, en lugar da cifra 0, a de 128, que correspondía a un delito anterior na táboa estatística (erro informático de “copia e pega”).
- ¹⁶ Anterior tipo delituoso equivalente: “corrupción entre particulares”.

- 17 Na memoria do ano anterior, como consecuencia do erro aclarado na nota anterior, fixérase constar a cifra total de 412 delitos incoados, erro que agora se corrixe facendo constar a cifra correcta, 288.
- 18 Na memoria do ano anterior, relativa a 2014, consignárase a cifra de 129 ilícitos neste apartado. Posteriormente, comprobouse que realmente só era 1, dado que había un erro nunha táboa estatística provincial, ao incluír, en lugar da cifra 0, a de 128, que correspondía a un delito anterior na táboa estatística (erro informático de “copiar e pegar”).
- 19 Na memoria do ano anterior, como consecuencia do erro aclarado na nota anterior, fixérase constar a cifra total de 412 delitos incoados, erro que agora se corrixe facendo constar a cifra correcta, 288.
- 20 Na memoria do ano pasado, relativa a 2014, consignárase a cifra de 93 delitos neste apartado. Posteriormente, comprobouse que realmente a cifra era 0, dado que había un erro nunha táboa estatística provincial, ao incluír, en lugar da cifra 0, a de 93, que correspondía a un delito anterior na táboa estatística (erro informático de “copiar e pegar”).
- 21 Na memoria do ano pasado, como consecuencia do erro aclarado na nota anterior, fixérase constar a cifra total de 93 delitos cualificados, erro que agora se corrixe facendo constar a cifra correcta, 24.
- 22 Información provisional xaneiro-decembro, pendente das cifras definitivas do “Anuario de Sinistralidade Laboral 2015”.
- 23 Todos estes delitos están situados dentro do título XVI do libro II do CP, artigos 319 a 340, baixo a rúbrica *“Dos delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o medio ambiente”*.
- 24 Estes delitos están situados fóra do título XVI do libro II do CP, concretamente dentro do título XVII do mesmo libro (*“Dos delitos contra a seguridade colectiva”*), na sección 2ª do seu capítulo II (art. 352-355).
- 25 Examínase o referido período, dado que o delito de que se trata foi introducido no CP polo 5/2010, do 22 de xuño, con entrada en vigor o 23.12.2010
- 26 Non existen datos estatísticos precisos respecto dos anos 2008 ao 2010.
- 27 Segundo a estatística xudicial (PNX) a cifra de expedientes de reforma (ER) ingresados nos Xulgados de Menores de Galicia en 2015 é de 825. Conforme a mesma fonte xudicial, a cifra total de ER tramitados sería de 1.271, suma dos 825 ingresados ou incoados, xunto cos 443 pendentes do ano anterior e 3 reabertos. Desá cifra de tramitados foron rematados ou resoltos un total de 906, quedando a final do ano 341.
- 28 Da estatística fiscal, en cambio, resulta unha cifra de 1.271 ER tramitados, como se deixou indicado na nota anterior.



**Fiscalía Superior
da Comunidade Autónoma de Galicia**